



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Número 13  
18 de abril de 2024

Fascículo 1



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

##### 1.4.4.1.1. Preguntas orais

#### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

##### I 1384 (12/POP-000202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o papel que está a xogar a Xunta de Galicia no debate sobre o futuro da política de cohesión da Unión Europea para o seguinte período

[3412](#)

#### Admisión a trámite e publicación

##### I 957 (12/POP-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia

[3414](#)

##### I 962 (12/POP-000130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que desenvolveu a Xunta de Galicia para evitar o abandono do servizo de alimentación a domicilio no concello de Ourense

[3417](#)

##### I 966 (12/POP-000131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás solicitudes de mellora das instalacións e obras de eficiencia enerxética no CEIP Nosa Señora do Remedios, de Ponteareas

[3420](#)

##### I 973 (12/POP-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para garantir a actividade pesqueira e a protección do ecosistema ante a implantación de instalacións eólicas mariñas nas nosas costas

[3424](#)

##### I 976 (12/POP-000133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as actuacións da Xunta de Galicia realizadas con anterioridade a 2023 para comprobar o estado da ponte pola que transcorre a estrada OU-536 no concello de Xunqueira de Espadanedo [3428](#)

**I 983 (12/POP-000134)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do exercicio das súas competencias para impulsar unha mellora dos servizos ferroviarios de Lugo [3430](#)

**I 985 (12/POP-000135)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Fouz, Javier e 8 máis**

Sobre o balance da implantación da Alianza Galega polo Clima e as perspectivas que presenta para o futuro [3433](#)

**I 987 (12/POP-000136)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Santamaría González, Raúl e 9 máis**

Sobre o balance do funcionamento do sistema de acceso de visitantes ao illote Areoso, na ría de Arousa, desde a súa posta en marcha [3435](#)

**I 989 (12/POP-000137)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Fouz, Javier e 8 máis**

Sobre o orzamento destinado polo Goberno galego á segunda convocatoria do programa de avais públicos dirixido a menores de 36 anos para a compra da súa primeira vivenda [3437](#)

**I 991 (12/POP-000138)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Fouz, Javier e 8 máis**

Sobre o número de concellos beneficiados en 2024 pola orde de axudas da Xunta de Galicia para a corrección dos impactos paisaxísticos negativos provocados por edificacións de propiedade municipal [3439](#)

**I 993 (12/POP-000139)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Arias Fouz, Javier e 8 máis**

Sobre o balance da actividade da Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo desde a súa posta en marcha [3441](#)

**I 999 (12/POP-000140)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro [3443](#)



**I 1005 (12/POP-000141)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o comedor que comparten os centros EEI Concepción Crespo Rivas e CEIP Campolongo, de Pontevedra [3446](#)

**I 1018 (12/POP-000142)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a pertinencia do uso dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para subvencionar eventos como a «cea para mulleres» convocada para o mes de maio en Cerdedo-Cotobade [3449](#)

**I 1023 (12/POP-000143)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a suficiencia da partida orzamentaria da Xunta de Galicia destinada á loita contra o narcotráfico [3451](#)

**I 1030 (12/POP-000144)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a previsión que ten o Goberno galego ante a posibilidade de impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática orientado ao recoñecemento do papel da muller na loita pola democracia e a autonomía en Galicia [3454](#)

**I 1037 (12/POP-000145)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a aplicación do acordo acadado no Parlamento de Galicia en marzo de 2008 verbo da retirada da simboloxía e da nomenclatura franquistas aínda presente nos edificios públicos [3456](#)

**I 1046 (12/POP-000146)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres [3458](#)

**I 1054 (12/POP-000147)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos [3461](#)

**I 1058 (12/POP-000148)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**



**Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a consideración do Goberno galego referida á extensión aos mestrados, igual ca nas titulacións de grao, da gratuidade das primeiras matrículas [3463](#)

**I 1064 (12/POP-000149)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a política actual do Goberno galego para o desenvolvemento da enerxía eólica [3466](#)

**I 1070 (12/POP-000150)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia [3470](#)

**I 1076 (12/POP-000151)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática [3473](#)

**I 1082 (12/POP-000152)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas excepcionais que prevé adoptar o Goberno galego ante os graves prexuízos que está a provocar o exceso de chuvias das últimas semanas no sector do cereal da comarca da Limia [3476](#)

**I 1088 (12/POP-000153)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a diagnose da situación laboral da muller en Galicia [3478](#)

**I 1093 (12/POP-000154)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da actualización e execución do proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra [3481](#)

**I 1098 (12/POP-000155)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas [3484](#)

**I 1110 (12/POP-000156)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara



Sobre o diagnóstico previo á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común recollido no libro branco no que traballa o Goberno galego [3486](#)

**I 1117 (12/POP-000157)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia [3489](#)

**I 1124 (12/POP-000158)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego relativas aos danos ocasionados polas enchentes do Miño e do Tea nas comarcas do Condado, A Paradanta e A Louriña en novembro e no Nadal de 2023 [3492](#)

**I 1129 (12/POP-000159)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa mellora da atención nos centros de saúde das comarcas do Condado e da Paradanta [3495](#)

**I 1144 (12/POP-000161)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego referidas á dotación dunha partida orzamentaria para sufragar a primeira fase das obras de dragaxe do río Lérez en Pontevedra [3498](#)

**I 1150 (12/POP-000162)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o funcionamento da Comisión de Lactancia Materna da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras [3502](#)

**I 1155 (12/POP-000163)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas da comunidade educativa do IES A Sardiñeira e da veciñanza do Novo Mesoiro, na Coruña [3505](#)

**I 1161 (12/POP-000164)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a postura que mantén a Xunta de Galicia verbo da tributación de Reganosa no Concello de Mugardos [3509](#)

**I 1165 (12/POP-000165)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de sinistralidade laboral

[3513](#)

**I 1170 (12/POP-000166)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense

[3516](#)

**I 1195 (12/POP-000167)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Verea Fraiz, Borja e 9 máis**

Sobre a decisión do Concello de Santiago de vender cinco parcelas en lugar de destinalas á construción de vivenda protexida

[3519](#)

**I 1208 (12/POP-000169)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Castro García, Daniel e 2 máis**

Sobre o mantemento do emprego no complexo de Alcoa en San Cibrao e nas súas empresas auxiliares ante a posibilidade de que a multinacional non consiga un comprador para esta factoría antes de xuño

[3521](#)

**I 1222 (12/POP-000170)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra**

Sobre o investimento que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia durante os anos 2024 e 2025 para a dotación de solo empresarial na área de Pontevedra

[3523](#)

**I 1232 (12/POP-000171)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a situación do transporte sanitario terrestre na Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

[3525](#)

**I 1233 (12/POP-000172)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre o balance do funcionamento do Plan de protección civil ante emerxencias por accidentes no transporte terrestre de mercadorías perigosas (Plan Transgal)

[3527](#)

**I 1235 (12/POP-000173)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre o apoio da Xunta de Galicia ao asociacionismo veciñal nos diferentes concellos galegos

[3529](#)

**I 1237 (12/POP-000174)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**



**Prado del Río, Paula e 7 máis**

Sobre a actividade que desenvolve a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) [3531](#)

**I 1239 (12/POP-000175)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o apoio que a Xunta de Galicia presta aos concellos máis turísticos para a contratación de persoal de policía local [3533](#)

**I 1242 (12/POP-000176)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a valoración respecto da liña de subvencións da Xunta de Galicia para a mellora das infraestruturas básicas de uso público no ámbito municipal [3535](#)

**I 1247 (12/POP-000177)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopan as instalacións do CEIP de Luíntra, de Nogueira de Ramuín [3537](#)

**I 1250 (12/POP-000178)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 entre Bueu e Marín [3540](#)

**I 1255 (12/POP-000179)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os usos que se lle asignarán ao Hospital Provincial de Pontevedra [3544](#)

**I 1263 (12/POP-000180)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as listaxes de agarda na tramitación da dependencia [3547](#)

**I 1270 (12/POP-000181)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o novo modelo de coidados e de atención das residencias de maiores que defende o Goberno galego [3550](#)

**I 1274 (12/POP-000182)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



**Pérez López, Noelia e 7 máis**

Sobre as medidas con que conta o Goberno galego, no ámbito da colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e as entidades locais, para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero [3552](#)

**I 1278 (12/POP-000183)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica [3555](#)

**I 1287 (12/POP-000184)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense [3559](#)

**I 1293 (12/POP-000185)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a eventual recuperación da Tarxeta Básica por parte do Goberno galego [3562](#)

**I 1309 (12/POP-000186)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre os datos dos últimos cinco anos referidos aos custos indebidos asumidos polo Sergas pola determinación incorrecta das continxencias, profesionais ou comúns, na cualificación das patoloxías [3565](#)

**I 1313 (12/POP-000187)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións respecto da cobertura das prazas de persoal facultativo vacantes no Centro de Saúde da Fonsagrada [3568](#)

**I 1318 (12/POP-000188)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia na internacionalización do libro galego [3571](#)

**I 1319 (12/POP-000189)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa Galicia desde o seu nacemento [3574](#)

**I 1322 (12/POP-000190)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia de cara ao control público da xestión da riqueza natural do país [3579](#)

**I 1330 (12/POP-000191)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o cumprimento da obriga de apertura ao público da Casa Cornide, declarada ben de interese cultural [3581](#)

**I 1337 (12/POP-000192)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a política de apoio ao sector cultural galego que prevé impulsar a Xunta de Galicia á vista das conclusións do último barómetro elaborado polo Consello da Cultura Galega [3584](#)

**I 1340 (12/POP-000193)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre a restauración e posta en valor do conxunto patrimonial que forma a ermida de Santa Margarida do Val, en Narón [3588](#)

**I 1348 (12/POP-000194)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a revisión do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e a aprobación de plans de xestión específicos para cada espazo protexido [3591](#)

**I 1352 (12/POP-000195)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández González, Ariadna e 2 máis**

Sobre o orzamento que prevé destinar a Xunta de Galicia á implantación de sistemas de cribado para o diagnóstico precoz do autismo [3596](#)

**I 1360 (12/POP-000196)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis**

Sobre a rehabilitación e posta en valor do mosteiro de Santa María de Monfero [3600](#)

**I 1365 (12/POP-000197)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as previsións verbo da aprobación da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas [3603](#)

**I 1371 (12/POP-000198)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**



**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as estratexias de política lingüística que está a levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento da normativa referida ao impulso do galego no tecido económico [3605](#)

**I 1375 (12/POP-000199)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre os novos plans que prevé deseñar o Goberno galego en materia de normalización lingüística [3608](#)

**I 1259 (12/POP-000200)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

**Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis**

Sobre o eventual incremento da concentración de contaminantes nos moluscos da costa galega derivado da mingua de calidade das augas [3612](#)

**I 1382 (12/POP-000201)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis**

Sobre as modificacións orzamentarias que impulsou ou prevé impulsar o Goberno galego destinadas a executar as principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense [3614](#)

**I 1389 (12/POP-000204)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis**

Sobre o problema da perda de poder adquisitivo das pensionistas e dos pensionistas da provincia de Ourense [3617](#)

**I 1396 (12/POP-000205)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a política que a Xunta de Galicia prevé impulsar en materia de educación ambiental nos centros de ensino [3620](#)

**I 1403 (12/POP-000206)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

**Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á cobertura da atención pediátrica nos concellos de Guitiriz, Rábade e Begonte [3623](#)

**I 1406 (12/POP-000207)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre a causa do incremento da superficie de frondosas en trece nos [3626](#)

**I 1413 (12/POP-000208)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre a tramitación da inscrición da Casa Taboada, de Ourense, no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia [3629](#)

**I 1418 (12/POP-000209)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a valoración e o balance da política en materia de prevención, así como de atención ás vítimas, das violencias sexuais en Galicia [3633](#)

**I 1423 (12/POP-000210)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis**

Sobre a política de distribución dos fondos europeos dedicados a I+D+i entre os diferentes campus universitarios galegos [3637](#)

**I 1427 (12/POP-000211)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopan as instalacións do estadio do Couto, en Ourense, despois da súa reforma [3641](#)

**I 1431 (12/POP-000212)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne aos problemas de accesibilidade e seguridade xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra [3645](#)

**I 1440 (12/POP-000213)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a posibilidade de asumir a extensión da gratuidade dos libros de texto e do material curricular a todo o alumnado das etapas do ensino obrigatorio público [3648](#)

**I 1446 (12/POP-000214)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as estratexias destinadas a paliar as dificultades formativas no mundo rural e a evitar a perda de oportunidades educativas e laborais [3651](#)

**I 1452 (12/POP-000215)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a situación das universidades galegas canto á idade media dos seus cadros docentes e investigadores [3653](#)





**I 1455 (12/POP-000216)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos**

Sobre a valoración da evolución da produción marisqueira nas rías galegas

[3655](#)**I 1469 (12/POP-000218)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre o apoio ás mariscadoras e aos mariscadores ante as perdas ocasionadas pola mingua da produción derivada das chuvias persistentes desde o pasado outubro

[3657](#)**I 1473 (12/POP-000219)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co desenvolvemento e coa aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade

[3660](#)**I 1477 (12/POP-000220)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre a análise e valoración da política cultural galega nos últimos corenta anos

[3662](#)**I 1484 (12/POP-000221)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o establecemento dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa, de acordo cos obxectivos da Estratexia Galega de Acción Exterior

[3665](#)**I 1491 (12/POP-000222)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego relativas ao fomento da lingua portuguesa en todos os niveis educativos do ensino público

[3667](#)**I 1500 (12/POP-000223)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego en relación co espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia

[3669](#)**I 1505 (12/POP-000224)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar**

Sobre a suficiencia dos cadros de persoal das unidades xudiciais de Galicia

[3672](#)**I 1510 (12/POP-000225)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación das convocatorias de axudas por paralización temporal da actividade marisqueira [3674](#)

**I 1515 (12/POP-000226)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as queixas e reclamacións recibidas pola Xunta de Galicia relativas ao funcionamento do transporte escolar en Galicia [3677](#)

**I 1521 (12/POP-000227)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o recoñecemento das confrarías de pescadores galegas por parte das institucións comunitarias [3679](#)

**I 1527 (12/POP-000228)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o estado en que está a renovación da normativa que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños [3681](#)

**I 1530 (12/POP-000229)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o balance dos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas durante os anos de goberno de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda [3683](#)

**I 1536 (12/POP-000230)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o balance dos primeiros meses de funcionamento do Protocolo galego contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas [3686](#)

**I 1543 (12/POP-000231)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego para mellorar a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Carballiño [3689](#)

**I 1550 (12/POP-000232)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre as medidas para o incremento do uso do galego como lingua oficial na Administración de xustiza [3692](#)



**I 1554 (12/POP-000233)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á cobertura das prazas vacantes de pediatría do Centro de Saúde da Ponte, de Ourense

[3695](#)**I 1559 (12/POP-000234)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar**

Sobre o establecemento nos partidos xudiciais de Vigo e da Coruña dun sistema de gardas de 24 horas con rotación diaria

[3698](#)**I 1563 (12/POP-000235)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel**

Sobre o apoio ao establecemento dun calendario estable de competicións para a selección galega de fútbol

[3701](#)**I 1569 (12/POP-000236)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre o balance de resultados do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022

[3703](#)**I 1575 (12/POP-000237)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe a promover a fabricación en Galicia de semicondutores e compoñentes para a automoción co fin de evitar a dependencia exterior do sector

[3706](#)**I 1582 (12/POP-000238)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis**

Sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53

[3710](#)**I 1587 (12/POP-000239)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes

[3712](#)**I 1596 (12/POP-000240)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis**

Sobre a situación en que se atopan os trámites para completar o desdoblamento do treito entre A Pobra de San Xiao e Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte [3715](#)

**I 1601 (12/POP-000241)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a ampliación da declaración como ben de interese cultural das instalacións da central térmica de Endesa nas Pontes [3717](#)

**I 1604 (12/POP-000242)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os treitos pendentes da autovía do baixo Miño Tui-A Guarda [3724](#)

**I 1605 (12/POP-000243)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis

Sobre o balance da implantación da gratuidade do transporte público autonómico para os maiores de 65 anos [3726](#)

**I 1609 (12/POP-000244)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a información que ten o Goberno galego respecto do prazo para a presentación do Plan director do Corredor Atlántico por parte do Goberno de central [3728](#)

**I 1613 (12/POP-000245)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras da estación intermodal da Coruña que lle corresponde executar ao Goberno galego [3730](#)

**I 1622 (12/POP-000246)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago e Pontevedra [3732](#)

**I 1625 (12/POP-000247)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis

Sobre os compromisos do Goberno central en relación coa entrada en funcionamento dos trens Avril en Galicia e a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de novos prazos para a súa posta en servizo [3734](#)



**I 1629 (12/POP-000248)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne ao desenvolvemento dunha carreira completa en Galicia para o persoal investigador [3736](#)

**I 1616 (12/POP-000249)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis**

Sobre o estado en que se atopan as obras que está a executar o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o sistema de saneamento municipal [3739](#)

**Admisión da retirada e publicación do acordo****I 793 (12/POP-000088)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e 8 máis**

Sobre as achegas económicas e os obxectivos derivados dos acordos asinados pola Consellería do Mar con catro importantes entidades da cadea mar-industria para reforzar o impulso da actividade marítimo-pesqueira en Galicia [3410](#)

**1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)****Admisión a trámite ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 1385 (12/PUP-000003)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas [3741](#)

**I 1581 (12/PUP-000004)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis**

Sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial [3743](#)

**I 1611 (12/PUP-000005)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e 8 máis**

Sobre as novidades que pode achegar o Goberno galego en relación co proxecto de Altri en Palas de Rei [3746](#)

**I 1632 (12/PUP-000006)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis**

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas [3749](#)

**I 1827 (12/PUP-000007)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri [3751](#)

**I 1828 (12/PUP-000008)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as xestións que a Xunta de Galicia está a realizar ante o Goberno central para impulsar un novo convenio que prorrogue as compensacións económicas ao sector marisqueiro da ría do Burgo

[3752](#)

**I 1837 (12/PUP-000009)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

[3755](#)

**1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia****Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación****I 1838 (12/POPX-000001)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial da Xunta de Galicia para a presente lexislatura

[3758](#)

**I 1841 (12/POPX-000002)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre medidas que vai tomar o Goberno galego dirixidas á rexeneración democrática [3759](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 16 de abril de 2024, adoptou os seguintes acordos:

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.4. Preguntas

##### 1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

##### 1.4.4.1.1. Preguntas orais

#### Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 1384 (12/POP-000202)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre o papel que está a xogar a Xunta de Galicia no debate sobre o futuro da política de cohesión da Unión Europea para o seguinte período

#### Admisión a trámite e publicación

- 957 (12/POP-000129)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne ao impulso da reforma da Lei de inclusión social de Galicia

- 962 (12/POP-000130)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións que desenvolveu a Xunta de Galicia para evitar o abandono do servizo de alimentación a domicilio no concello de Ourense

- 966 (12/POP-000131)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 4 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ás solicitudes de mellora das instalacións e obras de eficiencia enerxética no CEIP Nosa Señora do Remedios, de Ponteareas

- 973 (12/POP-000132)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego para garantir a actividade pesqueira e a protección do ecosistema ante a implantación de instalacións eólicas mariñas nas nosas costas

- 976 (12/POP-000133)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis



Sobre as actuacións da Xunta de Galicia realizadas con anterioridade a 2023 para comprobar o estado da ponte pola que transcorre a estrada OU-536 no concello de Xunqueira de Espadanedo

- 983 (12/POP-000134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do exercicio das súas competencias para impulsar unha mellora dos servizos ferroviarios de Lugo

- 985 (12/POP-000135)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Fouz, Javier e 8 máis

Sobre o balance da implantación da Alianza Galega polo Clima e as perspectivas que presenta para o futuro

- 987 (12/POP-000136)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santamaría González, Raúl e 9 máis

Sobre o balance do funcionamento do sistema de acceso de visitantes ao illote Areoso, na ría de Arousa, desde a súa posta en marcha

- 989 (12/POP-000137)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Fouz, Javier e 8 máis

Sobre o orzamento destinado polo Goberno galego á segunda convocatoria do programa de avais públicos dirixido a menores de 36 anos para a compra da súa primeira vivenda

- 991 (12/POP-000138)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Fouz, Javier e 8 máis

Sobre o número de concellos beneficiados en 2024 pola orde de axudas da Xunta de Galicia para a corrección dos impactos paisaxísticos negativos provocados por edificacións de propiedade municipal

- 993 (12/POP-000139)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Fouz, Javier e 8 máis

Sobre o balance da actividade da Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo desde a súa posta en marcha

- 999 (12/POP-000140)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia e Fernández González, Ariadna

Sobre as previsións da Xunta de Galicia no que atinxe ao uso de probas máis precisas nas campañas de saneamento gandeiro





- 1005 (12/POP-000141)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa situación en que se atopa o comedor que comparten os centros EEI Concepción Crespo Rivas e CEIP Campolongo, de Pontevedra

- 1018 (12/POP-000142)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a pertinencia do uso dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero para subvencionar eventos como a «cea para mulleres» convocada para o mes de maio en Cerdedo-Cotobade

- 1023 (12/POP-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a suficiencia da partida orzamentaria da Xunta de Galicia destinada á loita contra o narcotráfico

- 1030 (12/POP-000144)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a previsión que ten o Goberno galego ante a posibilidade de impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática orientado ao recoñecemento do papel da muller na loita pola democracia e a autonomía en Galicia

- 1037 (12/POP-000145)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a aplicación do acordo acadado no Parlamento de Galicia en marzo de 2008 verbo da retirada da simboloxía e da nomenclatura franquistas aínda presente nos edificios públicos

- 1046 (12/POP-000146)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas impulsadas pola Xunta de Galicia dirixidas á mellora da situación das familias monoparentais, especialmente das encabezadas por mulleres

- 1054 (12/POP-000147)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto do envío de informes ao Parlamento de Galicia referidos á execución dos proxectos sociais dependentes de fondos europeos

- 1058 (12/POP-000148)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia  
Sobre a consideración do Goberno galego referida á extensión aos mestrados, igual ca nas titulacións de grao, da gratuidade das primeiras matrículas

- 1064 (12/POP-000149)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre a política actual do Goberno galego para o desenvolvemento da enerxía eólica

- 1070 (12/POP-000150)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación cos fondos Next Generation EU, e particularmente co Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia

- 1076 (12/POP-000151)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe ao desenvolvemento da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática

- 1082 (12/POP-000152)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas excepcionais que prevé adoptar o Goberno galego ante os graves prexuízos que está a provocar o exceso de chuvias das últimas semanas no sector do cereal da comarca da Limia

- 1088 (12/POP-000153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a diagnose da situación laboral da muller en Galicia

- 1093 (12/POP-000154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego verbo da actualización e execución do proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

- 1098 (12/POP-000155)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a situación en que se atopa a produción marisqueira nas rías galegas

- 1110 (12/POP-000156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara



Sobre o diagnóstico previo á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común recollido no libro branco no que traballa o Goberno galego

- 1117 (12/POP-000157)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia

- 1124 (12/POP-000158)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego relativas aos danos ocasionados polas enchentes do Miño e do Tea nas comarcas do Condado, A Paradanta e A Louriña en novembro e no Nadal de 2023

- 1129 (12/POP-000159)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa mellora da atención nos centros de saúde das comarcas do Condado e da Paradanta

- 1144 (12/POP-000161)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego referidas á dotación dunha partida orzamentaria para sufragar a primeira fase das obras de dragaxe do río Lérez en Pontevedra

- 1150 (12/POP-000162)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o funcionamento da Comisión de Lactancia Materna da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

- 1155 (12/POP-000163)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as demandas da comunidade educativa do IES A Sardiñeira e da veciñanza do Novo Mesoiro, na Coruña

- 1161 (12/POP-000164)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a postura que mantén a Xunta de Galicia verbo da tributación de Reganosa no Concello de Mugardos

- 1165 (12/POP-000165)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis  
Sobre o traballo que está a desenvolver o Goberno galego en materia de sinistralidade laboral

- 1170 (12/POP-000166)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis  
Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar para unha mellora na dotación material e profesional da nova Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense

- 1195 (12/POP-000167)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Verea Fraiz, Borja e 9 máis  
Sobre a decisión do Concello de Santiago de vender cinco parcelas en lugar de destinalas á construción de vivenda protexida

- 1208 (12/POP-000169)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Castro García, Daniel e 2 máis  
Sobre o mantemento do emprego no complexo de Alcoa en San Cibrao e nas súas empresas auxiliares ante a posibilidade de que a multinacional non consiga un comprador para esta factoría antes de xuño

- 1222 (12/POP-000170)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra  
Sobre o investimento que prevé levar a cabo a Xunta de Galicia durante os anos 2024 e 2025 para a dotación de solo empresarial na área de Pontevedra

- 1232 (12/POP-000171)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís  
Sobre a situación do transporte sanitario terrestre na Área Sanitaria de Pontevedra e o Salnés

- 1233 (12/POP-000172)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 8 máis  
Sobre o balance do funcionamento do Plan de protección civil ante emerxencias por accidentes no transporte terrestre de mercadorías perigosas (Plan Transgal)

- 1235 (12/POP-000173)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 8 máis  
Sobre o apoio da Xunta de Galicia ao asociacionismo veciñal nos diferentes concellos galegos

- 1237 (12/POP-000174)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a actividade que desenvolve a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT)

- 1239 (12/POP-000175)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o apoio que a Xunta de Galicia presta aos concellos máis turísticos para a contratación de persoal de policía local

- 1242 (12/POP-000176)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a valoración respecto da liña de subvencións da Xunta de Galicia para a mellora das infraestruturas básicas de uso público no ámbito municipal

- 1247 (12/POP-000177)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopan as instalacións do CEIP de Luíntra, de Nogueira de Ramuín

- 1250 (12/POP-000178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe á mellora da seguridade viaria na estrada PO-551 entre Bueu e Marín

- 1255 (12/POP-000179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os usos que se lle asignarán ao Hospital Provincial de Pontevedra

- 1263 (12/POP-000180)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre as listaxes de agarda na tramitación da dependencia

- 1270 (12/POP-000181)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o novo modelo de coidados e de atención das residencias de maiores que defende o Goberno galego

- 1274 (12/POP-000182)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pérez López, Noelia e 7 máis

Sobre as medidas con que conta o Goberno galego, no ámbito da colaboración coas entidades sen ánimo de lucro e as entidades locais, para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero

- 1278 (12/POP-000183)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación xerada polo ingreso nos centros residenciais de maiores de persoas con patoloxías psiquiátricas ou outras que requiren atención específica

- 1287 (12/POP-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre os prazos para a posta en marcha do futuro Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense

- 1293 (12/POP-000185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a eventual recuperación da Tarxeta Básica por parte do Goberno galego

- 1309 (12/POP-000186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre os datos dos últimos cinco anos referidos aos custos indebidos asumidos polo Sergas pola determinación incorrecta das continxencias, profesionais ou comúns, na cualificación das patoloxías

- 1313 (12/POP-000187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións respecto da cobertura das prazas de persoal facultativo vacantes no Centro de Saúde da Fonsagrada

- 1318 (12/POP-000188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia na internacionalización do libro galego

- 1319 (12/POP-000189)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o traballo desenvolvido pola Sociedade Impulsa Galicia desde o seu nacemento

- 1322 (12/POP-000190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena  
Sobre a garantía que ofrece o peso da participación da Xunta de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia de cara ao control público da xestión da riqueza natural do país

- 1330 (12/POP-000191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria  
Sobre o cumprimento da obriga de apertura ao público da Casa Cornide, declarada ben de interese cultural

- 1337 (12/POP-000192)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis  
Sobre a política de apoio ao sector cultural galego que prevé impulsar a Xunta de Galicia á vista das conclusións do último barómetro elaborado polo Consello da Cultura Galega

- 1340 (12/POP-000193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis  
Sobre a restauración e posta en valor do conxunto patrimonial que forma a ermida de Santa Margarida do Val, en Narón

- 1348 (12/POP-000194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre a revisión do Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia e a aprobación de plans de xestión específicos para cada espazo protexido

- 1352 (12/POP-000195)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández González, Ariadna e 2 máis  
Sobre o orzamento que prevé destinar a Xunta de Galicia á implantación de sistemas de cribado para o diagnóstico precoz do autismo

- 1360 (12/POP-000196)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 3 máis  
Sobre a rehabilitación e posta en valor do mosteiro de Santa María de Monfero

- 1365 (12/POP-000197)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis  
Sobre as previsións verbo da aprobación da Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas

- 1371 (12/POP-000198)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as estratexias de política lingüística que está a levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento da normativa referida ao impulso do galego no tecido económico

- 1375 (12/POP-000199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre os novos plans que prevé deseñar o Goberno galego en materia de normalización lingüística

- 1259 (12/POP-000200)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre o eventual incremento da concentración de contaminantes nos moluscos da costa galega derivado da mingua de calidade das augas

- 1382 (12/POP-000201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 5 máis

Sobre as modificacións orzamentarias que impulsou ou prevé impulsar o Goberno galego destinadas a executar as principais infraestruturas e actuacións comprometidas para a cidade de Ourense

- 1389 (12/POP-000204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 3 máis

Sobre o problema da perda de poder adquisitivo das pensionistas e dos pensionistas da provincia de Ourense

- 1396 (12/POP-000205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a política que a Xunta de Galicia prevé impulsar en materia de educación ambiental nos centros de ensino

- 1403 (12/POP-000206)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no referido á cobertura da atención pediátrica nos concellos de Guitiriz, Rábade e Begonte

- 1406 (12/POP-000207)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre a causa do incremento da superficie de frondosas en trece nos

- 1413 (12/POP-000208)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia





Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis  
Sobre a tramitación da inscrición da Casa Taboada, de Ourense, no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia

- 1418 (12/POP-000209)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla  
Sobre a valoración e o balance da política en materia de prevención, así como de atención ás vítimas, das violencias sexuais en Galicia

- 1423 (12/POP-000210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Valcárcel Armesto, Montserrat e 2 máis  
Sobre a política de distribución dos fondos europeos dedicados a I+D+i entre os diferentes campus universitarios galegos

- 1427 (12/POP-000211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis  
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación co estado en que se atopan as instalacións do estadio do Couto, en Ourense, despois da súa reforma

- 1431 (12/POP-000212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Castro Rey, Paloma e 2 máis  
Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne aos problemas de accesibilidade e seguridade xerados pola ampliación da vía de acceso ao Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 1440 (12/POP-000213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia  
Sobre a posibilidade de asumir a extensión da gratuidade dos libros de texto e do material curricular a todo o alumnado das etapas do ensino obrigatorio público

- 1446 (12/POP-000214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia  
Sobre as estratexias destinadas a paliar as dificultades formativas no mundo rural e a evitar a perda de oportunidades educativas e laborais

- 1452 (12/POP-000215)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia  
Sobre a situación das universidades galegas canto á idade media dos seus cadros docentes e investigadores



- 1455 (12/POP-000216)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a valoración da evolución da produción marisqueira nas rías galegas

- 1469 (12/POP-000218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre o apoio ás mariscadoras e aos mariscadores ante as perdas ocasionadas pola mingua da produción derivada das chuvias persistentes desde o pasado outubro

- 1473 (12/POP-000219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego en relación co desenvolvemento e coa aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade

- 1477 (12/POP-000220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a análise e valoración da política cultural galega nos últimos corenta anos

- 1484 (12/POP-000221)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o establecemento dunha delegación permanente de Galicia en Lisboa, de acordo cos obxectivos da Estratexia Galega de Acción Exterior

- 1491 (12/POP-000222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións que ten o Goberno galego relativas ao fomento da lingua portuguesa en todos os niveis educativos do ensino público

- 1500 (12/POP-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé tomar o Goberno galego en relación co espazo protexido pola Rede Natura 2000 en Galicia

- 1505 (12/POP-000224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a suficiencia dos cadros de persoal das unidades xudiciais de Galicia

- 1510 (12/POP-000225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación das convocatorias de axudas por paralización temporal da actividade marisqueira

- 1515 (12/POP-000226)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as queixas e reclamacións recibidas pola Xunta de Galicia relativas ao funcionamento do transporte escolar en Galicia

- 1521 (12/POP-000227)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o recoñecemento das confrarías de pescadores galegas por parte das institucións comunitarias

- 1527 (12/POP-000228)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre o estado en que está a renovación da normativa que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños

- 1530 (12/POP-000229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o balance dos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas durante os anos de goberno de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda

- 1536 (12/POP-000230)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o balance dos primeiros meses de funcionamento do Protocolo galego contra as violencias sexuais e LGTBfóbicas

- 1543 (12/POP-000231)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as actuacións que prevé impulsar o Goberno galego para mellorar a situación da atención pediátrica no Centro de Saúde do Carballiño

- 1550 (12/POP-000232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 3 máis

Sobre as medidas para o incremento do uso do galego como lingua oficial na Administración de xustiza



- 1554 (12/POP-000233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á cobertura das prazas vacantes de pediatría do Centro de Saúde da Ponte, de Ourense

- 1559 (12/POP-000234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre o establecemento nos partidos xudiciais de Vigo e da Coruña dun sistema de gardas de 24 horas con rotación diaria

- 1563 (12/POP-000235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Castro García, Daniel

Sobre o apoio ao establecemento dun calendario estable de competicións para a selección galega de fútbol

- 1569 (12/POP-000236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre o balance de resultados do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022

- 1575 (12/POP-000237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe a promover a fabricación en Galicia de semicondutores e compoñentes para a automoción co fin de evitar a dependencia exterior do sector

- 1582 (12/POP-000238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53

- 1587 (12/POP-000239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia ante os problemas que está xerando a acollida no Complexo Residencial de Atención a Persoas Dependentes I de Vigo de usuarios con patoloxías psiquiátricas ou drogodependentes

- 1596 (12/POP-000240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis

Sobre a situación en que se atopan os trámites para completar o desdoblamento do treito entre A Pobra de San Xiao e Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte



- 1601 (12/POP-000241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e 2 máis

Sobre a ampliación da declaración como ben de interese cultural das instalacións da central térmica de Endesa nas Pontes

- 1604 (12/POP-000242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre os avances e as tramitacións que se están a realizar para activar os treitos pendentes da autovía do baixo Miño Tui-A Guarda

- 1605 (12/POP-000243)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis

Sobre o balance da implantación da gratuidade do transporte público autonómico para os maiores de 65 anos

- 1609 (12/POP-000244)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre a información que ten o Goberno galego respecto do prazo para a presentación do Plan director do Corredor Atlántico por parte do Goberno de central

- 1613 (12/POP-000245)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras da estación intermodal da Coruña que lle corresponde executar ao Goberno galego

- 1622 (12/POP-000246)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 8 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras dos eixes de mobilidade sustentable que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago e Pontevedra

- 1625 (12/POP-000247)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 7 máis

Sobre os compromisos do Goberno central en relación coa entrada en funcionamento dos trens Avril en Galicia e a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto de novos prazos para a súa posta en servizo

- 1629 (12/POP-000248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis



Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne ao desenvolvemento dunha carreira completa en Galicia para o persoal investigador

- 1616 (12/POP-000249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre o estado en que se atopan as obras que está a executar o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o sistema de saneamento municipal

### **Admisión da retirada e publicación do acordo**

- 793 (12/POP-000088)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 8 máis

Sobre as achegas económicas e os obxectivos derivados dos acordos asinados pola Consellería do Mar con catro importantes entidades da cadea mar-industria para reforzar o impulso da actividade marítimo-pesqueira en Galicia

BOPG n.º 10, do 12.04.2024

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 1502.

### **1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)**

#### **Admisión a trámite ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 1385 (12/PUP-000003)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas

- 1581 (12/PUP-000004)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 9 máis

Sobre os pasos que vai dar a Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra ao seu recoñecemento como Patrimonio Mundial

- 1611 (12/PUP-000005)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 8 máis

Sobre as novidades que pode achegar o Goberno galego en relación co proxecto de Altri en Palas de Rei

- 1632 (12/PUP-000006)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis

Sobre o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao nas universidades públicas galegas

- 1827 (12/PUP-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre os fondos cos que a Xunta de Galicia prevé financiar o proxecto de Altri

- 1828 (12/PUP-000008)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes

Sobre as xestións que a Xunta de Galicia está a realizar ante o Goberno central para impulsar un novo convenio que prorrogue as compensacións económicas ao sector marisqueiro da ría do Burgo

- 1837 (12/PUP-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego no referido ás axudas económicas para as traballadoras e os traballadores do mar afectados polas chuvias persistentes producidas desde outubro

#### **1.4.4.1.3. Preguntas ao presidente da Xunta de Galicia**

##### **Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación**

- 1838 (12/POPX-000001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre as liñas estratéxicas en materia económica e industrial da Xunta de Galicia para a presente lexislatura

- 1841 (12/POPX-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre medidas que vai tomar o Goberno galego dirixidas á rexeneración democrática

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**

### Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer o papel que Galicia desempeña no proceso de debate sobre a política de cohesión da Unión Europea*

En xuño de 2023 a Xunta de Galicia publicou un documento onde se describe a acción de Galicia en 16 ámbitos co obxectivo de contribuír aos debates que se organizaron no marco da Presidencia española do Consello da UE, durante o segundo semestre dese ano. Superado este momento gran parte do contido e reivindicacións incluídas nese documento sigue plenamente vixente xa que logo a Presidencia española non tratou moitos deses aspectos.

Entre eses ámbitos atopábase os aspectos relacionados coa cohesión territorial que tras a posta en marcha dos programas operativos correspondentes ao período 21- 27, na capital comunitaria xa se debate sobre o modelo da política de cohesión para o futuro, principalmente pola influencia do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, un fondo excepcional e temporal creado con motivo da crise da Covid-19 que está a financiar grandes investimentos na UE.

A participación da comunidade galega e as achegas que desde Galicia poidamos facer resultan fundamentais neste debate pois se trata de dar máis relevancia a cohesión entre as distintas rexións que conforman a Unión Europea e que se siga na senda da política de investimento máis importante da UE e de xestión compartida.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular asinantes, formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno

- Cal é o papel que está a xogar a Xunta de Galicia no debate sobre o futuro da política de Cohesión para o seguinte período?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024







**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 10/04/2024 10:15:15**

**María Sol Díaz Mouteira na data 10/04/2024 10:18:48**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 10/04/2024 10:19:15**

**Martina Aneiros Barros na data 10/04/2024 10:20:14**

**Marta Mariño Regueiro na data 10/04/2024 10:20:19**

**José Mato Díaz na data 10/04/2024 10:20:31**

**Victoria Núñez López na data 10/04/2024 10:21:02**

**Alberto Pazos Couñago na data 10/04/2024 10:21:21**

**Noelia Pérez López na data 10/04/2024 10:21:43**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González, Montserrat Prado Cores, Montserrat Valcárcel Armesto e Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza anunciada pola Xunta.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou o 26 de maio de 2021 que o “próximo trimestre” comezaría a tramitación da reforma da Lei de inclusión social de Galiza, rematou 2021 e nada.

Naquel momento o BNG insistimos e moito na urxencia de reformar esa lei polas consecuencias gravísimas que estaba tendo para persoas en situación de enorme vulnerabilidade ás que a Xunta de Galiza estaba a reclamar a devolución de meses da RISGA percibidos con todo o dereito por un problema que creou única e exclusivamente a administración ao manter a incompatibilidade desta prestación con calquera outra logo de aprobar o goberno estatal o Ingreso Mínimo Vital.

En abril de 2022, como seguían sen mover un papel e sen facer nada, desde o BNG volvemos preguntar por esta cuestión e naquela ocasión, a conselleira afirmou que estaba todo encamiñado e que a lei estaría “lista” a finais dese ano (2022), porén, tampouco o fixeron.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

No mes de abril, de 2023 volvemos levar desde o BNG a cuestión a comisión. Díxose que estaba “practicamente rematada” que estaban “incluíndo suxerencias”, que o borrador estaba listo e a piques de remitirse ao Parlamento para a súa tramitación.

O 20 de decembro de 2023 volvemos elevar ao Pleno unha interpelación sobre a tantas veces anunciada reforma mais nunca cumprida sen obter, de novo, compromiso de impulso da mesma.

Desde o BNG levamos anos reclamando a necesaria reforma desta lei por dúas razóns fundamentalmente. A primeira, rematar coa incompatibilidade da RISGA con outras prestacións mais, sobre todo, pola segunda, a necesidade cada vez máis imperiosa de actualizar unha lexislación que resulta insuficiente cando non ineficaz para atallar a situación de pobreza e exclusión social en Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai impulsar a Xunta de Galiza a reforma da Lei de inclusión social que prometeu en 2021?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ariadna Fernández González**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Suárez Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 19:09:06**

**Ariadna Fernández González na data 04/04/2024 19:10:00**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/04/2024 19:10:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/04/2024 19:11:14**

**Iago Suárez Fernández na data 04/04/2024 19:12:07**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de comida a domicilio no concello de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 27 de marzo de 2024 no concello de Ourense deixouse se prestar o servizo de comida a domicilio, co que decenas de persoas en situación de dependencia ou vulnerabilidade deixaron de recibir un servizo esencial para a vida diaria.

No 2008 dende a Xunta de Galiza púxose en marcha este servizo de comida a domicilio dirixido a persoas maiores de 60 anos que tivesen limitada a súa capacidade de autonomía persoal e sen rede de apoio que poida suplir tal situación, a persoas dependentes que carezan de apoio familiar e que requiran de axuda para a preparación de alimentos e tamén a persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social recoñecida.

A xestión do programa estaba encomendada ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia e cos concellos de Galicia que se adherisen ao programa, mediante a sinatura do correspondente programa de xestión.

A finalidade do programa excede do xa importante obxectivo de procurar menús a persoas en situación de dificultade ou vulnerabilidade fomentando hábitos alimentarios saudábeis, senón tamén posibilitaba a mellora da calidade de vida mediante





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a permanencia das persoas na súa contorna e poder facer un seguimento da súas condicións de vida e saúde e, xa que logo, das súas circunstancias e necesidades.

No concello de Ourense a Xunta de Galiza nunca executou o programa Xantar na Casa, de servizo de comida a domicilio, sendo a entidade municipal quen por medio do programa Comedor sobre Rodas desenvolvía un programa propio con idéntica finalidade. Programa que experimentou un paulatino descenso no número de usuarias, pasando de ter centenas de usuarias ás 58 de hai uns días, cando o Concello de Ourense decidiu cancelalo deixando de atender a todas as usuarias, que, actualmente, carecen de solución alternativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza para evitar que se deixase de prestar o servizo de atención nutricional a domicilio no concello de Ourense?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/04/2024 19:33:52**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/04/2024 19:33:58**

**Olalla Rodil Fernández na data 04/04/2024 19:34:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila, Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Secundino Fernández Fernández**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das instalacións no CEIP “Nosa Sra. dos Remedios” de Ponteareas (CEIP “As Veigas”).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Xefatura Territorial de Educación en Pontevedra, así como pola propia Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a situación na que se atopan as instalacións do primeiro centro educativo construído en Ponteareas, hai xa 57 anos, o CEIP Nosa Sra. Dos Remedios, que ten aberto un expediente de cambio de nome a CEIP As Veigas.

A dirección deste centro envía á Xefatura Territorial e ao Concello todos os anos un informe detallado das necesidades, cada vez máis urxentes, que ten a escola cara á eficiencia enerxética e actualización das moi antigas instalacións. O último documento data de xaneiro deste mesmo ano.

Este CEIP é un dos que tendo maior número de alumnado en Ponteareas (400 alumnas/os entre Infantil e Primaria), posúe as instalacións en peor estado debido ao paso do tempo e a falta de actualización das mesmas: cristais simples en marcos de ferro nos tiros das escaleiras, baños desactualizados e precarios, entradas de humidades por falta do illamento preciso nas cubertas e fachadas dos edificios, necesidade de cambio da carpintería exterior e persianas, sistema de calefacción obsoleto e insostible...







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Polo tanto, é urxente acometer unha obra integral de eficiencia enerxética nos edificios de Primaria, Conserxería e Ximnasio, así como actualización dos baños e espazos interiores. Pero tamén reforzar os illamentos no novo aulario de infantil e tomar medidas para poder asumir as altas temperaturas primaverais, sen esquecer a colocación dun novo sistema de calefacción común a todas as instalacións, máis sostible e limpo.

No exterior tamén existen deficiencias que deben ser planificadas a curto e medio prazo:

- Accesibilidade ao aulario de primaria.
- Adaptacións ao Plan de Autoprotección.
- Drenaxe e recuperación do patio exterior na zona de xogos e deportiva.
- Humanización do patio deportivo cuberto.
- Actualizar parte do peche perimetral do centro.

Durante a pandemia sanitaria, a dirección do centro para poder realizar as obras específicas de ventilación e poder así usar o ximnasio, solicitou ao Xefe Territorial, Sr. Pérez Ares, que asumira o seu custo, comprometéndose o mesmo a reintegrar o gasto adiantado pola escola. Este importe nunca foi ingresado na conta en todos estes anos.

Como acontece noutros moitos casos en Pontearreas e outros concellos, a Admón. Autonómica non está a asumir as grandes obras de rehabilitación, actualización e mellora das escolas públicas. Tal e como establece a Lei educativa e tamén de Bases de Réxime Local, as competencias educativas son propias da Xunta de Galiza.

Dende a Consellería de Educación non se están a atender peticións de obras como:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

- peches perimetrais nas escolas,
- cubertas de patios de xogos de infantil,
- cambio de tellados nos edificios escolares,
- colocación de novos sistemas de calefacción máis eficaces,
- Novas ventás e persianas para que non escape o pouco calor da escasa calefacción,
- Illamento das paredes ou solos das escolas.
- Novas edificacións para ampliar servizos que non existen actualmente.

Polo tanto, as numerosas reformas que son precisas acometer de xeito urxente no CEIP Nosa Sra. dos Remedios deben ser tidas en conta na nova planificación da Consellería competente en Educación, optando incluso a fondos europeos que permitan asumir todo o investimento necesario.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións pensa levar a cabo o Goberno para garantir os dereitos da comunidade educativa do CEIP Nosa Sra. Dos Remedios (CEIP As Veigas) e realizar as obras solicitadas de mellora das instalacións e de eficiencia enerxética?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

**Secundino Fernández Fernández**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 05/04/2024 09:58:05**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/04/2024 09:58:10**

**Iria Taibo Corsanego na data 05/04/2024 09:58:51**

**Daniel Castro García na data 05/04/2024 09:58:54**

**Secundino Fernández Fernández na data 05/04/2024 09:59:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez López e Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións do Goberno galego para garantir a preservación dos ecosistemas mariños e da actividade pesqueira diante da implantación de instalacións de eólica mariña nas costas galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai un ano, na sesión do Pleno do Parlamento do 11 de abril, os Grupos Parlamentarios Popular e Socialista votaban en contra dunha iniciativa do BNG que propoñía “instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno español a retirada inmediata dos Plans de Ordenación do Espazo Marítimo (POEM) aprobados polo Consello de Ministros do 28.02.23.”.

Os argumentos principais nos que baseabamos esta proposta, entre outras referidas á implantación da eólica mariña nas costas galegas, eran:

. O RD 150/2023, polo que se aproban os POEM, non respecta minimamente o principio de precaución e, polo tanto, constitúe unha agresión ao sector pesqueiro e á capacidade produtiva de Galiza.

. Os POEM foron aprobados sen información das consecuencias que as instalacións de parques eólicos mariños poden ter sobre a biodiversidade e os ecosistemas mariños e sen ter en conta a afectación que supoñerán para o sector





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

pesqueiro galego, para a súa actividade e para a importancia económica e social que representa.

. A súa aprobación obvia e menospreza os acordos unánimes do Parlamento galego e do Congreso dos Deputados, propostos pola hoxe denominada Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños, que aglutina a todo o sector pesqueiro de Galiza e Asturias. Tampouco ten en conta a Resolución do Parlamento Europeo do 3 de maio de 2022, que recolle taxativamente que “só deben construírse parques eólicos mariños se pode garantirse que non haberá repercusións negativas de carácter medioambiental e ecolóxico, nin consecuencias económicas, socioeconómicas e socioculturais para os pescadores e os produtores acuícolas”.

Pouco despois da súa aprobación, a Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños impugnou o RD 150/2023, co obxecto de que se deixe sen efecto. Dita impugnación foi admitida a trámite polo Tribunal Supremo.

Recentemente, neste mes de febreiro, o Goberno español abriu a consultas o proxecto de RD polo que se regula a produción de enerxía eléctrica en instalacións ubicadas no mar, malia que segue sen levar a cabo os estudos de impacto socioeconómico e ambientais nas áreas designadas polos POEM para a instalación de parques eólicos mariños.

No pasado mes de marzo a Plataforma foi recibida pola ministra de Transición Ecolóxica, quen lle confirmou que a normativa vai seguir adiante e lle informou da posta en marcha dos estudos que o sector leva demandando dende hai tempo para avaliar o impacto na súa actividade e nos propios ecosistemas, que aínda non existen malia seren preceptivos.

O Partido Popular non só votou en contra no ano 2023 da iniciativa do BNG. Agora, o Goberno galego vén de presentar as súas alegacións ao proxecto de RD e





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

renuncia, de novo, a exercer como tal. No conxunto das súas dezaseis alegacións non é quen de facer referencia sequera ao cumprimento do acordado unanimemente polo Parlamento galego e, moito menos, ao principio de precaución que tantas veces é invocado en contra das decisións doutras administracións ou, cando menos, a que se teña en conta, antes de continuar coa normativa, que existe unha demanda do sector pesqueiro galego, en curso no Tribunal Supremo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir a preservación dos ecosistemas mariños e da actividade pesqueira diante da implantación de instalacións de eólica mariña nas costas galegas?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Castro García**

**Daniel Pérez López**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Rosana Pérez Fernández na data 05/04/2024 10:46:29**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/04/2024 10:47:53**

**Carmela González Iglesias na data 05/04/2024 10:48:41**

**Daniel Castro García na data 05/04/2024 10:49:08**

**Daniel Pérez López na data 05/04/2024 10:50:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o derrubo parcial da ponte da OU-536 no concello de Xunqueira de Espadañedo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 26 de febreiro produciuse o derrubo de parte da ponte da OU-536, no concello de Xunqueira de Espadañedo, treito que levaba pechado ao tráfico rodado apenas había tres días, nos que o tránsito viario estaba desviado polas estradas OU-106 e OU-153.

O treito do vial que circula pola ponte, construída a finais do século XIX, foi obxecto xunto con outras estradas de Ourense titularidade da Xunta de Galiza (OU-101, OU-193, OU- 193 e OU-801) da realización de obras de reforzo do firme, sen que o proxecto licitado contemplase actuación de mellora ou conservación da estrutura da ponte.

No referido proxecto, aprobado en marzo de 2023, se fai constar que nas últimas medicións realizadas a intensidade media de circulación de vehículos polo p.q. 14 da OU-536 é superior aos 3.000 vehículos, e no p.q. 33,4 excede dos 1.000. En ámbolos dous casos os vehículos pesados que diariamente circulan por eses puntos representan máis do 7% do total.

Xa que logo o derrubo da ponte non só vai dificultar a comunicación entre distintas comarcas da provincia de Ourense, senón que pon de manifesto a total falla de







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

dilixencia da Xunta de Galiza no mantemento e atención das estradas de Ourense da súa titularidade, mesmo ante situacións, como no caso indicado, de grave risco para a integridade física das persoas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións realizou a Xunta de Galiza, con anterioridade ao ano 2023, para comprobar o estado da ponte de Xunqueira de Espadañedo polo que circula a OU-536?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/04/2024 11:03:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/04/2024 11:03:28**

**Luis Bará Torres na data 05/04/2024 11:04:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Valcárcel Armesto, Iago Suárez Fernández e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o dereito da cidade de Lugo a dispor duns servizos ferroviarios do século XXI.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos vinte anos a cidade de Lugo perdeu o 60% dos servizos ferroviarios pasando de quince servizos a apenas seis. Porén, as viaxes das que dispón a cidadanía de Lugo, non só da capital, resultan absolutamente ineficientes para que o tren sexa considerado unha opción viable nos seus desprazamentos.

Sirvan de exemplo da situación dúas. Dunha banda, a liña que une Lugo coa cidade da Coruña. Unha viaxe que en coche dura 1h, en tren esténdese a case dúas. Doutra, a supresión do tren que unía Lugo con Euskadi ou o nocturno a Barcelona.

Aliás, cómpre lembrar que Lugo aínda non conta cunha vía electrificada se ben están desenvolvéndose na actualidade –aínda con demoras– as obras de modernización na liña Lugo-Monforte-Ourense como resultado do acordo de investidura asinado polo BNG en 2020.

O tren é, desde hai anos, a opción preferente a nivel europeo na mobilidade tanto de persoas como de pasaxeiros por tratarse dun medio de transporte colectivo determinante para a descarbonización da economía. Porén, Lugo vén sufrindo desde hai décadas e con gobernos en España dun e doutro signo, a redución e o empeoramento





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

duns servizos que nunca chegaron a situarse no pasado século nin sequera nos estándares mínimos.

Esta situación de discriminación a respecto doutras cidades galegas (agás Ferrol que se atopa en idéntica situación) está a supor un enorme prexuízo social e económico para a cidade e, por extensión, para o conxunto da provincia.

Por esta razón, desde o Bloque Nacionalista Galego levamos anos reclamando pola vía institucional e da mobilización social, a necesidade urxente e imperiosa de que a cidade de Lugo non fiqué atrás e contemos cuns servizos ferroviarios do século XXI. Unha reivindicación compartida polos principais axentes sociais e económicos da cidade.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai apoiar a Xunta de Galiza as demandas do BNG e dos axentes sociais e económicos de Lugo e exercer as súas competencias para rematar coa discriminación histórica da nosa cidade?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Iago Suárez Fernández**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/04/2024 11:27:25**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/04/2024 11:28:38**

**Iago Suárez Fernández na data 05/04/2024 11:29:23**

**Paulo Ríos Santomé na data 05/04/2024 11:29:45**



## A Mesa do Parlamento

**Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Victoria Núñez López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Nos últimos anos, Galicia foise situando como unha comunidade de referencia na loita contra o cambio climático e na aposta por un modelo de economía circular. Desde a aprobación en 2019 da Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050, fóronse dando pasos que teñen permitido a redución da emisión de gases de efectos invernadoiro.

Un dos últimos avances neste camiño foi a posta en marcha en xuño de 2022 da Alianza Galega polo Clima, que suma xa máis de 115 entidades adheridas, entre empresas, asociacións profesionais e organizacións sindicais, así como, oenegués ambientais, entidades da sociedade civil e administracións públicas.

Esta Alianza defínese como unha iniciativa que avoga pola busca de medidas comúns e coordinadas que xeren sinerxias na acción climática en Galicia. Segundo indicou o Goberno galego, esta Alianza naceu co obxectivo de reunir a organizacións dispostas a asumir un compromiso para avanzar na mellora do medio ambiente, o logro dos Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable e a Axenda 2030.

A Alianza tamén ten como finalidade identificar os factores, brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións asuman un compromiso medioambiental. E, ademais, impulsará iniciativas de mellora nas prácticas medioambientais das organizacións e da sistemática de compartir boas prácticas e o recoñecemento público a esta implicación coa mellora do medio ambiente.

Máis de ano e medio despois da súa posta en marcha, cómpre facer balance dos avances acadados e dos retos que presenta para o futuro esta Alianza Galega polo Clima.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal e o balance da implantación da Alianza Galega polo Clima e cales son as previsións para o futuro?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





**Asinado dixitalmente por:**

**Javier Arias Fouz na data 05/04/2024 11:25:51**

**José Manuel Balseiro Orol na data 05/04/2024 11:26:07**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/04/2024 11:26:18**

**María Deza Martínez na data 05/04/2024 11:26:24**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/04/2024 11:26:33**

**María Martínez Allegue na data 05/04/2024 11:26:48**

**Victoria Núñez López na data 05/04/2024 11:27:20**

**Carmen Pomar Tojo na data 05/04/2024 11:27:34**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 05/04/2024 11:27:50**





## A Mesa do Parlamento

**Raúl Santamaría González, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Victoria Núñez López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A Xunta de Galicia activou en xullo de 2023 a aplicación web que permite controlar o acceso de visitantes ao Areoso, na Illa de Arousa, e publicou no Diario Oficial de Galicia a orde reguladora de usos públicos e actividades permitidas no espazo natural que conforman o arquipélago dos Guidoiros (do que forma parte este illote) e a illa da Rúa.

Segundo explicou o Goberno galego, o obxectivo desta medida é garantir o equilibrio entre a protección dos valores e recursos naturais e o aproveitamento público deste espazo, que nos últimos anos viña rexistrando unha importante afluencia de visitantes.

Este sistema, parecido ao que se emprega para o acceso ao monumento natural da praia das Catedrais, limita a 150 os visitantes diarios permitidos no illote arousán a través de tres quendas de visitas (do amencer ás 13,00 horas; das 13,00 horas ata as 17,00 horas; e das 17,00 horas ata o solpor).

Transcorridos os primeiros meses da súa posta en marcha, desde o grupo parlamentario popular consideramos importante saber como foi a implantación deste sistema e cales foron os primeiros resultados da súa aplicación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cantas persoas visitaron o illote Areoso desde a posta en marcha do sistema de acceso de visitantes e que balance fai a Xunta?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

### Asinado dixitalmente por:

**Raúl Santamaría González na data 05/04/2024 11:30:45**

**Javier Arias Fouz na data 05/04/2024 11:31:02**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**José Manuel Balseiro Orol na data 05/04/2024 11:31:17**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/04/2024 11:31:30**

**María Deza Martínez na data 05/04/2024 11:31:37**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/04/2024 11:31:45**

**María Martínez Allegue na data 05/04/2024 11:31:59**

**Victoria Núñez López na data 05/04/2024 11:32:10**

**Carmen Pomar Tojo na data 05/04/2024 11:32:24**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 05/04/2024 11:32:39**







## A Mesa do Parlamento

**Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Victoria Núñez López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O Goberno galego publicou xa a convocatoria para o ano 2024 do programa de avais públicos dirixido á mocidade para adquisición da súa primeira vivenda, e que permanece aberta ata o próximo 30 de outubro. Trátase xa da segunda convocatoria deste programa.

A mocidade, á hora de facer fronte á compra da súa primeira vivenda, atópase coa realidade de que aínda que teña capacidade de pagamento da cota hipotecaria resultante da compra, non dispón dos aforros necesarios para afrontar a cantidade non cuberta polo préstamo hipotecario.

De aí, a posta en marcha por parte da Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, dun programa para a concesión de avais aos mozos e mozas menores de 36 anos, para facilitar o acceso e a adquisición da súa primeira vivenda.

Cómpre lembrar, que o Goberno central tamén anunciou, xusto despois de Galicia, que lanzaría este sistema de avais. Pero, meses despois, segue sen poñerse en marcha.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o orzamento destinado polo Goberno galego a esta segunda convocatoria de avais públicos dirixida aos menores de 36 anos para a compra da súa primeira vivenda?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

### Asinado dixitalmente por:

**Javier Arias Fouz na data 05/04/2024 11:35:31**

**José Manuel Balseiro Orol na data 05/04/2024 11:35:50**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/04/2024 11:36:02**

**María Deza Martínez na data 05/04/2024 11:36:08**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/04/2024 11:36:16**

**María Martínez Allegue na data 05/04/2024 11:36:29**

**Victoria Núñez López na data 05/04/2024 11:36:39**

**Carmen Pomar Tojo na data 05/04/2024 11:36:55**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 05/04/2024 11:37:08**





## A Mesa do Parlamento

**Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Victoria Núñez López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, busca mellorar e protexer a riqueza paisaxística de Galicia, para o que conta con instrumentos cos que asegurar a súa idónea protección, xestión e ordenación.

A paisaxe é un elemento que axuda a mellorar a nosa calidade de vida e benestar, xa que a contorna das persoas inflúe notablemente na súa vida cotiá, por este motivo é importante conseguir e protexer a rica e extensa diversidade paisaxística de Galicia.

Foi no ano 2021 cando se publicou a primeira convocatoria das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos en edificios e vivendas particulares ou en edificios públicos de conformidade cos valores paisaxísticos recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia e, os obxectivos e criterios que expresan as Directrices da paisaxe de Galicia.

A Xunta, a través do Instituto de Estudos do territorio apostou, un ano máis, para 2024, polo 'fermosismo', con incentivos para particulares e entidades locais co obxectivo principal de acometer actuacións que repercutan de forma positiva na imaxe exterior dos inmobles, obras que permitan emendar o impacto negativo que causan sobre o entorno edificacións nas que se prestan servizos municipais ou mellorar equipacións públicas propiedade dos concellos, con especial fincapé nos elementos etnográficos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Neste ano 2024, ¿cantos concellos se viron beneficiados por as axudas de corrección dos impactos paisaxísticos?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Javier Arias Fouz na data 05/04/2024 11:39:50**

**José Manuel Balseiro Orol na data 05/04/2024 11:40:08**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/04/2024 11:40:20**

**María Deza Martínez na data 05/04/2024 11:40:26**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/04/2024 11:40:34**

**María Martínez Allegue na data 05/04/2024 11:40:47**

**Victoria Núñez López na data 05/04/2024 11:40:56**

**Carmen Pomar Tojo na data 05/04/2024 11:41:10**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 05/04/2024 11:41:23**



## A Mesa do Parlamento

**Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, María Martínez Allegue, Victoria Núñez López, Carmen Pomar Tojo e Roberto Rodríguez Martínez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

En xullo de 2022 púxose en marcha a Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que naceu co obxectivo de axilizar e dinamizar os trámites administrativos relativos ao planeamento urbanístico.

Este organismo, que xa estaba previsto na disposición adicional 4ª da Lei do solo de Galicia, veu a substituír á Comisión Superior de Urbanismo. Naceu co obxectivo de contribuír á simplificación, axilidade e eficacia na tramitación dos procedementos no marco do principio de colaboración coas distintas entidades e administracións que así o precisen, a través do asesoramento naqueles aspectos que sexan requiridos e no marco das competencias da Comunidade Autónoma en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

Polo tanto, desde hai case dous anos a comunidade galega conta cun órgano específico a disposición dos concellos para resolver as súas dúbidas sobre o urbanismo ou a ordenación do territorio.

Un período durante o que a Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo recibiu consultas de entidades locais e de colexios profesionais e organizacións empresariais, que poden solicitar informes interpretativos a este organismo, polo que desde o Grupo Parlamentario Popular consideramos importante coñecer o balance destes meses de actividade e como ten contribuído a unha materia de gran complexidade como é o planeamento urbanístico.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance de actividade da Xunta Consultiva de Ordenación do Territorio e Urbanismo desde a súa posta en marcha?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Javier Arias Fouz na data 05/04/2024 11:45:40**

**José Manuel Balseiro Orol na data 05/04/2024 11:45:56**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 05/04/2024 11:46:09**

**María Deza Martínez na data 05/04/2024 11:46:15**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 05/04/2024 11:46:23**

**María Martínez Allegue na data 05/04/2024 11:46:34**

**Victoria Núñez López na data 05/04/2024 11:46:44**

**Carmen Pomar Tojo na data 05/04/2024 11:46:58**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 05/04/2024 11:47:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as campañas de saneamento en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tuberculose é unha enfermidade infecciosa causada por micobacterias do Complexo Mycobacterium Tuberculosis, presente en bovinos, tanto salvaxes coma domésticos, non exenta de conservarse noutros reservorios. Trátase dunha doenza de especial relevancia pola súa condición de zoonose, constituíndo desta maneira un problema de saúde pública.

Dada a importancia desta enfermidade a nivel gandeiro e de saúde humana, foi considerada obxecto de campañas de erradicación que comezaron con actuacións xa a principios dos anos 50. Grazas as medidas tomadas, somos en Galiza unha das zonas do Estado Español declaradas oficialmente libres da tuberculose bovina a partires do 2021 considerando, tras as recollidas de datos dos últimos anos que, a pesares de se detectaren casos illados no noso país, co posterior baleiro sanitario (Manzaneda e Dozón, por exemplo), responden a unha circunstancia que se afasta do común, tendendo á prevalencia a cero como indican os mapas publicados polo Ministerio de Agricultura e Gandería ( o último elaborado no 2022).

As probas realizadas en campo son de dous tipos maioritariamente, aínda que hai outras opcións posibles. Por unha banda utilízase a intradermotuberculización, que pode ser simple ( proba de rutina) ou comparada ( excepcional e baixo o criterio da





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

autoridade competente). Son probas de pel onde, pasado o tempo estipulado, se fan medicións exactas do aumento do grosor desta para comparalo coa pel sá e valorar o grao de inflamación derivado de dita proba, engadindo a dita valoración o estado sanitario do propio rebaño en cuestión. A outra proba é a da detección de interferon-gamma, complementaria á proba de pel simple (IDTB), onde se recollen mostras de sangue dos animais para analízalas en laboratorios autorizados.

Ditas campañas de saneamento son xa ben coñecidas no sector, pola súa longa traxectoria e regularidade, que se reduciu nos últimos anos dada a baixada na prevalencia, así coma polos posibles resultados das mesmas, sempre obxecto de enfrontamento entre a administración e os gandeiros/as.

O sector gandeiro está comprometido co obxectivo de manernos libres de tuberculose e brucelose por extensión e, de ser posible erradicadas por completo, aínda que cos reservorios salvaxes sexa de especial complicación este feito. Sen embargo, as medidas tomadas tanto pola administración, coma polo ministerio e UE, en relación ao que significa a presenza de positivos en granxa e matadoiro, a presenza de animais dubidosos coa súa posterior inmovilización ou sacrificio innecesario nos casos finalmente negativos e os baleiros sanitarios son, a xuízo dos afectados por ditos casos, inexistentes, insuficientes e pouco adaptadas a realidade do noso país e a gandería que aquí se desenvolve.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Contempla a Xunta de Galicia o uso de probas máis específicas e menos sensibles nas campañas de saneamento futuras, coa finalidade de detectar menos casos positivos e dubidosos que non se corresponden coa presenza da tuberculose e que rematan en matadoiro de xeito innecesario?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

Asdo.: **Sonia Vidal Lamas**  
**Ariadna Fernández González**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Sonia Vidal Lamas na data 05/04/2024 12:21:37**

**Ariadna Fernández González na data 05/04/2024 12:23:54**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O centro de educación infantil Crespo Rivas e o centro de educación primaria Campolongo son dous centros educativos de referencia no concello de Pontevedra.

Ambos centros pola súa proximidade comparten dende o ano 2013 comedor escolar, tras a adecuación dun antigo edificio destinado a educación infantil nunha obra na que se investiu por parte da Xunta de Galicia a cantidade de 15.000 €.

Unha década despois e cunha media de 160 usuarios durante 10 meses ao ano, este espazo se atopa nunha terrible situación de deterioro que necesita un novo investimento.

Entre as eivas que presenta este espazo e que deben ser reparadas polo Goberno da Xunta por se tratar de obras de mellora, atópanse as seguintes:

- A substitución das ventás xa que debido ao seu deterioro non illan do frío e moitas nin sequera pechan. Tamén existen varios vidros furados ou rotos, co conseguinte risco de manipulación, cortes, e desprendementos, ademais dos xa comentados problemas de filtración de aire.



- Na cociña non hai sistema de extracción o que provoca que o funcionamento dos fornos xere unha gran condensación que non se pode evitar coa apertura das ventás. Derivado do anterior o teito da cociña atópase cheo de humidade o que é insalubre para as persoas usuarias.
- As características do firme supoñen un perigo para os cativos e cativas, xa que e frecuente esvarar, polo que é necesario que se impermeabilice e despois se coloque un solo axeitado ao tipo de uso.
- O teito do comedor está formado por placas de coriza que tras 10 anos nesta situación de humidade e condensación está nun estado deplorable, con desprendementos parciais, restos de humidade, e falta de selado perimetral e contra as caixas de persianas. Isto tradúcese nun risco de posible derrube parcial co conseguinte perigo para os nenos/as, porque calquera placa que se poida desprender podería golpear aos cativos.

As humidades e fendas existentes non fan máis que agravar o problema de filtración de aire e, polo tanto, de illamento dun edificio que xa de por si ten graves problemas.

Sería necesario revisar a cuberta desta infraestrutura e, se for o caso, cambiala ou substituír estas placas por unhas novas.

Os aseos, xa existentes antes da reforma do 2013, están desfasados polo que cómpre cambialos por uns máis modernos e seguros adaptados aos tempos.

Desde o Grupo Socialista entendemos que ante esta situación cómpre unha actuación urxente da Xunta que poña fin a esta situación de insalubridade e perigo na que se atopan as persoas usuarias menores.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 12:39:39  
**Nº Rexistro: 1005**  
Data envío: 05/04/2024 12:39:39.328

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Ten previsto o Goberno da Xunta levar a cabo algún investimento no comedor que comparten os centros educativos Crespo Rivas e Campolongo?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 12:36:04**

**Julio Abalde Alonso na data 05/04/2024 12:36:33**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 12:36:47**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3448

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A violencia de xénero é a vulneración sistemática dos dereitos das mulleres. A súa erradicación compete a toda a sociedade e moi especialmente a todas as administracións públicas. Por iso, é polo que os fondos do pacto de Estado contra a devandita violencia estean destinados a concienciar e sensibilizar á sociedade en igualdade, respecto, convivencia e loita contra a violencia machista.

O Grupo Parlamentario Socialista tivo coñecemento da convocatoria de “unha cea para mulleres” no concello de Cerdedo-Cotobade, na provincia de Pontevedra, o próximo 4 de maio. Unha actividade que se anuncia cos logos do Pacto de Violencia de Xénero, do Ministerio de Igualdade, da Xunta de Galicia, da propia Consellería de Emprego e Igualdade e do Concello de Cerdedo-Cotobade.

Hai que lembrar que, de conformidade coa Resolución do 17 de xullo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, de transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2023, as actividades que se financien con cargo a estes fondos deben enmarcarse, necesariamente, nalgún dos eixos e medidas previstos para as entidades locais do documento refundido de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero acordadas.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1018**  
Data envío: 05/04/2024 15:30:01.482

Por todo iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista condenamos todas aquelas accións ou actividades que banalizan as políticas públicas para erradicar a violencia de xénero e tamén entendemos que a citada cea se debe considerar unha actividade non financiada de maneira que non se poderá imputar aos fondos do Pacto de Violencia de Xénero.

A perspectiva de xénero é a procura da igualdade para evitar discriminacións ou situacións de marxinación, violencia e inxustiza, o que non encaixa de ningún xeito cunha cea lúdico festiva con *DJ's* e karaoke.

Con base no exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Entende o Goberno galego que os fondos do Estado do Pacto para a violencia de xénero encaixan en actividades como a “cea para mulleres” organizada no concello de Cerdedo\_Cotobade?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2024 15:26:36**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 15:26:49**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 15:27:05**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3450

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O fiscal xefe de Pontevedra alertou nunha entrevista radiofónica da preocupante situación que está a vivir o narcotráfico en Galicia demostrando con cifras o crecemento sostido da actividade.

Entre as medidas necesarias para mellorar a loita contra esta actividade delictiva, o fiscal xefe sinala, por unha banda, a necesidade de actualizar os mecanismos cos que se conta na actualidade, unha dotación maior de persoal, actualizar os medios técnicos de investigación, así como os diferentes medios tecnolóxicos dos que dispoñen. E por outra, incidiu no valor da sensibilización social sobre a importancia do narcotráfico, xa que o problema do consumo crónico de sustancias estupefacientes está intimamente relacionado con diferentes fenomenoloxías criminais.

Desde o Grupo Socialista entendemos que o Goberno galego ten que mellorar a colaboración institucional co Goberno de España nesta loita e incrementar a partida orzamentaria destinada a este mesmo fin, co obxectivo de mellorar a sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico xunto á prevención da drogodependencia.

Cabe sinalar que se aprobou no Pleno do Parlamento de Galicia unha proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista na que se reclamaba un plan galego de saúde mental, que debería establecer, entre outras medidas, a asunción por parte do Goberno galego das Unidades de Atención á Drogodependencia que quedaban dependentes dos concellos para cumprir así



co previsto na Lei xeral de Sanidade, que establece que son os departamentos de saúde das comunidades autónomas (Sergas) os que exclusivamente teñen as competencias da atención sanitaria das diferentes enfermidades.

A maiores disto, aprobouse por unanimidade nunha comisión parlamentaria unha proposición non de lei presentada tamén por iniciativa do Grupo Socialista, que incidía na necesidade de asumir esta competencia por parte do Sergas, centrábase na unidade do Concello de Pontevedra.

Transcorrido xa un tempo amplo, o Goberno galego está a demostrar que non ten ningunha vontade de asunción desta competencia porque non está a cumprir co pactado, nin responde aos requirimentos da Fegamp nin ao acordo parlamentario.

Desde o Grupo Socialista esiximos a este goberno que asuma as competencias que lle corresponden en materia de sanidade e inicie con urxencia, debido á situación na que se atopan e aos incumprimentos unilaterais por parte da Xunta de Galicia, o proceso de xestión e financiamento íntegro das Unidades de Atención á Drogodependencia, coa asunción de todo o seu persoal.

Por todo o antedito, as deputadas que asinan preguntan:

Entende o Goberno galego que a partida orzamentaria que está a destinar na actualidade para a loita contra o narcotráfico é suficiente?

Parlamento de Galicia, 5 de abril de 2023

**Asinado dixitalmente por:**







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1023**  
Data envío: 05/04/2024 15:45:29.603

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 15:31:38**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 15:34:50**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3453

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Esta nova Lei 20/2022, de 19 de outubro, de memoria democrática supón un paso máis na vontade de recuperación, e establece, entre outros aspectos unha visión transversal con perspectiva de xénero. Visión tan necesaria e ausente nun modelo patriarcal único, imperante ao longo dos tempos.

Nesa lei prevese de forma transversal o papel activo das mulleres en España como protagonistas dunha longa loita pola democracia e os valores de liberdade, igualdade e solidariedade.

Recoñece na súa exposición de motivos que nesas loitas e sufrimentos as mulleres españolas desempeñaron un papel singular, por ser suxeitos activos na vida intelectual, profesional, política e sindical do noso país.

As mulleres, durante a ditadura, non só foron encarceradas, fusiladas e sometidas a torturas e acoso, senón que sufriron unha represión específica, "unha represión ideolóxica e de xénero".

Polo tanto, temos a obriga de recuperar a historia con perspectiva de xénero, sen deixar a ninguén atrás.

Por todo o antedito, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno da Xunta impulsar un proxecto de recuperación da memoria democrática das mulleres galegas, co fin de visibilizalas e recoñecer a





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1030**  
Data envío: 05/04/2024 16:05:39.150

represión que sufriron e o papel vertebrador que tiveron na loita pola democracia e a autonomía galega?

Parlamento de Galicia, 5 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 16:02:48**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 16:03:04**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3455

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei de memoria histórica, 52/2007, establece no seu artigo 15 que as administracións públicas tomarán as medidas oportunas para a retirada de escudos, insignias, placas e outros obxectos ou menciones conmemorativas de exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar, da Guerra Civil e da represión da ditadura. Establecendo que entre estas medidas se poderá incluír a retirada de subvencións ou axudas pública.

O Parlamento de Galicia aprobou en Pleno por unanimidade, no mes de marzo do ano 2008 unha Proposición non de lei transaccionada entre os 3 grupos parlamentarios: PSdeG, PP, BNG, por proposta deste último, na que se acadaba o seguinte acordo:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da ditadura franquista.
2. Colaborar coas distintas administracións implicadas, nomeadamente cos concellos, na eliminación da simboloxía e nomenclatura fascista nos termos previstos no artigo 15 da Lei 52/2007 de 26 de decembro."





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:33:30  
**Nº Rexistro: 1037**  
Data envío: 05/04/2024 16:33:30.961

A pesares deste acordo e tras 15 anos de vixencia da lei, moitos símbolos franquistas aínda perviven en fachadas, muros e outros elementos de edificios en Galicia.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista vimos anos denunciando o desleixo do goberno do PP en materia de memoria histórica, e defendemos que é necesario e urxente o cumprimento deste acordo parlamentario comezando pola elaboración, por técnicos cualificados, dun informe no que se relacione a simboloxía fascista aínda existente na nosa comunidade e a propiedade destes inmobles para despois proceder á súa retirada, xa sexa por competencia propia ou en colaboración coas distintas administracións implicadas ou propietarios privados.

Non pode ser que sigan a existir simboloxías fascistas na nosa contorna cando existe unha norma que o prohíbe.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego dar cumprimento ao acordo plenario acadado o 26 de marzo de 2008, e así aplicar o establecido na Lei 52/2007 do 26 de decembro, de memoria histórica?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 16:30:37**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 16:30:51**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3457

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os indicadores de pobreza alertan sobre o impacto significativo en familias monoparentais e na pobreza infantil. Gran parte desas familias son encabezadas por mulleres divorciadas, ou nais que crían soas aos seus fillos e fillas. Nunha sociedade avanzada é intolerable que, o pasado ano, tivo os orzamentos máis altos que nunca na historia de Galicia, debido en parte aos fondos europeos e estatais recibidos, existan nenos e nenas que non teñan cubertas ás súas necesidades básicas ou incluso pasen fame ou sufran unha dieta pobre. E máis preocupante aínda é que o Goberno galego sigue incumprindo á súa propia Lei 5/2021, de impulso demográfico de Galicia.

En concreto, o Goberno galego incumpre o artigo 40:

“Especial consideración das familias monoparentais

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará, no prazo dun ano dende a entrada en vigor da presente lei, un plan de apoio ás familias monoparentais, coa finalidade de mellorar a atención e a cobertura social das súas necesidades. Dentro deste plan promoverase, en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, o desenvolvemento de medidas específicas por parte das administracións locais.
2. No prazo de seis meses dende a entrada en vigor da presente lei darase cumprimento ao mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais Galegas, previsto na nova redacción dada ao número 3 do artigo 13 de la Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.





Despois dun ano e medio de incumprimento da Lei de Impulso Demográfico e cos últimos informes sobre pobreza en Galicia, onde amosan unha mellora dos datos globais galegos grazas (entre outras medidas) ao IMV e á Tarxeta Básica (que a Xunta retirou), pero que prenden unha alerta urxente xa que amosan unha situación límite para unha gran parte das familias monoparentais e con elo datos preocupantes en pobreza infantil.

En concreto, os datos amosan que o risco de pobreza en poboación infantil e xuvenil increméntase, do 31,1 % ao 34 %, moi por riba da taxa en adultos 25,4 %. O índice de pobreza en Galicia creceu nos últimos dous anos nas mulleres, nenos, nenas e mocidade. Todo elo unido ao incremento de menores tutelados, fai que o Goberno galego teña a necesidade de elaborar un paquete de accións significativas sobre a poboación infanto-xuvenil. De seguir igual, estaríamos ante algo totalmente inadmisíbel para a nosa sociedade e para o principio de igualdade de oportunidades, unha involución en toda regra.

Dende EAPN Pobreza Galicia informan que a taxa de pobreza severa baixou entre 2020 e 2021 en Galicia do 9,4 % ao 8,8 %, afectando a 237.769 persoas. Sen embargo, a situación por sexos é ben distinta, mentres que entre os homes baixa do 10,2 ao 8,6 %, en mulleres aumenta, do 8,7 ao 9 % . Ademais, os datos amosan novos perfís en risco de pobreza como o de persoas con estudos e o de persoas que traballan pero caen en risco de pobreza igualmente pasando do 13,5 % ao 17,9 %.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas realizou a Xunta de Galicia para mellorar a situación das familias monoparentais, especialmente encabezadas por mulleres?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:35:18  
**Nº Rexistro: 1046**  
Data envío: 05/04/2024 16:35:18.472

Santiago de Compostela, 4 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 16:19:20**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 16:19:29**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3460

@PSdeG







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na anterior lexislatura, o 16 de febreiro do ano 2021 a Consellería de Política Social anunciaba a presentación ao Goberno de España duns proxectos do ámbito social para captar, segundo a propia Consellería 164 millóns de euros de fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Foron varias ás veces que a través de preguntas e interpelacións ante a Consellería de Política Social da XI lexislatura, foron solicitados os informes nos que está detallada a finalidade e execución dos devanditos fondos. Ante a falta de información por parte da Consellería á Cámara que representa a todos os galegos e galegas no Parlamento de Galicia, dende o Grupo Socialista consideramos necesaria e urxente a súa comparecencia para ter coñecemento dun tema transcendental para os galegos e galegas como foron os momentos de crise sanitaria e social provocada pola Covid-19.

Se embargo, unha vez máis, o Goberno galego non correspondeu coa transparencia de informar detalladamente deses proxectos. Máis de dous anos despois, o Consello de Contas constataba que o Goberno galego deixou sen executar case o 60 % dos fondos europeos, en concreto segundo o ente fiscalizador, Galicia tería asignados 1.097 millóns de euros de fondos europeos para o 2021, dos que se executaron proxectos por valor de 40,5 % quedando o 59,5 % sen executar.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:36:53  
**Nº Rexistro: 1054**  
Data envío: 05/04/2024 16:36:53.172

Tendo en conta que a política social é unha das áreas que máis depende destes fondos, tendo en conta as necesidades que existen en Galicia, unha das comunidades autónomas máis envellecida do país e cunha maior porcentaxe de persoas con dependencia ou discapacidade, é fundamental saber se a Consellería de Política Social deixou sen executar proxectos sociais vencellados a estes fondos, e concretar as contías e áreas afectadas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando vai ser enviado un informe detallado dos proxectos sociais dependentes dos fondos europeos que fai xa máis de dous anos foron solicitados á Consellería de Política Social?

Santiago de Compostela, 5 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 16:23:15**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 16:23:23**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3462

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Na XI lexislatura, no Debate do Estado da Autonomía, o **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** presentou unha resolución que apoiaba a gratuidade das primeiras matrículas universitarias, así mesmo, defendemos na Sesión Plenaria do 10 de abril de 2019 unha **proposición non de lei** que instaba ó Goberno Galego a garantir a gratuidade de devanditas matrículas.

Todas as iniciativas foron rexeitadas co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, afectando negativamente ó conxunto dos e das estudantes de Galicia. Tras a subida do custe da vida xeral, por mor da pandemia da COVID-19 e a posterior situación económica, o Goberno de España aumentou a contía das bolsas universitarias para facilitar o acceso á educación superior e agora é o momento de que o Goberno galego colabore na mellora da situación do estudantado galego.

A educación superior ten que entenderse como un dereito individual ó igual que a educación primaria e secundaria e, como tal, consideramos que debe estar cuberta para as familias galegas. Os e as socialistas entendemos que o Goberno Galego ten que axudar á xente moza a acceder á educación universitaria a través das primeiras matrículas gratuítas nos graos e nos mestrados, así como, unha redución do cincuenta por cento nas segundas matrículas ó entender que os suspensos non reiterados non poden supoñer un impedimento económico para o remate dos estudos, constituíndose como un problema para as familias galegas.





A gratuidade da primeira matrícula en títulos de graos xa está implantada nos países máis avanzados economicamente de Europa. Países como Austria, Dinamarca, Finlandia, Noruega e Suecia avalan a posta en marcha desta medida. No Estado temos o caso da Comunidade Autónoma de Andalucía que, dende 2017, bonifica o noventa e nove por cento de cada crédito aprobado o ano anterior.

A ampliación cara os mestrados ven referendada polo aumento da importancia que estes teñen para unha mellor inserción no mercado laboral e por ter en moitos casos carácter obrigatorio para acadar competencias profesionais en carreiras técnicas, Enxeñerías e Arquitectura, ou exercicio profesional como poden ser os mestrados de avogacía ou de profesorado de secundaria.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno de Galicia que a gratuidade das primeiras matriculas dos graos deben estenderse tamén as matriculas dos mestrados?

Santiago de Compostela, 4 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 05/04/2024 16:25:04**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:37:57  
**Nº Rexistro: 1058**  
Data envío: 05/04/2024 16:37:57.060

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 16:25:13**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3465

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Hoxe xa non é cuestionable que o cambio climático é unha realidade que supón unha ameaza para humanidade, polo que é unha obriga colectiva, pero tamén individual, poñer as medidas ao noso alcance para loitar contra ese cambio climático e o seu impacto sobre o noso planeta, sabendo que as medidas para combatelo non poden estar enfocadas só nun problema medioambiental, senón que deben contemplar o reto social e o reto económico que van asociados.

A dependencia enerxética do noso país, estaba no 79,5 % de fontes de enerxías primarias importadas e de orixe fósil fronte ao 20,5 % de renovábeis e autóctonas. Ante esta situación, en xullo de 2021 a Comisión Europea lanzou un ambicioso paquete de medidas da estratexia “Fit 55” co obxectivo da neutralidade carbónica da xeración de enerxía para 2050, reducindo nun 55 % as emisións respecto do nivel do ano 1990 para o ano 2030, sendo no caso concreto de España o obxectivo de redución do 23 %.

Ante estes retos, é necesario e urxente aumentar o ritmo de despregue das enerxías renovables, débese acadar unha cota mínima do 40 % no ano 2030. Xa que logo, hai que integrar a enerxía renovable no desenvolvemento da nosa economía, recuperando o potencial industrial que tivemos no pasado e que perdemos pola paralización da súa implantación durante os 13 anos de Goberno de Núñez Feijóo, logo de recorrer á vía xudicial o concurso eólico do Goberno do bipartito, que foi finalmente avalado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia-TSXG- o que supuxo que se deixaran fora da produción enerxética eólica 2325 MW en Galicia.





Neste momento clave para a transición enerxética en todo o mundo e ante a chegada dos fondos europeos Next Generation-EU ao noso país, a implantación de enerxía eólica debería ser unha prioridade para a Xunta de Galicia o que nos permitiría volver a ser líderes mundiais neste sector, aproveitando as nosas potencialidades: un recurso abundante, o coñecemento, as capacidades e a experiencia necesarios para poder desenvolver as tecnoloxías e a construción das infraestruturas.

Pero todo isto non será posible se o Goberno galego non aposta firmemente pola implantación de enerxía eólica ordenada no noso territorio, facilitando o despregue de nova potencia renovable que poida posicionar a Galicia como rexión estratéxica e pioneira na descarbonización total do seu sistema económico e as instalación de novas industrias na nosa terra. Esta transición enerxética no desenvolvemento industrial facilitará a creación de novas rendas e postos de traballo sostibles, que respecten as demandas sociais cunha axeitada protección do medio ambiente, dos medios agrario e forestal, do patrimonio rural, e demandan unha plena integración das novas iniciativas no desenvolvemento rural, onde aos novos parques lles deberán esixir novas oportunidades, investimentos e valor engadido para as comarcas, que faciliten a loita contra o despoboamento e o abandono da actividade alí onde se instalen.

Na actualidade a inexistente política eólica do Goberno galego só nos leva a incrementar o rexeitamento da cidadanía, dos concellos afectados, das asociacións ecoloxistas e das propias organizacións agrarias en calquera lugar do noso territorio onde se pretenda construír un parque eólico ao tempo do enfado dos sectores afectados pola inseguridade xurídica e a paralización do goberno galego, tal e como amosan as múltiples resolucións xudiciais desfavorables por incumprir os requisitos medioambientais, de equilibrio territorial e da poboación afectada no trámite de información pública.





No momento actual, O TSXG ordenou a suspensión cautelar doutros tres parques eólicos e suman xa 18 paralizacións. Nos autos de suspensión, o Tribunal ten en conta, como requisito complementario ao 'periculum in maura', ou perda da finalidade lexítima do recurso, a ponderación dos intereses en conflito en cada caso concreto. Na ponderación deses intereses contrapostos (público e privado), segundo explica o tribunal, debe prevalecer o que resulte máis digno de protección. Nos autos, a Sala destaca a prevalencia dos principios de cautela, prevención e precaución en materia ambiental, así como a preponderancia que teñen sobre a captación e transporte de enerxía eléctrica, salvo que se acredite o interese xeral que para o sistema eléctrico teña a execución e funcionamento do parque eólico analizado en cada caso en concreto. Á hora de apreciar o 'periculum in amora', o Tribunal ten en conta información obxectiva proveniente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o cal delimitou áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, así como informes sobre hábitats prioritarios e de interese comunitario, que non están a cumprir o Goberno galego con Rueda xa como presidente.

Para as e os socialistas tan insensato é pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica solicitada en Galicia como optar por unha prohibición total de novos desenvolvementos de enerxía eólica, polo que hai que compatibilizar o desenvolvemento de máis parques eólicos co seu encaixe social cun impacto medioambiental e social asumible.







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:39:21  
**Nº Rexistro: 1064**  
Data envío: 05/04/2024 16:39:21.338

Por todo iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é o modelo eólico do Goberno galego na actualidade tras o fracaso no modelo polas numerosas resolucións xudiciais que constatan o incumprimento das condicións medioambientais e de equilibrio territorial dos parques eólicos que se pretenden autorizar?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 16:27:52**

**Lara Méndez López na data 05/04/2024 16:28:02**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3469

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Ante a crise provocada pola covid, a UE decidiu apostar por políticas económicas expansivas que fixesen fronte aos riscos económicos existentes en Europa e particularmente nos países máis afectados pola pandemia. En concreto, as institucións europeas, xunto ao financiamento regular, puxeron en funcionamento un conxunto de fondos económicos que foron distribuídos entre distintos países. O 21 de xullo de 2020 o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal, o Next Generation EU, incluíndo xunto ao ReactEU o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia. Os criterios de reparto establecidos pola UE permiten que a economía española poida recibir unha importante contía destes fondos que xa está empezando a chegar e circular en distintas convocatorias e proxectos.

Estes fondos europeos Next Generation EU, e especificamente o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, son importantes para as posibilidades de modernización da economía galega ante a dobre transición ecolóxica e dixital, así como para a xeración de emprego, a cohesión social e territorial e a igualdade. Sen embargo, o goberno da Xunta careceu dunha estratexia fundamentada e actuou con falla de transparencia e pouca vontade de acordo, incluso ante o Parlamento de Galicia, evitando informar detalladamente e coordinar posicións de país no que poida ser prioritario.

A política de bandazos da Xunta de Galicia evidenciouse cando pasou de priorizar 7 proxectos tractores a sinalar 106 para despois listar 354, remitindo ao goberno do Estado unha folla na que se enumeraban estes proxectos sen máis detalles.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:40:32  
**Nº Rexistro: 1070**  
Data envío: 05/04/2024 16:40:32.773

De feito, o propio Ministerio de Economía reclamou á Xunta que clarificase as súas prioridades.

Mentres o goberno da Xunta xa está dispoñendo e investindo partidas orzamentarias remitidas dende o goberno español que proveñen deses fondos europeos. No momento actual xa foron transferidos no máis de 1659 M de euros respecto os Fondos Next Generation EU, mentres se poñen en marcha e desenvolven un conxunto de PERTE, o goberno da Xunta debe traballar para conseguir que Galicia aproveite axeitadamente a oportunidade dos fondos europeos Next Generation EU.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a Estratexia da Xunta de Galicia en relación aos fondos europeos Next Generation e particularmente do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia?

Pazo do Parlamento, 4 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 16:30:29**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3471

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:40:32  
**Nº Rexistro: 1070**  
Data envío: 05/04/2024 16:40:32.773

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 16:30:40**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3472

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Desde o Goberno de Jose Luís Rodríguez Zapatero no ano 2007, impulsouse a Lei de memoria histórica, os socialistas vimos traballando sen descanso pola recuperación da memoria e o recoñecemento das vítimas da represión franquista, máis de 7.000 en Galicia.

Cidadáns que foron torturados e asasinados por defender os principios democráticos, sendo o caso galego dos máis cruel, por canto non foi un territorio en guerra e todas as vítimas obedeceron ao exterminio ideolóxico.

Coa chegada do PP á Xunta de Galicia freáronse todas as actuacións públicas relacionadas coa memoria histórica que o Goberno progresista de Emilio Pérez Touriño fomentara.

Deste xeito, lugares como a Illa de San Simón sufriron un continuo abandono, e as asociacións que levaban anos traballando sen axudas de ningún tipo, coa excepción dos anos de goberno bipartito, volveron a quedar desamparadas por parte da Administración autonómica.

Esta situación empeorou aínda máis coa chegada do PP ao Goberno de España, no ano 2011, que paralizou totalmente as políticas de memoria.

Posteriormente, os sucesivos gobernos de Pedro Sánchez permitiron que se retomaran estas iniciativas, dando conta do compromiso electoral adquirido, con accións moi relevantes como o traslado do ditador do Val dos Caídos, a





vitoria nos tribunais da recuperación para os bens públicos do Pazo de Meirás, que fora espoliado, no seu día, pola familia Franco e o novo procedemento instado polo Estado para a recuperación tamén dos bens mobles que alí se atopan. Así como a Lei de memoria democrática, que supuxo todo un avance nos dereitos deste país.

Desde o Grupo Socialista cremos que agora é o tempo de que os galegos e as galegas rendamos homenaxe ás nosas vítimas, recuperemos a nosa historia e sigamos gañando dereitos en prol das persoas que sufriron a represión, pois é imposible construír un futuro desde o silencio e o esquecemento do noso pasado.

Para iso, desde este grupo entendemos necesario a elaboración dun plan 2023-2027 para a recuperación da nosa memoria histórica en concordancia co establecido Lei de memoria democrática, co obxectivo principal de contribuír a definir, ordenar e priorizar, a partir do marco legal da nova lei de memoria democrática, un mapa de actuacións prioritarias para os próximos anos, en coordinación coas diferentes institucións e os axentes sociais.

Así mesmo, entendemos necesario a creación do Instituto da Memoria, a Convivencia e os Dereitos Humanos, como organismo autónomo para a realización da actuación administrativa correspondente ao desenvolvemento da política pública consistente na garantía, impulso e desenvolvemento dos dereitos humanos, promoción da memoria e no progreso e desenvolvemento da convivencia democrática.

É por iso que as deputadas que asinan preguntan:

Que accións ten previsto desenvolver este goberno para o cumprimento da Lei 20/22 do 19 de outubro de memoria democrática?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 16:53:16  
**Nº Rexistro: 1076**  
Data envío: 05/04/2024 16:53:16.947

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 16:26:46**

**Patricia Iglesias Rey na data 05/04/2024 16:27:03**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3475

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A comarca da Limia, na provincia de Ourense, considerada o celeiro de Galicia, a principal comarca produtora de pataca e base da provisión de diversas IXP (indicacións xeográficas protexidas), está a sufrir as consecuencias das chuvias das últimas semanas.

Tras un inverno no que os agricultores da zona apenas puideron sementar debido á meteoroloxía, a choiva está a impedir tamén a sementeira de primavera. Sen posibilidade de acceder sequera ás parcelas anegadas, o nivel de preocupación entre os agricultores dunha zona moi dependente deste cultivo é elevadísimo, tanto polas perdas económicas que a situación lles pode supoñer neste ano como polas repercusións no que ten que ver coa PAC e a posibilidade de cumprir cos requirimentos dos Eco-Reximes.

Os danos son evidentes, a perda do cereal de ciclo largo é practicamente total e hai que sumar o atraso na sementeira do cereal de primavera, o que diminuírá considerablemente o seu rendemento. Tamén hai incerteza na implantación do cultivo da pataca, afectado pola imposibilidade de acceso ás parcelas para a súa labranza.

Ante esta situación a organización, Unións Agrarias, ve necesario que a Xunta de Galicia se implique para buscar solucións que palíen a nefasta campaña de cereal da comarca da Limia. Neste caso as perdas previstas pola excepcionalidade climática deste ano son elevadas e de gran importancia para unha zona que, alén da pataca, ten no cultivo de cereal un pilar fundamental







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 17:01:56  
**Nº Rexistro: 1082**  
Data envío: 05/04/2024 17:01:56.567

para a súa actividade agraria con máis de 10.300 hectáreas dedicadas á plantación de cereais de gran, cultivos forraxeiros e leguminosas e uns rendementos que, nun ano normal, oscilarían entre os 3.500 e 4.000 quilos de produción por hectárea.

Por iso, este grupo parlamentario debido á excepcionalidade climática deste ano, considera indispensable que a Xunta de Galicia realice unha valoración técnica dos prexuízos económicos causados, así como tomar medidas para compensar a ínfima colleita de cereal prevista para este ano na comarca da Limia.

Con base no exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas excepcionais pensa adoptar o Goberno galego para buscar solucións que palíen a nefasta campaña do cereal da comarca da Limia?

Parlamento de Galicia, 4 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2024 16:58:31**

**Lara Méndez López na data 05/04/2024 16:58:40**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3477

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Segundo os datos da EPA do ano 2023, en media anual, a poboación activa feminina en Galicia é inferior á masculina en 35.600 persoas, cunha taxa de actividade do 49,5 %, fronte ao 57,2 % no caso dos homes, o que supón unha diferenza de case 8 puntos.

En canto á comparativa co resto das comunidades autónomas, Galicia rexistra a segunda taxa de actividade feminina máis baixa do Estado, só Asturias, cun 47,7 %, ten un índice máis baixo. O diferencial coa media estatal, do 54,4, é de 4,9 puntos.

Segundo indicaba o sindicato UGT con motivo do día 8 de marzo, aínda que a principal causa da inactividade entre as mulleres, igual que no caso dos homes, é estar en situación de xubilación, a esta séguelle de preto a causa marcada como “labores da casa”. Hai 619.600 mulleres inactivas, fronte a 480.700 homes, e, destas, 230.100 o son por ser xubiladas e 144.900 por “labores da casa”. No caso dos homes, 297.800 están en situación de inactividade por xubilación e por “labores da casa” tan só hai 21.400.

A falta de corresponsabilidade no fogar, eríxese como un dos principais factores que lastran ás mulleres, frean o seu acceso ao mundo laboral e, cando están nel, minguan as súas carreiras profesionais.





E aínda incidindo máis nesta liña, hai que apuntar que das persoas inactivas que non buscan emprego polo “coidado de menores, persoas adultas enfermas, discapacitados ou maiores”, o 86,9 % son mulleres e por “ter outras responsabilidades familiares ou persoais” as mulleres representan o 78,5 % do total.

En termos de ocupación, as mulleres galegas tamén se levan a peor parte. Hai 548.400 mulleres ocupadas, fronte a 590.500 homes, 42.100 mulleres menos. De cada cen ocupados, o 48,2 % son mulleres, aínda representando o 52,2 % da poboación (maior de 16 anos). Isto tradúcese nunha taxa de emprego masculina do 52,4 % e de tan só o 44,5 % no caso das mulleres, o que supón unha fenda de 7,9 puntos.

Aínda que a reforma laboral está a deixar a súa pegada, de todas as persoas asalariadas con contrato temporal, o 58,9 % aínda son mulleres e en Galicia a parcialidade ten rostro de muller. O 73 % dos contratos a tempo parcial corresponden a mulleres. Do total das mulleres ocupadas, o 21,5 % teñen contrato parcial, fronte ao 7,4 % de homes.

Sinalar que a taxa de paro feminina é 1,7 puntos superior á masculina e as mulleres representan o 51,1 % do desemprego de longa duración.

Ante esta situación as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a diagnose que fai Goberno galego sobre a situación laboral da muller en Galicia?

Parlamento de Galicia, 5 de abril de 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 17:20:56  
**Nº Rexistro: 1088**  
Data envío: 05/04/2024 17:20:56.336

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2024 11:09:52**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 11:10:01**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 11:10:08**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3480

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou no ano 2011 a tramitación dun proxecto para a rexeneración dos bancos marisqueiros da ría de Pontevedra, e o dragado do río Lérez, nun treito de 4-5 quilómetros entre o club naval e os Praceres, no que estaba previsto retirar aproximadamente 300.000 toneladas de lamas e outros sedimentos.

Despois de 10 anos de tramitación, este proxecto converteuse nunha promesa electoral do señor Feijóo cada 4 anos, que seguiu sendo utilizada por Rueda nos pasados comicios.

Na pasada lexislatura o Grupo Socialista preguntaba en sede parlamentaria á directora xeral sobre a parálise deste proxecto que contestaba manifestando o firme propósito de levalo adiante e defendendo que se crease unha comisión técnica para analizar as alternativas para o punto de vertido dos lodos e materiais obtidos coa dragaxe e que esta estaba a traballar na busca de información cara a este fin pero, a día de hoxe, non temos constancia de ningún avance e nas últimas declaracións públicas o presidente da Xunta manifestaba que eran os requisitos medioambientais do Estado os que tiñan paralizado o proxecto.

Desde o Grupo Socialista entendemos que é a Xunta a administración competente para desenvolver este proxecto, e polo tanto, atopar un punto de vertido que cumpra cos requisitos que marca o Cedex ou no seu defecto explorar a posibilidade de retirar os lodos e vertidos e que estes sexan tratados





en terra, que aínda que somos conscientes que é mais custoso tamén e medioambientalmente máis sostible.

O tempo pasa e isto aumenta os custes do proxecto, xa que será necesaria unha nova batimetría que mida a cantidade de áridos, delimitar novamente o tramo de retirada de sedimentos e actualizar os prezos.

Os pontevedreses e pontevedresas seguen abandonados e sen poder beneficiarse dun proxecto que permitiría mellorar a calidade das augas e dos fondos da ría, favorecer a recuperación, produtividade e calidade dos bancos marisqueiros alí localizados, e potenciar os usos lúdico-recreativos da zona.

Por iso, desde o Grupo Parlamentario Socialista esiximos a este goberno que emita un informe no que se determine un punto de vertido compatible coa normativa que impón o Cedex e posteriormente se actualice o proxecto de dragado do Lérez para iniciar a súa execución.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno da Xunta actualizar e executar o proxecto de dragaxe do río Lérez en Pontevedra?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 15:40:28**

**Paloma Castro Rey na data 05/04/2024 15:43:08**





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2024 17:23:54  
Nº Rexistro: 1093  
Data envío: 05/04/2024 17:23:54.751

Carlos López Font na data 05/04/2024 15:43:27

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3483

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

É un feito obvio e perfectamente coñecido que a produción marisqueira da ría de Arousa, a mellor do mundo neste aspecto, vén amosando un descenso demoledor na última década e acentúase nos últimos anos. Neste 2022 varios conxuntos de colectivos dependentes da actividade marisqueira (confrarías, mariscadoras, bateiros e grupos ecoloxistas) alertaron dunha baixada xeral en todas as especies, que pode superar o 70 % nalgunhas delas como ameixa ou berberecho.

Ante este escenario, os colectivos dependentes do mar demandaron medidas de rexeneración da ría e o afrontamento serio e decidido por parte do Goberno de Galicia, a través da Consellería do Mar, para estudar con profundidade e ser quen de saber o que realmente está a ocorrer. Durante os últimos anos estes colectivos veñen apuntando á necesidade de rexenerar os espazos de marisqueo, propoñendo dragaxes da ría para solucionar os problemas derivados da acumulación de area na saída do río e modificar as correntes que prexudican ás especies.

Máis alá destas propostas, non existen tampouco explicacións nítidas por parte da Consellería do Mar que permitan ter unha posición de referencia para coñecer as medidas necesarias e poder afrontar solucións con garantías. O Parlamento de Galicia ten sido sede de numerosos debates a preguntas e propostas da oposición sobre estas cuestións, nos que o Goberno manifesta a súa percepción de satisfactorio rendemento das rías galegas e, especialmente, no caso da ría da Arousa. Esta inconsistencia entre o que apunta o sector dependente do marisqueo e o Goberno de Galicia dificulta a posibilidade de encarar as







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 17:26:35  
**Nº Rexistro: 1098**  
Data envío: 05/04/2024 17:26:35.964

necesidades para a mellora dunha produción que hoxe sitúase en niveis que poñen en perigo a continuidade da actividade.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno de Galicia que pode seguir mantendo a súa posición inmóbil ante o problema da falta de produción marisqueira que están alertando tantos colectivos do sector?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 05/04/2024 17:25:05**

**Carlos López Font na data 05/04/2024 17:25:15**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3485

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentario Popular comprometeuse co seu voto a que o Goberno galego a consecuencia das recomendacións do Parlamento de Galicia dera cumprimento ao Ditame da Comisión especial non permanente de Estudo e Análises das Reformas da Política Forestal, de Prevención e Extinción de Incendios Forestais e do Plan Forestal de Galicia.

Dentro deste compromiso figuraba a medida 53 na que a Comisión de estudo recomendaba desenvolver, nesa lexislatura, unha actualización da lexislación reguladora dos Montes Veciñais en Man Común, Lei 13/1989.

A finalidade principal desta nova lei de MVMC é adecuar a súa regulación á situación actual destes MVMC. Dentro desta actualización debe terse en conta de xeito particular o impulso do aproveitamento económico dos MVMC.

O Grupo Parlamentario Socialista leva insistindo na necesidade da modificación lexislativa aludida e a propia Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común presentaba unha proposición de lei de montes veciñais, avalada por 12.000 sinaturas, que foi rexeitada polo Grupo Parlamentario Popular co seu voto en contra.

O Goberno aludía a que elaboraría un libro branco sobre o que se elaborará o anteproxecto, libro no que alega estar traballando dende principios do ano 2022.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 17:42:05  
**Nº Rexistro: 1110**  
Data envío: 05/04/2024 17:42:05.787

O mencionado libro branco debería contar coas aportacións realizadas no proceso de achegas, unha análise da situación cunha diagnose precisa e unha proposta baseada nos puntos anteriores.

Entende este grupo parlamentario que o libro branco elaborado polo Goberno galego non reúne as condicións anteriores.

Polo que, as deputadas que asinan preguntan:

Como vai paliar o Goberno galego a falla de diagnóstico do libro branco sobre a situación dos MVMC?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2024 17:39:35**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3487

@PSdeG





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/04/2024 17:42:05  
Nº Rexistro: 1110  
Data envío: 05/04/2024 17:42:05.787

Lara Méndez López na data 05/04/2024 17:39:45

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

3488

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As masas de frondosas en Galicia ocupan un 29 % da superficie arborada, apenas supoñen o 3 % das cortas de madeira anual, o que dá idea da súa infrutilización.

A súa taxa de aproveitamento actual por ano supón apenas un 15 % do crecemento anual, o cal quere dicir que a súa taxa de aproveitamento sostible, podería ser, cando menos, 6 veces superior, o que pasaría das case aproximadamente 270 mil toneladas de corta anual, a practicamente 1,5 millóns de toneladas ao ano.

As frondosas caducifolias en Galicia carecen actualmente dun plan de aproveitamento, orientado a mellorar a súa calidade. A pouca madeira destas especies que se vén cortando correspóndese basicamente con madeiras de escasa calidade, que se destinan a consumo doméstico como leñas (un 17 % aproximadamente), unha minoría a industrias de aserrado e chapa (un 25 % adicional) e o resto (un 68 %) como madeira de trituración principalmente para a industria de tableiros, xa que non ten calidade para usos de maior valor engadido.

O gran reto de mobilización desta madeira é achegar a este grupo de especies a xestión forestal sostible. De xeito que estas masas teñan non só un valor medioambiental, senón tamén económico, o cal facilitaría a súa vez o interese do propietario forestal no seu uso, promoción e mellora, e redundaría nun mellor estado forestal do monte e da saúde.



Polo tanto, entendemos que este plan debe de ter como horizonte:

- Medidas de silvicultura, con actuacións específicas nas masas de frondosas, para aumentar o seu valor engadido, e diminuír o risco de incendios forestais.
- Medidas de mellora xenética, de xeito que se poida mellorar a calidade dos materiais de reprodución, de forma que resistan mellor as enfermidades e sexan máis produtivos.
- Medidas para o uso da madeira de frondosas en produtos de alto valor engadido, para o cal se debe de realizar programas específicos para aspectos de innovación que apoiem novos procesos e produtos a partir destas especies.
- Medidas de sanidade vexetal, para a protección e o combate das principais pragas e enfermidades que afectan a estas masas (cancro, tinta, avespilla do castiñeiro, Altica, *quercetorum* no caso das carballeiras e rebolos, tinta dos ameneiros).

Deben de se desenvolveren, e incluso ampliárense os obxectivos de intervención fixados no Plan forestal de Galicia, de xeito que se dediquen recursos do PEPAC ao coidado e mellora destas masas no actual período de programación 2023-2027 dos fondos europeos.

Polo exposto, as deputadas que asinan interésalle coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Cales son as causas da infrautilización da madeira de frondosas caducifolias en Galicia?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 05/04/2024 17:48:05  
**Nº Rexistro: 1117**  
Data envío: 05/04/2024 17:48:05.024

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/04/2024 17:45:47**

**Lara Méndez López na data 05/04/2024 17:45:56**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3491

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os danos que ocasionan as continuas inundacións do río Tea e Miño nos concellos da Comarca do Condado.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este outono/inverno producíronse episodios de intensas choivas que afectaron a moitos puntos de Galiza e que tiveron unha incidencia moi importante nos concellos polos que descorre o Miño, o seu afluente o Tea e algúns regatos que desembocan nestes.

Estes asolagamentos están sendo cada vez máis recorrentes e no último ano contabilizáronse 5 episodios. Como consecuencia destas fortes choivas prodúcense considerables danos materiais tanto en propiedades privadas como en bens de titularidade pública. No caso dos bens públicos están afectadas pontes, estradas, sendas, instalacións deportivas ou parques infantís, e na última ocasión, en novembro, producíronse danos en bens do patrimonio cultural de valor como a Ponte romana de Fillaboa en Salvaterra de Miño ou un ben simbólico como a varanda de pedra do Paseo de Troncoso, no concello de Mondariz Balneario. Estando afectada tamén a Senda do Tea que descorre por Mondariz, Mondariz Balneario e Pontearreas, onde as pontes e pasarelas de madeira, indicadores e valados foron arrastrados río abaixo.

Na análise dos danos débese ter en conta a situación dos ríos e das bacías fluviais, o abandono de actividades tradicionais, os cambios na ocupación e nos usos do







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

solo ou a construción de edificacións, algunhas delas ilegais e outras de iniciativa pública, en zonas potencialmente inundables. Todas estas cuestións deben ser avaliadas e estudadas co obxecto de prever no futuro situacións de emerxencia e riscos para bens e persoas.

Debemos ter en conta que moitos dos municipios afectados nas Comarcas Condado-Paradanta-Louriña aínda non foron quen de recuperar a maioría das infraestruturas e instalacións, xa que non recibiron axudas por parte das Administracións Públicas. O goberno da Xunta mirou cara outro lado e nin se dignou a ter visitado as zonas asolagadas nin no Nadal de 2023 nin a finais de ano, e a Deputación sacou unha liña de axudas tan só para os Concellos máis pequenos, quedando vilas como Pontearreas sen recursos de ningún tipo para afrontar as obras de recuperación necesarias de servizos básicos para a veciñanza que quedaron arrasados.

En relación coas consecuencias deste asolagamento de primeiros de novembro, na maior parte dos casos afectaron a bens de titularidade municipal e foron os concellos os que avaliaron os danos e o custe da reparación dos mesmos despois de que os niveis de ríos e regatos volveron á normalidade.

Mais está claro que os concellos non teñen medios nin capacidade económica para asumir os elevados custos das obras que hai que levar a cabo en moitos dos casos. Nunha situación de emerxencia como estas inundacións recorrentes, o goberno galego debe exercer as súas competencias e asumir o liderado na resposta e prevención cara ao futuro, con actuacións que solucionen ou minoren este problema.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación cos danos provocados polas riadas en Nadal e novembro 2023 nos concellos das Comarcas Condado-Paradanta-Louriña?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 08/04/2024 09:30:36**

**Luis Bará Torres na data 08/04/2024 09:30:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Fernández Davila e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da atención sanitaria no PAC de Pontearreas e Centros de Saúde da comarca do Condado-Paradanta..

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde e o PAC de Pontearreas levan case tres anos nunha situación de caos e de colapso debido á non cobertura das vacantes de persoal por xubilacións, baixas e vacacións que provocou en agosto de 2021 a supresión no Centro de Saúde de Pontearreas da quenda de tarde, tanto en Medicina Familiar como Pediatría.

Dende entón, moitas persoas están sen asignación de médico/a de familia, correspondentes á quenda de tarde, que aínda que foi recuperada despois de dous anos, o número de médicos/as non é maior, polo tanto moitas son as persoas que deben acudir a urxencias ou a outras facultativas, unha diferente cada vez. Os cupos que atenden cada un dos profesionais cada vez son máis numerosos, converténdose Pontearreas nun destino non desexado para ninguén que opte a unha praza vacante.

A falta de persoal sanitario e non sanitario agrávase na época vacacional, cando o centro funciona cun terzo do cadro de persoal, pero de xeito habitual en Pontearreas, por exemplo, só hai 9 persoas facultativas das 14 prazas en plantilla.

Esta situación provoca grandes dificultades para contactar co centro e para conseguir citas tanto presenciais como telefónicas. As axendas están pechadas na aplicación do Sergas para todo o mes en moitos casos. O desconcerto e descoordinación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

na xestión diaria aumenta tamén polo cambio constante do persoal administrativo debido a baixas e outros permisos.

Cada día que pasa a situación dos centros de saúde da comarca empeora :

- en Salvaterra de Miño, non hai Pediatra;
- no Centro de Saúde de Mondariz faltan dous médicos/as;
- na Cañiza hai dous médicos/as de baixa e non son substituídas;
- no Covelo, simplemente carece de médicos/as;
- Na Unidade de Saúde Mental de Ponteareas falta un/ha psiquiatra e listaxe de agarda dun ano para o único psicólogo do servizo.

Por todo isto o centro de saúde e o PAC de Ponteareas ten que soportar numerosas urxencias da veciñanza da localidade e doutros concellos por non ter atención nos seus propios centros. Prodúcese un colapso importante cando o persoal sanitario debe saír a atender urxencias ou a persoas dependentes no seu domicilio, quedando numerosas doentes á espera do seu regreso, en ocasións, horas máis tarde.

Hai un gran retraso nas citas médicas (ata 5 semanas de agarda), probas, analíticas, revisións, consulta de resultados de probas...

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno Galego para mellorar a situación sanitaria nos Centros de Saúde e PAC da Comarca do Condado-Paradanta para que a atención ás veciñas e veciños sexa de calidade e non teñan que acudir sempre ao servizo de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

urxencias por non dispoñer de médico/ca asignado ou pediatra no Centro de Saúde ou ter que esperar máis de 3 semanas para ser atendidas?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**  
**Montserrat Prado Cores**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 08/04/2024 09:57:33**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 09:57:41**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a dragaxe no río Lérez.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia, a través de Portos de Galicia, iniciou en 2011 a tramitación dun proxecto para a dragaxe e rexeneración da bancos marisqueiros no río Lérez e no fondo da ría de Pontevedra, nun treito de aproximadamente 4,3 km entre o Clube Naval e Os Praceres, no que está previsto retirar aproximadamente 330.000 toneladas de lamas e outros sedimentos. O custo estimado do proxecto é de máis de 3 millóns de euros.

Despois de máis de 12 anos de tramitación, o proxecto aínda non se fixo realidade. A finais do ano 2016, o daquela Presidente de Portos de Galicia reuniuse co alcalde de Pontevedra e cos portavoces dos grupos municipais para informalos das características do proxecto e dos prazos estimados para a súa realización. Naquela xuntanza, o responsábel de Portos informou da previsión de licitación do proxecto a comezos de 2018.

En xaneiro de 2017, o DOG publicou o anteprojecto da dragaxe e o estudo de impacto ambiental e abriuse o período de exposición pública para a presentación de alegacións. En relación co impacto ambiental das obras, as confrarías manifestaron a súa discrepancia coa previsión de depositar máis de 221.000 toneladas de sedimentos ao oeste da illa de Tambo e nos bancos marisqueiros ente Campelo e Combarro. Demandan





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

a modificación desta parte do proxecto, de maneira que os sedimentos se depositen en mar aberto, fóra das augas da ría de Pontevedra.

No mes de abril de 2019, Portos de Galiza anunciou a intención de cambiar a zona de vertido dos depósitos, trasladándoa ao exterior da ría. Mais non houbo noticias sobre a modificación do proxecto, sobre o orzamento e sobre o prazo para levalo a cabo. A comezos de xuño de 2019, Portos fixo pública a través dun medio de comunicación a intención de trasladar os depósitos a un punto de vertido situado na ría de Arousa, nas proximidades da illa de Sálvora, proposta que suscitou o rexeitamento unánime do sector pesqueiro e marisqueiro da ría de Arousa.

No mesmo mes de xuño, o parlamento de Galiza aprobou unha proposición non de lei na que se insta á Xunta á elaboración, conforme a normativa vixente e ás directrices existentes respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do río Lérez, de tal forma que se garante que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, en especial á ría de Arousa.

Malia este acordo, tanto a conselleira do Mar como a directora de Portos de Galicia seguen defendendo publicamente a proposta de depositar os lodos na ría de Arousa e desbotan a posibilidade de retiralos e tratalos en terra polo seu alto custo e pola incidencia do tráfico de camións no centro da cidade de Pontevedra. A este respecto, a presidenta de Portos falou da necesidade de que 4.000 camións pasen polo centro de Pontevedra e a conselleira elevou a cifra a 11.000.

O 27 de abril de 2021 a directora de Portos de Galicia reuniuse coas confrarías da ría de Pontevedra e informounas de que o proxecto sufriría un novo retraso pola decisión do goberno central de non autorizar novos vertidos no depósito da ría de Arousa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

En febreiro de 2023 o presidente da Xunta e a conselleira de economía visitaron o Clube Naval e o presidente da Xunta puxo escusas para xustificar a paralización do proxecto.

Para o BNG, a paralización deste proxecto e as escusas para xustificala son un insulto a todas as institucións e entidades que levan máis de 12 anos demandando este proxecto fundamental para a rexeneración do fondo da ría e da canle do Lérez, para favorecer a navegabilidade do río e para garantir a operatividade do porto deportivo de Pontevedra.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno galego dotar unha partida para sufragar a primeira fase das obras de dragaxe do río Lérez?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Paulo Ríos Santomé**

**Alexandra Fernández Gómez**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

**Sonia Vidal Lamas**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Luis Bará Torres na data 08/04/2024 11:20:39**

**Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2024 11:20:43**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2024 11:21:31**

**Sonia Vidal Lamas na data 08/04/2024 11:24:56**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 08/04/2024 11:24:59**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativas ao mantemento da Unidade de Lactancia Materna no Complexo Hospitalario de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A protección, o fomento e o apoio da lactancia materna é unha obriga dos poderes públicos recoñecida internacionalmente, está constatado cientificamente os beneficios que reporta e existen recomendacións claras da Organización Mundial da Saúde (OMS) sobre a materia.

Recentemente, desde o asociacionismo feminista de Ourense alertouse de que a Xunta de Galiza estaba a obstruír, pola vía dos feitos, o funcionamento da Comisión de Lactancia do Complexo Hospitalario de Ourense. Aínda que esta comisión naceu xa no ano 2015 e vén funcionando ordinariamente, mesmo contando con correos corporativos, a dirección do Hospital comunicou recentemente a súa existencia presuntamente “irregular”, sen vontade de normalizar o seu funcionamento.

Cómpre recordar que desde o ano 2015 a Comisión de Lactancia funcionou con normalidade. É máis, desde este ámbito dábanse os pasos necesarios da Fase 1 para ser Hospital IHAN, certificación que acredita boas prácticas na promoción da lactancia materna. Esta comisión interdisciplinar reuniuse desde o ano 2015, coa asistencia as reunións da xerencia ate o ano 2019. No ano 2019 a Comisión de Lactancia publicaba a “Guía de Lactancia para profesionais”, un documento de gran valor e cuxa aplicación





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

suporía un antes e un despois. A partir do 2019 a xerencia non volta a reunirse coa Comisión de Lactancia, e non resposta a ningunha solicitude que proceda da mesma.

Despois destes nove anos de vida da Comisión de Lactancia, a xerencia asegura que a Comisión de Lactancia non existe. É obvia a intencionalidade política desta manobra, que é desmantelar este foro e converter Ourense na única área sanitaria que carece de Comisión de Lactancia.

Os estudos sobre lactancia materna en Galiza son escasos, mais aínda sendo escasos hai datos ilustrativos: 8 de cada 10 crianzas nadas na Galiza inician a lactancia no momento do parto, e menos de 1 de cada catro crianzas a mantén ao ano de vida. As causas deste abandono precoz da lactancia materna son variadas, mais segundo un estudo do ano 2022, en moitos casos poderían previrse simplemente garantizando que as nais reciban información sobre as dificultades nas consultas prenatais, aulas de preparación ao parto, durante a estancia no andar de maternidade, e garantizando que teñan os recursos axeitados para afrontarlas nas consultas pediátricas e post-parto, ou mesmo a asistencia a grupos de apoio específicos. Esta situación tamén podería abordarse co reforzo de políticas axeitadas de conciliación.

O bloqueo á Comisión de Lactancia é de todo punto de vista inadmisíbel, require de explicacións por parte do goberno galego e dunha rectificación inmediata.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai rectificar a Xunta de Galiza a súa política de obstrución e eliminación da Comisión de Lactancia da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**  
**Iria Carreira Pazos**  
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**  
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/04/2024 11:41:43**

**Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 11:44:37**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/04/2024 11:45:33**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila e Iria Taibo Corsanego**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de atender a calidade educativa do IES A Sardiñeira..

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES A Sardiñeira é un instituto situado no barrio dos Mallos da Coruña. Conta con dous edificios: un para impartir ensinanzas de ESO e Bacharelato e outro para os Ciclos Formativos. Ademais dispón dun ximnasio pequeno e un pavillón máis grande que son compartidos co alumnado do CEIP Xosé Cornide, anexo ao instituto.

A construción dos edificios data dos anos 80 e algunhas zonas nunca foron reparadas ou as reparacións foron realizadas hai moito tempo. A falta de mantemento provoca o deterioro progresivo dalgúns dos elementos que requiren obras urxentes por parte do goberno galego.

Especialmente deteriorado está o edificio de Ciclos formativos, con graves deficiencias en cubertas, ventás, tuberías, etc. Significativo é que precisamente os laboratorios presenten problemas que dificultan ou impiden o labor pedagóxico como o feito de non teren presión de auga, coas tuberías estragadas en varias ocasión e a cuxos arranxos tivo que facer fronte o propio centro cun orzamento dificilmente asumíbel e que sacrifica outras partidas que si son responsabilidade do centro.

Algunhas destas obras maiores que precisan da implicación da Consellería son: o mal estado das cubertas que filtran auga; o peche perimetral do centro, cuxo deterioro e perigosidade é perceptíbel desde a beirarrúa; o lucernario e tellado do edificio de FP



que filtra auga ao interior apoiando nos corredores; espazo do edificio de ESO e BAC dedicado a almacén que está en pésimas condicións de salubridade e que é moi necesario para acondicionar como aula de tecnoloxía, agora inexistente; o mal estado do ximnasio, etc.

Sorprende que, malia ter sido esta situación rexistrada por sede electrónica pola actual Dirección nun extenso informe con fotografías incluídas, en varias ocasións, non haxa resposta por parte da Consellería.

Un cúmulo de deficiencias que non está a facer deste instituto un espazo educativo atraente para o alumnado matriculado nin para o de nova incorporación, como comproba o equipo directivo e docente nas xornadas de portas abertas previas aos procesos de prematriculación.

A matrícula do IES A Sardiñeira achégase aos 600 alumnos e alumnas, aínda que se trata dunha cifra altamente fluctuante á vista das continuadas derivas de matrícula tardía e obrigatoria dirixidas cara a este centro educativo pola propia Consellería de Educación ao longo de cada curso.

O IES A Sardiñeira ten adscritos centros de primaria que contan con liñas reducidas de educación primaria: CEIP Rosalía de Castro, CEIP Xosé Cornide, CEIP Wenceslao Fernández Flórez e CPR Karbo, mais, debe atenderse, desde unha perspectiva sociopedagóxica, o feito de se tratar dun barrio que acolle unha porcentaxe elevada de poboación inmigrante que se multiplica, ao longo do curso, con novo alumnado procedente de escolarización tardía, por causa da emigración procedente do estranxeiro, ou derivado doutros centros por causa de comportamentos disruptivos.

Esta complexa situación socioeducativa, que non deixou de medrar exponencialmente ao longo dos dous últimos cursos, en absoluto se ve compensada co reforzo de profesorado que permita atender de forma máis individualizada este





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

alumnado para favorecer a súa inclusión nin tampouco do cadro de persoal especialista en necesidades educativas; neste sentido, o IES A Sardiñeira só conta con unha orientadora, unha profesora de Pedagogía terapéutica e outra **de atención preferente, asignada para unha alumna en concreto.**

Nos últimos cursos, a oferta educativa do IES A Sardiñeira, que conta sempre con prazas vacantes en 1º ESO, está a ser demandada polas familias do CEIP Novo Mesoiro. A razón é porque este colexio está adscrito ao IES Elviña, que presenta un nivel de oferta de prazas insuficiente para atender a demanda.

Na pasada lexislatura, desde o grupo parlamentario do BNG solicitamos nesta cámara que se atendese a petición destas familias e se favorece a posibilidade de se matricular este alumnado no IES A Sardiñeira á vista das prazas vacantes existentes, ofertando a Consellería unha liña de transporte escolar.

Na actualidade esta liña de transporte escolar está operativa, polo que entendemos que está xustifico o mantemento deste servizo, así como dar resposta definitiva a unha demanda das familias do barrio de Novo Mesoiro: autorizar a dobre adscrición do CEIP Novo Mesoiro ao IES Elviña e ao IES A Sardiñeira, para pór fin aos problemas de matriculación que se repiten cada ano. E isto como unha medida provisional, mentres non se avance na xustificada construción dun instituto no barrio de Novo Mesoiro, ao fío da evolución demográfica dun barrio como este en continuo crecemento na Coruña.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comprométese o goberno a atender as demandas da comunidade educativa do IES A Sardiñeira e da veciñanza do barrio de Novo Mesoiro da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Cristina Fernández Davila**

**Iria Taibo Corsanego**

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2024 11:57:59**

**Cristina Fernández Davila na data 08/04/2024 12:01:53**

**Iria Taibo Corsanego na data 08/04/2024 12:01:54**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a demanda que ten que realizar a Xunta ao goberno do estado sobre o IAE das empresas regasificadoras.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a empresa REGANOSA iniciou a súa actividade inscribiuse no epígrafe 123.2 do IAE. Posteriormente a axencia tributaria corrixiu esa inscrición pasándoa ao epígrafe 152.

REGANOSA recorreu esta modificación realizada pola axencia tributaria, e despois de perder en primeira instancia, no ano 2020 o TEAC resolveu que o epígrafe que lle corresponde a REGANOSA é o 123.2

As consideracións do Tribunal económico-administrativo que finalmente resolveu comezan por manifestar que non existe un epígrafe que recolla expresamente a actividade de regasificación (do mesmo xeito que a impugnación de REGANOSA), e a partir de aí realizan unha aproximación ás dúas posibilidades en discusión para dilucidar cal recolle mellor ou se asemella máis á actividade realizada por REGANOSA.

REGANOSA defende, e finalmente o TEAC resolve, que a tarifa que máis se aproxima, e polo tanto a que corresponde aplicar, é a encadrada no grupo 123 de tarifas



do IAE, que se titula: extracción, depuración e distribución de gas natural; e dentro deste grupo a 123.2 que recolle expresamente a distribución.

O TEAC chega a este conclusión despois de razoara que a outra alternativa non trata especificamente de gas natural, senón de gases en xeral, e aplica o principio de especialidade. E achega aínda outro razoamento, este absolutamente contraditorio, segundo o cal remata concluindo que a regasificación é un proceso *“necesario para comercializar un gas que ya antes era apropiado para ello pero que se sometió a un proceso de licuefacción previa para su compresión que permite su transporte de manera más eficiente. En otras palabras, el gas previo a la licuefacción es gas ya extraído y procesado que puede distribuírse directamente por gaseoductos por lo que la operación de regasificación puede incluirse en la categoría de distribución de gas natural”*.

Por outra parte, tamén pesa na súa resolución unha interpretación das diferencias que establece a Lei de Hidrocarburos entre o gas natural e outros gases, e as consecuencias xurídicas e tributarias que disto deben ou poden derivarse, que ao noso criterio resulta confusa, por non dicir forzada.

Desde o BNG valoramos, ademais, para realizar a presente proposta, que os tribunais económico-administrativos non tiveron a posibilidade de atopar outros casos no estado español polos que guiarse, dada a excepcionalidade da empresa REGANOSA, que ten como actividade exclusiva a regasificación dun gas natural que non é da súa propiedade nin vai comercializar, a diferenza de outras empresas do sector gasista español que contan ou operan regasificadoras, como por exemplo ENAGÁS.

Tiveron que asumir unha tarefa, como dicíamos antes, de caracterización da actividade e interpretación da lei, que entendemos no BNG merecería a atención do





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

lexislador, actualizando a norma, e ponderando debidamente o feito da regasificación non ser parte necesaria do proceso de distribución do gas natural (tal como parece deducirse con claridade das propias consideracións do TEAC), a repercusión económica para as diferentes administracións, e, sobre todo, a percepción social do risco e da súa xusta compensación a través da aplicación das correspondentes figuras impositivas.

Asumir como feitos consumados a situación que vai camiño de consolidarse significa para o Concello de Mugar dos que REGANOSA reduza a súa contribución ao Concello desde os 467 mil euros/ano a 34.183€, igualando para os efectos tributarios ao Concello de Mugar dos con outros concellos por onde pasa o gasoduto, como Fene ou Miño, e obviando, como se isto fose posíbel, que é nas instalacións do Concello de Mugar dos onde se realizan, en exclusiva, as operacións de carga e descarga dos buques que transportan o gas natural licuado, as operacións de regasificación, e as de almacenaxe, é dicir, aquelas que verdadeiramente caracterizan a actividade da empresa e que ademais condicionan a vida diaria dos veciños e veciñas de Mugar dos e da súa contorna.

Por estes motivos fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que a Xunta de Galiza non fai nada para evitar un cambio na tributación de REGANOSA que é un risco para a viabilidade do Concello de Mugar dos?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Xosé Manuel Golpe Acuña**  
Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2024 12:29:39**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/04/2024 12:30:42**

**José Mauel Golpe Acuña na data 08/04/2024 12:31:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Carmela González Iglesias**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre sinistralidade laboral.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*“Un operario de guindastre morreu após ser atropelado na noite da pasada terza feira mentres auxiliaba un vehículo avariado na autovía AG-56, no quilómetro 1.4, ao seu paso por Santiago de Compostela.”* Así recollía o xornal Nós Diario o que até de agora é o último accidente laboral mortal na Galiza, onde entre o 17 de febreiro e o 2 de abril deste ano 2024 morreron 8 persoas mentres estaban a traballar, practicamente mes e medio.

Son datos da prensa, porque no momento en que formulamos esta iniciativa non existen datos oficiais posteriores ao mes de xaneiro, en todo caso contrastados a través de diversas fontes, que veñen constatar que a sinistralidade no noso país está instalada en cifras récord dun xeito estrutural sen que o goberno galego do Partido Popular faga absolutamente nada por mudar esta realidade.

Levamos moitos anos no podio da mortalidade laboral no estado español mentres a Xunta de Galiza abanea entre a pasividade e a autocompracencia, repetindo slogans sen contido real, sen medidas executivas efectivas e polo tanto sen resultados e sen mudar a situación.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Os datos do ano 2023 non fan máis que reafirmalo, 53 persoas falecidas mentres traballaban, un índice de incidencia que practicamente duplica á media do estado español e que significa que unha persoa na Galiza cando sae cara o seu posto de traballo ten case o dobre de posibilidades de morrer que en outros territorios do estado español.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que está a facer a Xunta de Galiza para mudar os niveis récord de mortalidade laboral?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Montserrat Prado Cores**

**Carmela González Iglesias**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2024 12:51:50**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 12:53:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Carmela González Iglesias na data 08/04/2024 12:53:18**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativas á situación da Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense despois da súa reforma e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou unha renovación da Unidade de Coidados Intensivos do Complexo Hospitalario de Ourense. Esta decisión, tomada despois da pandemia da covid-19, obedecía ás necesidades dun edificio que foi quedando obsoleto co paso dos anos e que atravesa numerosas dificultades e problemas de mantemento. Ademais, segundo afirmaba o goberno galego, impulsaríase un novo modelo, modernizando o sistema e adaptándoo ás leccións da pandemia e ás aprendizaxes da última década. Todo isto, que nun comezo parecía ser positivo para Ourense e para o sistema público de saúde, tivo un resultado deficiente na súa execución e posta en marcha.

Así, desde hai meses o persoal da Unidade de Coidados Intensivos (TCAES, enfermeiras e persoal facultativo) fixo saber á dirección de enfermaría e á xerencia do Complexo Hospitalario de Ourense, a través de numerosos escritos entregados desde novembro de 2023, para alén de escritos previso e solicitudes verbais, a súa disconformidade ao traslado da unidade para os novos espazos







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

habilitados coa dotación de efectivos propostos. A explicación vén dada porque coas novas instalacións o persoal proposto é insuficiente e non permite unha adecuada atención toda vez que os novos espazos teñen requirimentos de mobilidade, seguridade, etc que fan necesario un leve incremento de persoal para manteren a calidade asistencial.

Ademais, notificaron problemas e incidentes que se produciron, ou poderían producirse. A estrutura da nova unidade sofre cambios moi importantes con respecto a UCI ulterior e detectaron diferentes dificultades para a realización do traballo que non foron escoitadas nin atendidas. Esta situación orixínase por unha mala planificación seguida dunha falta de diálogo por parte da xerencia, que se limitou a verquer acusacións na prensa sobre as e os traballadores, que seguen a concentrarse recorrentemente diante do hospital.

A Unidade de Coidados Intensivos de Ourense é de Nivel II, a cal según as recomendacións do Ministerio de Sanidade ten que dispoñer de un ratio para Enfermería de 2 doentes por enfermeira e de 4 doentes por cada TCAE, o cal actualmente non se cumpre a pesar das solicitudes previas das traballadoras e traballadores, que o que están a esixir é unha dotación acorde e que se traballen melloras na disposición dos espazos e na organización do traballo para solventar as deficiencias presentadas e evitar os mesmos erros para a nova unidade en construción.

Non se pode consentir que a Xerencia continúe obstaculizando o diálogo coas traballadoras e traballadores, que Ourense teña unha UCI de segunda e que non se queira abrir un diálogo conducente a mellorar a situación actual e evitar o empeoramento das condicións coa seguinte fase da UCI.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai asumir o goberno galego os seus erros no impulso da nova UCI de Ourense e corrixir as deficiencias de persoal e material existentes?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/04/2024 13:12:28**

**Iria Carreira Pazos na data 08/04/2024 13:12:33**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/04/2024 13:13:24**



## Á Mesa do Parlamento

**Borja Vereá Fraiz, Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputadas e deputados **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

Este mes de marzo de 2024, o Concello de Santiago vén de anunciar a súa intención de vender cinco parcelas destinadas a vivenda protexida, co obxectivo de recadar preto de 6 millóns de euros.

O Goberno nacionalista local opta por esta medida en lugar de destinar estas parcelas á construción de vivenda pública por parte concello, como si están a facer outros municipios de toda España. Outra alternativa, que tampouco valorou, é a de ceder algunha destas parcelas á Xunta de Galicia para que sexa o Goberno galego o que constrúa as vivendas.

Polo tanto, non se tiveron en conta estas posibles alternativas que permitirían aumentar o parque público de vivenda na cidade, unha cuestión moi demandada nos últimos meses tanto pola veciñanza como polo propio concello, pese a que a única administración que está construíndo inmobles en Santiago é a Xunta de Galicia.

A decisión municipal contrasta coa moción aprobada polo propio Concello en xaneiro deste mesmo ano (por BNG, PSOE e CA) para declarar Santiago como zona de mercado residencial tensionado, co obxectivo de aplicar medidas correctoras do prezo do alugueiro e a mellora da oferta de vivenda.

O Goberno local parece esquecer que precisamente unha das medidas recollidas na lei estatal é destinar solo de titularidade municipal á construción de vivendas sociais. Pero, parece que, en lugar de optar por esta solución, prefire vender as parcelas.

Polo exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan as seguinte pregunta:

- Como valora a Xunta de Galicia a decisión do Concello de Santiago de vender 5 parcelas destinadas a vivenda protexida?

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Borja Verea Fraiz na data 08/04/2024 14:12:18**

**Carmen Pomar Tojo na data 08/04/2024 14:13:27**

**María Martínez Allegue na data 08/04/2024 14:13:46**

**Javier Arias Fouz na data 08/04/2024 14:14:18**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 08/04/2024 14:14:40**

**José Manuel Balseiro Orol na data 08/04/2024 14:14:56**

**María Deza Martínez na data 08/04/2024 14:15:10**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 08/04/2024 14:15:25**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 14:15:49**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 08/04/2024 14:16:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas,** deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación dos traballadores da factoría de Alcoa e as súas auxiliares.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días a empresa Alcoa comunicou unha nova proposta empresarial que non fai outra cousa que confirmar de novo a mala fe desta multinacional e a inacción total dos gobernos galego e español. Esta nova proposta é directamente unha nova fraude aos acordos acadados anteriormente por todas as partes e que supón un novo ERE encuberto.

Ante este novo desprante por parte da empresa a única resposta que temos por parte das administracións é o silencio, sen concretar nin unha soa acción e volvendo obviar a única opción que resolvería definitivamente o conflito que é a intervención pública.

Alén do xa sabido e con este escenario aparece enriba da mesa un novo factor como é o das auxiliares que pasan a estar absolutamente fóra do acordo e totalmente desprotexidos, deixando así a centos de traballadores e traballadoras nunha constante incerteza sobre o seu futuro.

O propio goberno galego di ver moi difícil que a empresa Alcoa consiga un comprador antes de xuño, pola contra non é capaz, nin quere formar parte dunha hipotética intervención pública, ao igual co Goberno estatal que segue sen mover un só dedo ante os continuos desprantes por parte de Alcoa.

Por último, como salienta o comité de empresa, o acordo ten que ser integramente cumprido e se hai un proceso de venta, ten que ser a través da SEPI para garantir que esta vaia





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

adiante, xa que se non é así até a propia Alcoa reconece que que o éxito do proceso de venda é incerto.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para manter os postos de traballo tanto en Alcoa, como nas empresas auxiliares, despois de que ela mesma vexa non realista que exista un comprador antes de xuño?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**  
**Ramón Fernández Alfonso**  
**Brais Ruanova Vilas-Boas**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2024 16:57:54**

**Daniel Castro García na data 08/04/2024 16:57:58**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/04/2024 16:58:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en relación coa creación de solo empresarial na área de Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque empresarial do Campiño está ao límite da súa total ocupación nestes momentos e os parques de Curro e A Reigosa teñen un nivel moi alto, polo que a posibilidade de crecemento de solo está “practicamente estrangulada”.

A execución da ampliación do Campiño é un proxecto que estivo paralizado durante dez anos, período no que non se atenderon as demandas de dotación de solo empresarial formuladas polo concello de Pontevedra e se incumpriron as previsións do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOATEG), que cualificou como estratéxicas para o período 2025-2024 a ampliación do Campiño e o creación do parque empresarial de Fragamoreira en Poio.

É imprescindible corrixir este desleixo e actuar coa máxima axilidade. No caso do Campiño, a proposta de ampliación ten todas as condicións a favor: conexións á rede de abastecemento de auga, á rede tecnolóxica, e tamén á rede viaria, co enlace á A57 no futuro inmediato.

O parque de Fragamoreira en Poio foi boicoteado e paralizado por puro sectarismo, mentres gobernou o BNG no concello de Poio. Co cambio de goberno municipal, a Xunta sacou o proxecto do caixón e anunciou a súa reactivación.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tanto no caso do Campiño como Fragamoreira, os anuncios da Xunta presentan un incuestionábel tufo de promesas eleitorais que se teñen que concretar coas conseguintes dotacións e partidas orzamentarias para levar a cabo as expropiacións ou as obras.

Estas dúas actuacións, imprescindíbeis para a dinamización socioeconómica da área de Pontevedra, suporán a posta a disposición duns 800.000 metros cadrados de solo industrial e dotacional.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que investimentos prevé levar a cabo a Xunta nos anos 2024 e 2025 en relación coa dotación de solo empresarial na área de Pontevedra?

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2024 17:57:29**

**Luis Bará Torres na data 08/04/2024 17:57:34**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en relación á persistencia das deficiencias existentes no servizo de ambulancias na Área Sanitaria Pontevedra o Salnés.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s traballador@s de Ambulancias Civera, empresa concesionaria do transporte sanitario terrestre programado e dos traslados intrahospitalarios da Área Sanitaria Pontevedra o Salnés, veñen de anunciar a convocatoria de cinco xornadas de folga, 17, 24, 26 e 30 de abril e o 2 de maio en resposta á situación que se vive no servizo.

Denuncian que a mesma é consecuencia da nefasta xestión da compañía e que hai unha falta de dirección e caos que afecta tanto as condicións laborais como a propia calidade do servizo.

Constantes incumprimentos por parte da empresa no que ten que ver co pago de salarios, mantemento dos vehículos, escaseza de material e ou o nulo investimento en formación d@s traballadores/as de nova incorporación, non facilitar roupa de traballo, nin realizar ao persoal os recoñecementos médicos obrigatorios dende o comezo da concesión.

A iso engaden que o persoal padece exceso de xornada, falta de descansos e o servizo conta con menos ambulancias das que figuran no contrato.

Todo isto ten unha repercusión moi negativamente non só nas condicións laborais senón na asistencia que se lle presta @s doentes, con esperas interminábeis para os seus tratamentos, probas ou traslados.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Estes incumprimentos son de sobra coñecidos pola Xerencia da Área Sanitaria, sen que teña actuado para esixir a súa solución. Diante desta situación non vale un novo parche, senón que é preciso que leve a cabo unha actuación firme que permita dunha vez por todas contar cun servizo de transporte sanitario terrestre digno, cos recursos e profesionais precisos.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

A que agarda a Xunta de Galiza para actuar diante das múltiples deficiencias denunciadas no transporte sanitario terrestres na Área Sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 08/04/2024 18:12:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2024 18:12:31**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

O pasado 22 de marzo, a sociedade galega foi coñecedora do suceso producido na AP-9 ao seu paso por Oroso, onde un camión cisterna envorcou vertendo ao firme 5.000 litros do combustible que transportaba.

Ata o lugar dos feitos tivo que desprazarse o helicóptero medicalizado do 061 para poder trasladar ao condutor ao Hospital Clínico de Santiago, o cal tivo que ser excarcerado do interior da cabina.

A rápida actuación e o bo traballo dos Bombeiros de Santiago e Ordes, logrou que se puideran taponar varias fendas na cisterna do camión, empregando ademais enchoupadores para controlar que o vertido de gasóleo non fora a máis, tarefas que tamén contaron coa colaboración da Protección Civil de Oroso.

Por outra banda, o Grupo de Apoio Loxístico (GALI) da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) tamén se desprazou ata Oroso para intervir nas tarefas de contención do vertido, aportando unha grande cantidade de material.

Todo iso non sería posible sen a activación por parte da Xunta de Galicia do Plan Transgal (Plan de Protección Civil ante accidentes no transporte de mercadorías perigosas) un Plan aprobado en 2013 e que xa se ten activado en multitude de situacións, garantindo unhas respostas rápidas e efectivas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia do funcionamento do Plan Transgal?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**Paula Prado del Río na data 08/04/2024 18:16:00**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:16:29**

**Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:16:51**

**Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:17:24**

**José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:18:03**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:18:19**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:18:32**

**Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:18:47**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:19:42**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

As asociacións veciñais desempeñan un papel fundamental na dinamización da vida local, en concreto centran a atención e reivindicación das demandas dos cidadáns desde o ámbito máis próximo á veciñanza.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, regula nos artigos 255 e 256 as asociacións de veciños e determina, especificamente que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento daquelas que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños. As constituídas con esta finalidade terán a consideración de entidades de participación cidadá e poderán federarse dentro de cada municipio.

Coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida, fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal, a Xunta de Galicia convoca liñas de axudas específicas para apoiar os seus investimentos, tanto de obras en locais sociais, como na dotación do equipamento necesario para levar a cabo as súas actividades, así como, para promover actuacións nas traídas de auga veciñais.

Entre as entidades beneficiarias figuran un amplo abano do tecido asociativo veciñal: desde asociacións de veciños en sentido estrito, ata as súas confederacións, federacións ou unións, así como comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia dos apoios que presta ás asociacións de veciños dos diferentes concellos de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 08/04/2024 18:22:45**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:22:52**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:23:12**

**Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:23:14**

**Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:23:42**

**José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:23:45**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:24:09**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:24:11**

**Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:24:35**





## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) é un axente dinamizador e de interconexión para a Eurorrexión. Un punto de encontro entre as institucións, empresas e cidadáns de ambos os lados da fronteira, para a promoción de intereses e obxectivos comúns. Para conseguilo, a GNP-AECT perfílase como un axente encargado do establecemento de pontes de comunicación, de diálogo, de investimento e de converxencia entre veciños.

Forman parte de este organismo, entre outros, persoas pertencentes ao goberno galego e tamén á Comisión do desenvolvemento rexional do Norte de Portugal. Ten os seus orixes no ano 1991 e formouse como organismo no ano 2010. A súa misión é fomentar a cooperación e cohesión entre ambos territorios impulsando así melloras sociais, empresariais e culturais; aumentando a sinerxía para acadar con máis facilidade obxectivos en común e beneficios para ambos territorios.

Os membros de esta Agrupación reúnense con frecuencia para tratar aqueles temas de importancia para os obxectivos de crecemento económico e social de ambos territorios. Este tipo de agrupacións son impulsadas a través do Parlamento europeo para facilitar as relacións entre as distintas rexións que comparten fronteira e proximidade para así sumar fortalezas e alcanzar con maior facilidade certos obxectivos que de maneira individual sería máis complicado.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular asinantes formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Pleno:

1º.-Cal é a actividade que ven desenvolvendo a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT)?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Paula Prado del Río na data 08/04/2024 18:29:42**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:30:26**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:30:29**

**Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:31:05**

**Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:31:13**

**José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:31:35**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:31:38**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:32:03**

**Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:32:05**





## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

Durante a tempada de verán, os concellos turísticos galegos incrementan considerablemente a súa poboación, o que require un reforzo da vixilancia e seguridade.

Coñecedores das dificultades que para as facendas municipais representa afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local, a Xunta de Galicia presta o seu apoio a través dunha convocatoria anual de subvencións.

O obxectivo é dobre, por unha banda redobrar a vixilancia e poder garantir a seguridade de veciños e visitantes durante a tempada de verán e, á vez, reducir a carga económica que estas contratacións supoñen para os concellos que precisan deste reforzo de persoal.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

1. Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre o apoio que presta para a contratación de persoal de Policía Local nos concellos máis turísticos?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

### Asinado dixitalmente por:

**Paula Prado del Río na data 08/04/2024 18:34:32**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:35:02**

**Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:35:41**

**Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:36:00**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:36:05**

**José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:36:38**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:36:43**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:37:11**

**Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:37:13**



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Antonio Rodríguez Miranda, Martina Aneiros Barros, Marta Mariño Regueiro, José Manuel Mato Díaz, Victoria Núñez López, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

A Xunta de Galicia colabora cos concellos galegos na mellora das infraestruturas básicas e dos servizos municipais procurando satisfacer as novas necesidades da veciñanza.

Unha das ferramentas empregadas para articular estes apoios é a liña de subvencións para infraestruturas de uso público que, desde o ano 2009, materializáronse en equipamentos públicos de moi diversa tipoloxía, como a construción e mellora de parques infantís de titularidade municipal, a renovación das construcións máis antigas como a substitución dos vellos pavimentos por outros renovados e máis seguros, redes de luz pública, os parques infantís, a pavimentación de camiños, así como a rehabilitacións de dependencias municipais, entre outras.

A Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado de manter e fomentar as relacións coas corporacións locais. Unha das súas principais competencias é o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución de liñas de subvención destinadas a elas.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas e os deputados asinantes formulan as seguintes pregunta:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia das actuacións realizadas ao abeiro desta orde de mellora das Infraestruturas básicas e servizos municipais?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

### Asinado dixitalmente por:

**Paula Prado del Rio na data 08/04/2024 18:32:42**

**María Sol Díaz Mouteira na data 08/04/2024 18:33:46**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Antonio Rodríguez Miranda na data 08/04/2024 18:33:57**

**Martina Aneiros Barros na data 08/04/2024 18:35:00**

**Marta Mariño Regueiro na data 08/04/2024 18:35:11**

**José Mato Díaz na data 08/04/2024 18:35:59**

**Victoria Núñez López na data 08/04/2024 18:36:17**

**Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2024 18:37:07**

**Noelia Pérez López na data 08/04/2024 18:37:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Cristina Fernández Davila**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a realización de obras de mantemento, mellora e conservación no CEIP de Luíntra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As instalacións do actual CEIP de Luíntra, que atende a aproximadamente 50 nenos e nenas do concello de Nogueira Ramuín e limítrofes, inauguráronse hai case 50 anos, sendo escasas e en todo caso insuficientes as actuacións realizadas para a modernización e acondicionamento do centro, existindo danos de certa relevancia e que mesmo comprometen a seguridade das usuarias, nomeadamente das máis cativas.

Existen pingueiras en distintas dependencias do centro recolléndose a auga en baldes estratexicamente colocados, que se ben mitigan o risco de esvaróns ou a formación de charcos e o incremento do deterioro das instalacións transmiten unha imaxe de abandono e desleixo, que en modo algún se corresponde co esforzo do persoal destinado no mesmo nin coa súa comunidade educativa e usuarias.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Ante as filtracións que sufría o depósito de gasóleo orixinario -soterrado- e as dificultades para realizar obras de mantemento ou reparación no mesmo, instalouse un de xeito provisorio, mais dado o tempo transcorrido semella que non existe vontade de solucionar o problema de vez.

Existen igualmente eivas no sistema eléctrico que provocan que varias veces ao día salte o diferencial deixando sen luz á planta baixa do centro. Asemade a antigüidade das luminarias, xunto coa altura dos teitos -proprios dunha arquitectura doutra época – ,exixe a necesidade de substituír o sistema de iluminación por outro máis eficiente e funcional. Igualmente os enchufes e conexións eléctricas non só son escasas, senón que en moitos casos están deterioradas e en mal estado, supondo un risco para as usuarias.

O deterioro na cuberta e nas canalizacións, así como a falla da súa limpeza periódica, provocan non só importantes filtracións, senón a propia caída de gran cantidade de auga no patio.

O aspecto exterior das instalacións, así algunha das escaleiras de acceso ou o propio peche perimetral exixen unha inmediata intervención, tanto por razóns estéticas como pola propia seguridade do alumnado.

Todo as deficiencias expostas, así como outras moitas como a necesidade de renovación e mellora de baños e vestiarios, a necesidade de instalar un paso de peóns na estrada de acceso ordinario, para facilitar a seguridade nas entradas e saídas, foron comunicadas hai meses tanto á Xunta de Galiza como ao Concello de Nogueira de Ramuín, sen que nada se fixera para emendalas. O pasado mes de febreiro reproduciuse a comunicación con, de momento, idéntico resultado.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para a renovación, mantemento e mellora das instalacións do CEIP de Luíntra?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

**Cristina Fernández Davila**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Fernández Davila na data 08/04/2024 20:02:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 08/04/2024 20:02:24**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/04/2024 20:02:39**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas necesarias a tomar para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-551 nos puntos quilométricos 7+800 a 8+80.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai aproximadamente dous anos, a Consellería de Infraestruturas acometeu as obras de mellora do Tramo de Concentración de Accidentes (TCA) na estrada PO-551, concretamente nos puntos quilométricos 7+800 a 8+800, unha actuación que mellorou a seguridade viaria e o acceso peonil nese tramo competencia da Xunta de Galicia e que se corresponde co límite entre os termos municipais de Bueu e Marín e a baixada á praia de Covelo, na parroquia de Cela. Con todo, e tal e como se foi demandando en recorrentes momentos por parte do Concello de Bueu, esta actuación precisa ir máis alá e estenderse ao resto de núcleos desa zona, concretamente ata o cruce de A Torre, toda vez que ano a ano detéctanse problemas debido á gran cantidade de tráfico existente e que se incrementa notablemente nos meses de verán.

A mellora da seguridade viaria e da accesibilidade a todos os núcleos de poboación é unha necesidade urxente, e por iso o Concello de Bueu acometeu actuacións nos viais e espazos propios, ademais de demandar con insistencia o compromiso e a actuación das outras administracións nos viarios de competencia autonómica e provincial.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

As obras do TCA na estrada da PO-551 incluíronse por parte da Consellería de Infraestruturas no Plan de Seguridade Viaria 2016-2020. Ese plan foi enviado ao Concello de Bueu no 2017, e dende o consistorio remitiu xa naquel momento unha serie de alegacións, nas que se facía referencia a propostas propias e a outras achegadas nas diferentes reunións mantidas con veciños e veciñas do lugar, ademais de propietarias dos terreos próximos.

Nesas alegacións incidíuse na colocación das glorietas, e tamén se facía referencia á ampliación das beirarrúas, reivindicándose que “para mellorar a seguridade dos peóns, considérase imprescindible a continuación da senda peonil dende Lapamán ata o P.K. 9+470, entorno do cruce coa EP-1304 no que xa se dispón de beirarrúas. A continuidade da senda peonil na marxe dereita da estrada permitiría tamén a colocación dunha canalización de recollida de pluviais nas zonas que o precisen así como garantir o confinamento da parte alta do muro de contención existente a carón do P.K. 7+910. O citado muro presenta deficiencias e desperfectos que a foron comunicados á AXI en varias ocasións”.

Posteriormente, o Concello de Bueu recibiu resposta ás alegacións por parte da AXI, e no que respecta ao punto das beirarrúas, indícase textualmente que “o alcance do proxecto é limitado e enmárcase nun programa de mellora da Seguridade Viaria nas estradas autonómicas, polo que a execución de tramos de sendas ou beirarrúas debería levarse a cabo en todo caso integrados noutra liña de actuacións da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI)”.

Ao longo destes anos solicitáronse varias reunións coa Conselleira de Infraestruturas, co obxectivo de solicitar incrementar as actuacións por parte do organismo autonómico nas sendas peonís, sobre todo tendo en conta que cada vez máis persoas circulan en vehículos ou a pé polas estradas e que é necesario que ambos usos convivan con seguridade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A iso habería que engadir a campaña cidadá de recollida de sinaturas que se está levando a cabo por parte da veciñanza do lugar e na que xa contan cun milleiro de sinaturas de apoio, para reclamar estas beirarrúas dende a Panadería Freire ata a entrada da Praia de Lapamán, ademais de tres pasos de peóns ou semáforos en tres puntos deste traxecto (o 1º na entrada da praia de Covelo, o 2º onde o cruce do Bar Muíño Vello, e o 3º onde o cruce do antigo Bar Remiñoto, hoxe Asador Posada de Lapamán).

A seguridade viaria e a mobilidade amable deben terse en conta cada vez máis no deseño das políticas, e por iso defendemos o dereito a todos os veciños e veciñas da vila a contar con espazos que lle permitan transitar con todas as garantías e sen perigo para as súas vidas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ante a necesidade de mellorar a seguridade viaria na PO-551 entre os termos de Bueu e Marín, que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Luis Bará Torres**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 09/04/2024 09:17:22**

**Luis Bará Torres na data 09/04/2024 09:17:25**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o mantemento do uso sociosanitario público do Hospital Provincial de Pontevedra.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- O 26 de xullo de 2016 asinouse o convenio de cooperación entre a consellaría de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o concello de Pontevedra en relación co proxecto de ampliación do hospital de Montecelo. Este acordo produciuse logo de oito anos de parálise e de que a Xunta desbotase a idea unilateral de construír un novo hospital en Monte Carrasco (Marcón).

A execución da ampliación de Montecelo foi un grande logro social, froito da mobilización e da coherencia mantida pola maioría da sociedade pontevedresa en defensa duns equipamentos hospitalarios modernos e de calidade.

2. O convenio asinado en 2016 tiña como obxectivo establecer as bases de cooperación entre a consellaría de Sanidade, SERGAS e Concello de Pontevedra para a redacción e execución do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal que fixa as determinacións e posibilita a ampliación do hospital de Montecelo e a dotación de infraestruturas e servizos necesarios para o seu óptimo funcionamento.

As obras derivadas dese convenio, xa sexan a ampliación da infraestrutura sanitaria como dos servizos necesarios para o seu funcionamento, están en execución, tanto as que son responsabilidade do SERGAS coma as do Concello.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

3.- Paralelamente, unha vez acordado que a solución para a mellora das infraestruturas hospitalarias en Pontevedra era a ampliación de Montecelo, estudáronse os usos aos que se destinarían as instalacións do Hospital Provincial, unha vez rematada a ampliación de Montecelo.

Sobre a cuestión dos usos futuros do Provincial hai un amplo consenso social, demandándose, en numerosas ocasións, que manteñan un uso socio-sanitario público. Hai tamén, ou había, un amplo consenso institucional, xa que tanto a Xunta como o Concello de Pontevedra manifestaron a conveniencia e necesidade de manter o uso sociosanitario para o Hospital Provincial.

No ano 2016, cando se asina o convenio para a ampliación de Montecelo, o Presidente da Xunta traslada o compromiso de prever a planificación dos novos usos para Hospital Provincial e a Casa do Mar, deixando claro que “o Provincial terá que ter un novo uso sociosanitario”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai manter o Goberno galego o compromiso de dedicar o Hospital Provincial de Pontevedra a un uso sociosanitario público?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 09/04/2024 09:32:57**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2024 09:35:42**

**Iria Carreira Pazos na data 09/04/2024 09:37:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os tempo de agarda na tramitación da dependencia.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo os últimos datos publicados polo Observatorio estatal da Dependencia, Galiza reduciu a súa listaxe de agarda para o recoñecemento e valoración da dependencia no último ano. Concretamente reduciu en 2.290 persoas as taxas limbo incrementando en 5.588 persoas dependentes as atendidas, case un punto por riba da media do estado.

Malia a isto, fican aínda 3.537 persoas nese limbo administrativo e non todas as persoas que saíron da listaxe de espera o pasado ano o fixeron por obterem a súa valoración ou accederen ao recurso ao que tiñan dereito.

Segundo a mesma fonte, en 2023. o 3.5% das persoas dependentes falecidas formaban parte das listas de agarda. Concretamente, 109 que agardaban pola resolución de grao e 237 que, tendo recoñecido a unha prestación estaban aínda agardando por acceder a ela. En total: 346 persoas das 1.430 que se reduciu a listaxe de agarda (o 16,57%) foi debido á morte da persoa solicitante, non á dilixencia da administración.

Desde a entrada en vigor da Lei de dependencia vense denunciando o seu incumprimento en moitos aspectos, un é o financiamento a partes iguais entre administracións pois o Goberno central aínda continúa incumprindo as súas obrigas, mais outro é o dos tempos de tramitación fixados na propia lei que sitúan en 180 días o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

tempo de espera desde a solicitude ao acceso á prestación sendo que en Galiza ese período pode case triplicarse.

Así o reflicten os datos do IMNSERSO (febreiro de 2024).

En Galiza hai 2.177 persoas pendentes de resolución de grao ou de PIA desde hai 6 meses ou máis sen motivo algún.

Ademais, o tempo medio transcorrido entre a presentación da solicitude até o acceso á prestación sitúase en 368 días.

Esta situación non se debe só á falta de persoal nos Equipos de Valoración e Orientación (EVO) da dependencia senón tamén á falta de recursos e servizos públicos para garantir o acceso da poboación ás prestacións ás que ten dereito.

Así, podemos atopar situacións nas que a listaxe de agarda para acceder a unha praza nunha residencia pública supera os dous anos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para acabar coas listaxes de agarda en dependencia?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Ariadna Fernández González**  
Deputadas do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 09:55:43**

**Ariadna Fernández González na data 09/04/2024 09:58:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo modelo de residencias de maiores impulsado pola Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a pandemia da Covid-19, o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza vén anunciando a implantación dun novo modelo de residencias de maiores. Porén, malia a insistencia do G.P. do Bloque Nacionalista Galego por coñecer as mudanzas que suporá, nunca se nos trasladaron mais que meros enunciados e declaracións de intencións. De feito, nos últimos catro anos non se impulsou nin unha soa mudanza legal ou na normativa vixente vinculada con outro modelo residencial e de coidados.

Cómpre lembrar que en Galiza rexen as residencias de maiores, ao igual que outros centros, unha Orde de 1996 e a Lei de servizos sociais de Galiza de 2008. Nin sequera contamos cunha lei específica malia presentar na XI Lexislatura unha proposta o G.P. do BNG.

Nos últimos meses, a Xunta de Galiza inaugurou dúas das sete residencias de maiores que a Fundación Amancio Ortega prometeu construír nas cidades galegas. Foron as de Lugo e Compostela cuxa xestión foi privatizada e correrá a conta da Fundación Fesán, especializada en estudos e análise.

A xustificación da escolla desta entidade e non doutras que optaron no proceso de licitación, foi o prezo ofertado por praza de residente, o máis baixo de todas. Non foi





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

o modelo de coidados ou o número de traballadoras/es de atención directa senón o custe á baixa do servizo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

É este o novo modelo de coidados e atención ás persoas maiores que defende o Goberno do Partido Popular?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Ariadna Fernández González**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 10:12:38**

**Ariadna Fernández González na data 09/04/2024 10:13:32**



## Á Mesa do Parlamento

**Noelia Pérez López, Roberto Rodríguez Martínez, Raquel Arias Rodríguez, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Marta Mariño Regueiro, Alberto Pazos Couñago, Raúl Santamaría González, Gonzalo Trenor López** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

A loita contra a violencia de xénero debe marcar a folla de ruta da acción política dos diferentes poderes públicos do noso país e da nosa Comunidade.

Neste sentido destaca o firme compromiso da Xunta de Galicia demostrado coa posta en marcha de diferentes medidas de detección, prevención e acompañamento, en ámbitos como o sanitario, económico ou laboral, entre outros, todas elas, encamiñadas a erradicar a expresión máis cruel da desigualdade.

Un dos eixos fundamentais desta actuación é a procura da independencia económica das vítimas, xa que esta é clave para garantir que as mulleres en situación de violencia de xénero logren unha maior estabilidade persoal, social e laboral, podendo romper deste xeito co círculo da violencia.

Para impulsar á estabilidade económica destas mulleres, a Xunta de Galicia ven artellando actuacións como as subvencións destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas (concellos, grupos de municipios, consorcios ou mancomunidades), no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

-Con que medidas conta o Goberno galego para fomentar a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas e coas entidades sen ánimo de lucro?

Santiago de Compostela, 9 de abril 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Pérez López na data 09/04/2024 10:20:39**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 09/04/2024 10:20:53**

**María Sol Díaz Mouteira na data 09/04/2024 10:21:16**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/04/2024 10:21:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Marta Mariño Regueiro na data 09/04/2024 10:21:52**

**Patricia García González na data 09/04/2024 10:22:00**

**Alberto Pazos Couñago na data 09/04/2024 10:22:12**

**Raúl Santamaría González na data 09/04/2024 10:22:20**

**Gonzalo Trenor López na data 09/04/2024 10:22:31**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ariadna Fernández González e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o ingreso de persoas menores de 65 anos con doenzas mentais e outros perfís en residencias para persoas maiores.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando desde a pasada legislatura a situación, cada vez máis grave, que se está a vivir nas residencias de maiores da Xunta de Galiza polo ingreso nelas de persoas menores de 65 anos con perfís que nada teñen a ver cos destes centros.

De maneira especial, falamos de persoas con enfermidades de saúde mental, mais non só. Segundo os datos publicados polo xornal Praza Pública (datos solicitados tamén por este grupo parlamentario sen obter resposta da Xunta de Galiza):

**A 31 de decembro** as residencias de maiores da Xunta ou as prazas concertadas en centros privados sumaban un total de **593 persoas menores de 65 anos** ingresadas nelas. **Un ano antes había preto de 700**. Isto é, **unha de cada 20 persoas en prazas residenciais de maiores que dependen da Xunta** non está nelas pola idade senón por outras circunstancias.



	PERSOAS MENORES DE 65 ANOS INGRESADAS EN PRAZA PÚBLICA RESIDENCIAL A DATA DO 31/12/2023	
PROVINCIA	CENTROS TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA E CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR	CENTROS PRIVADOS CON PRAZAS PÚBLICAS DE CONCERTADAS
A CORUÑA	115	68
LUGO	41	67
OURENSE	35	111
PONTEVEDRA	84	72

2

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE  
DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIO SANITARIA  
Complexo Administrativo San Caetano.Edificio 8 B  
15781 Santiago de Compostela  
T. 981 541 807  
dxmas.politicasocial@xunta.gal

Neste senso, malia que a Xunta de Galiza non proporciona os datos de persoas con doenzas psiquiátricas de maneira desagregada, segundo a Asociación de inspectores de Política Social representarían o 40% das persoas que acceden a unha praza de residencia de maiores polo procedemento da emerxencia social.

Esta situación que afecta todas as residencias públicas ou privado-concertadas, denuncian as traballadoras e traballadores; as organizacións sindicais e mesmo a Asociación galega de inspectores en servizos sociais, está a causar graves problemas porque:

1. As residencias son centros de atención a persoas maiores, con ou sen dependencia, non son hospitais psiquiátricos ou centros especializados en doenzas mentais. Nin sequera están debidamente preparadas para atender situacións cada vez máis habituais de alzheimer ou demencias.

2







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. Para as que o persoal das residencias non ten nin formación, nin medios para atender debidamente. Nin sequera hai persoal especializado en psiquiatría nas residencias de maiores galegas.

Isto está a causar graves problemas de convivencia nas residencias en boa medida pola falta de persoal e de recursos para atender persoas que teñen necesidades moi específicas e, desde logo, totalmente diferentes ás que teñen persoas maiores mesmo con alzheimer ou demencia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que esta situación é sostíbel por máis tempo?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Ariadna Fernández González**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 10:28:01**

**Ariadna Fernández González na data 09/04/2024 10:30:05**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2024 10:31:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos prazos e evolución das obras do CAPD e á futura dotación de persoal.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos, Ourense vén reclamando a construción dun centro de atención con diversidade funcional público e de xestión pública que dea cobertura ás comarcas da zona de Ourense, toda vez que é o caso do que se considera administrativamente como provincia que non ten un centro similar.

Así as cousas, desde hai anos a Plataforma Procapd Ourense demanda un centro deste tipo, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar. A reivindicación vén de lonxe e son numerosas as manifestacións e mobilizacións sociais que se teñen realizado. Tamén numerosas son as iniciativas en concellos, na deputación de Ourense ou no Parlamento Galego ao respecto. De forma concreta, cómpre recordar como durante a campaña electoral das eleccións ao Parlamento Galego do ano 2016, as e os candidatos por Ourense comprometeron coa súa sinatura que no caso de gobernaren as súas forzas políticas cumprirían esa débeda.

En xuño de 2020 a Xunta de Galiza asinaba coa UTE Construcciones ALEA, S.L. - Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones, S.L. o contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense. Contrato adxudicado por un importe de 7.659.080,66 €, sendo de 18 meses o prazo de execución





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

polo que debería estar totalmente rematada a obra do CAPD no mes de febreiro de 2022.

A mediados do mes de xuño de 2021 a UTE adjudicataria comunicaba á Xunta de Galiza a imposibilidade de continuar coa execución do contrato asinado polo que procedía á paralización da construción da obra, extremo do que o goberno galego en ningún momento informou, nin tampouco tomou medidas ata que esta cuestión foi denunciada polas familias.

No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 descoñécese a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para xaneiro de 2024.

Ademais do remate, fica pendente unha cuestión elemental, que é o modelo de xestión, xa que a demanda social é que sexa xestión pública e directa mais os antecedentes en materia de Política Social da Xunta de Galiza van na dirección contraria, como aconteceu co centro de menores de Montealegre.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal vai ser a data de inicio do funcionamento do CAPD de Ourense e o seu modelo de xestión?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2024 10:51:46**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 09/04/2024 10:52:54**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 10:53:31**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O 6 de xullo de 2020, logo da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Cruz Vermella Española en Galicia, iniciouse a execución dun programa extraordinario de axudas económicas para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola COVID-19, articulado a través de tarxetas moedeiro para a adquisición de produtos de alimentación, hixiene e farmacia.

Unha medida impulsada polos movementos sociais que loitan contra a pobreza dirixida ás persoas e familias residentes en Galicia que se atopan en situación de vulnerabilidade económica, ben porque carecen de ingresos efectivos, ou ben porque na unidade de convivencia non se perciben prestacións económicas periódicas regulares, de carácter mensual (Risga, PNC, IMV, RAI, prestacións por desemprego...), nin outros ingresos efectivos, que acaden, no seu conxunto, o importe que lle correspondería en concepto de tramo persoal e familiar de Risga, de acordo coas contías establecidas para o ingreso mínimo e os complementos familiares (artigo 21 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia).

Unha medida, reivindicada dende anos antes da súa implantación por parte de asociacións que loitan contra a pobreza ou a favor dos colectivos máis vulnerables da sociedade, e que reclaman que a Tarxeta Básica ou Tarxeta Moedeiro sexa unha medida permanente no tempo. De feito algúns destes movementos sociais, nomeadamente a través de EAPN Galicia indican que:



“A pesar da súa limitada duración, dende EAPN Galicia valorouse positivamente a posta en marcha dunha medida reclamada dende fai anos como un primeiro paso imprescindible pola dignidade das persoas, o afastamento do asistencialismo e da estigmatización e como apoio económico para os comercios de proximidade nun contexto de emerxencia social como a que estamos vivindo. Seguiremos demandando non só que esta iniciativa sexa permanente, senón sobre todo para que as persoas ou familias que a percibían pasen canto antes a un sistema de garantía de ingresos a partir do IMV e a Risga”.

Tendo en conta o contexto socioeconómico actual derivado do incremento de prezos e que máis de 600.000 galegos e galegas viven en risco de pobreza, especialmente acusada a pobreza infantil e a que sofren as familias monoparentais encabezadas por mulleres, é de xustiza retomar como permanente a Tarxeta Básica, non só pola prestación en si, senón pola privacidade das familias perceptoras e o poder desta medida contra a estigmación debido ás súas características.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Valora o Goberno galego retomar a Tarxeta Básica tal e como reclaman os movementos sociais que loitan contra a pobreza en Galicia?

Santiago de Compostela, 4 de abril do 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/04/2024 10:59:56  
**Nº Rexistro: 1293**  
Data envío: 09/04/2024 10:59:56.422

**Asinado dixitalmente por:**

**Silvia Longueira Castro na data 05/04/2024 17:56:40**

**Elena Espinosa Mangana na data 05/04/2024 17:56:50**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3564

@PSdeG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre custos indebidos que soporta o SERGAS.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como é coñecido a acción protectora do noso sistema de previsión social distingue entre as continxencias profesionais e as comúns, reservando para as Mutuas colaboradoras da Seguridade social tanto a xestión das prestacións como a asistencia sanitaria derivada das continxencias profesionais, o inclúe a emisión dos partes de baixa e de alta por parte dos facultativos dos servizos médicos das Mutuas, o que significa a potestade de realizar unha cualificación inicial das continxencias.

O problema de realizar correctamente esta determinación ou cualificación é de suma importancia para as persoas afectadas e para o sistema en xeral, sendo moi problemática e mesmo conflitiva en numerosos casos, entre os que destacan todas as lesións e enfermidades músculo/esqueléticas non derivadas de accidentes con traumatismo, e as de orixe psicosocial, precisamente pola dificultade obxectiva de atribuír a patoloxía a causas exclusivamente laborais e





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sobre todo pola aberta oposición tanto de Mutuas como de empresas a asumir a responsabilidade.

Precisamente este tipo de patoloxías son das máis recorrentes na atención primaria do SERGAS, que en múltiples ocasións da tratamento e asistencia a doentes que foron directamente rexeitados polos servizos médicos das Mutuas, que abusan da súa posición e capacidade de determinar de inicio o tipo de continxencias.

Esta determinación inicial non ten por que ser aceptada pola persoa doente que pode solicitar no INSS o cambio de continxencias, un procedemento que resolve en vía administrativa o propio INSS a través dos Equipos de valoración de incapacidades adscritos ás direccións provinciais do Instituto, e posteriormente en sede xudicial a xurisdición social. As resolucións destes procedimentos teñen lóxicas consecuencias para as persoas a todos os niveis, tanto de prestacións como asistenciais, xerando un dereito ao cobro de diferenzas salariais/prestacionais ao seu favor e a cargo da súa empregadora con efectos retroactivos desde o día da baixa médica.

Entendemos no BNG que unha vez se produce un cambio de continxencias comúns para profesionais o servizo público de saúde procurará resarcirse dos gastos de asistencia sanitaria que unha inicialmente incorrecta cualificación da patoloxía lle provocou.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal foi o custe indebido soportado polo SERGAS da asistencia sanitaria prestada a doentes con patoloxías inicialmente cualificadas como continxencias comúns e que finalmente resultaron ser profesionais?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/04/2024 11:04:47**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2024 11:04:51**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/04/2024 11:05:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación na que se atopa o centro de saúde da Fonsagrada.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza dos concellos da Fonsagrada e Negueira de Muííz levan meses mobilizándose para esixir á Xunta de Galiza que cubra as prazas de persoal médico das que dispón o centro de saúde.

E é que, das cinco prazas que existen, unha está sen cubrir, concretamente a da persoa que se desprazaba dous días até Negueira para atender a veciñanza deste concello e outra persoa xubilouse sen ser substituída.

Actualmente, o Concello de Negueira só ten atención sanitario no propio municipio un día á semana sendo de cada vez un sanitario distinto quen a presta procedente doutras zonas.

Esta situación, que repercute tamén na atención que presta o PAC da Fonsagrada, supón unha merma na calidade asistencial de dous concellos de montaña e dunha zona xeográfica moi extensa na que as distancias se multiplican por razóns orográficas.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así mesmo, cómpre lembrar que a poboación destes dous municipios vese obrigada a desprazarse ao Concello de Becerreá para unha radiografía ou recibir atención en fisioterapia ou xinecoloxía.

Cómpre lembrar que a sanidade pública, e concretamente a Atención Primaria, está directamente relacionada coa esperanza e a calidade de vida da poboación, así mesmo, é un dereito fundamental da poboación o acceso a ela nas mellores condicións e, sobre todo, de maneira próxima.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai cubrir a Xunta de Galiza todas as prazas de persoal facultativo no centro de saúde da Fonsagrada?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Montserrat Valcárcel Armesto**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 11:13:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María Montserrat Prado Cores na data 09/04/2024 11:13:52**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2024 11:15:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a reiterada renuncia da Xunta de Galiza a apoiar a proxección exterior da literatura galega a través das feiras do libro internacionais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 aprobado polo Partido Popular recolle, en relación á potenciación da lingua e da cultura galega, o seguinte obxectivo:

Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización.

Para a concreción deste amplo obxectivo recoñécese o seguinte reto:

Avanzar na proxección exterior e a internacionalización da produción cultural de Galicia, logrando que Galicia sexa un referente internacional na xeración de contidos.

E entre as liñas de actuación estratéxicas compromete a seguinte:

Crear vías e canles estables de apoio, ademais de accións específicas de internacionalización das empresas e dos produtos culturais.

A política de internacionalización da cultura galega é un obxectivo prioritario, tal e como identificaba xa a Estratexia da Cultura Galega elaborada polo goberno galego:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

“A proxección exterior da cultura galega, como marca recoñecida e valorada, é un dos obxectivos nos que cómpre traballar de maneira constante, por consideralo un asunto estratéxico para o crecemento económico e para o afianzamento do diálogo internacional, imprescindible na actualidade. Posiciona a Galicia como marca de país e tamén porque impulsa unha vertente vinculada á creatividade e ao coñecemento, necesarios para o progreso do conxunto do tecido produtivo contemporáneo.”

A respecto do sector do libro, algunhas das accións practicadas, co fin de facilitar a promoción, difusión e intercambio literario, son a asistencia a feiras internacionais do libro como as de Boloña, Frankfurt, Guadalajara (México), Bos Aires e Liber (Barcelona).

En diferentes ocasións ao longo da lexislatura pasada, o grupo parlamentario do BNG tenlle demandado nesta cámara ao goberno galego información a respecto da política de internacionalización da cultura galega, nomeadamente a vinculada a través do sector do libro e a súa proxección nas feiras internacionais.

Fixémolo tamén para lle darmos voz ás reclamacións públicas procedentes do sector do libro por non atoparen no goberno do PP o aliado preciso para a elaboración conxunta dun ambicioso proxecto de proxección internacional da literatura galega e das súas creadoras.

Con todo, rematou a lexislatura 2020-2024 sen que o goberno do PP fixese ningunha achega para mudar a súa inexplicábel renuncia á internacionalización do sector do libro galego.

A lexislatura que agora comeza é inaugurada coa confirmación de a Asociación Galega de Editoras verse na obriga de acudir novamente á Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña por conta propia, sen apoio da Xunta, ao non renunciar esta a asumir o seu papel de colaborador neste importante espazo profesional e pretender exercer unha tutela na xestión nunca vista en ningún espazo oficial.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Confírmase, máis unha vez, que o goberno do PP renuncia a exercer a súa responsabilidade e vira as costas a unha literatura galega que está a ser referente en todo o mundo, multipremiada e recoñecida pola súa alta valía creativa.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que renuncia o goberno do PP a se implicar, xunto co sector do libro galego, na difusión e externalización da nosa prestixiosa literatura nas feiras internacionais do libro?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 09/04/2024 11:16:40**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 11:16:44**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2024 11:16:54**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Segundo a información colgada na páxina web da Xunta de Galicia, o Goberno galego constituíu a sociedade Impulsa cun capital fundacional de 5 millóns de euros, no que a participación no capital social corresponde o 40 % á Xunta de Galicia, 38 % Abanca, 12 % Reganosa e 10 % Sogama, tendo a encomenda de *“dinamizar e ampliar o Polo para a Transformación de Galicia, unha iniciativa que, promovida pola Xunta de Galicia no marco da candidatura aos fondos Next Generation, pretende ser circular, sostible, verde, dixital, viva, inclusiva, xeradora de riqueza no seu entorno e aglutinadora dos intereses de pequenas e medianas empresas, así como de grandes compañías”*; xa que logo, o seu obxectivo debe ser incentivar a actividade produtiva da comunidade a partir da captación de investimentos, a incorporación de socios e a colaboración entre institucións públicas e privadas para a posterior posta en marcha e consolidación de propostas empresariais.

A proposta inicial da Xunta de Galicia para captar parte destes fondos europeos foi de 354 proxectos cos que pretendían mobilizar cerca de 20.000 millóns de euros e segundo as palabras da directora xeral, Enyd López nunha entrevista do 24 de outubro o *“Elegimos socios muy sólidos para que los proyectos salgan con o sin fondos”*, indicando que o labor do dito consorcio non é executar fondos senón buscar os actores máis axeitados para facelo, c q l G c *“Desarrollamos las ideas, las maduramos para convertirlas en grandes proyectos y las liberamos una vez encontrados los inversores y tecnólogos adecuados. El plan involucra al tejido empresarial al completo, pero la intención es fomentar la participación de pymes y autónomos, para que sean los*



*principales beneficiarios de estos proyectos tractores que generarán actividad económica y cadenas de valor». inversores y tecnólogos adecuados. El plan involucra al tejido empresarial al completo, pero la intención es fomentar la participación de pymes y autónomos, para que sean los principales beneficiarios de estos proyectos tractores que generarán actividad económica y cadenas de valor».*

En xuño de 2022, segundo as novas colgadas na páxina web da Xunta de Galicia, o presidente da Xunta de Galicia mantivo unha reunión co comité técnico do dito organismo público-privado na que se avaliou a situación do Polo para a transformación de Galicia e os principais proxectos nos que Galicia está traballando para captar fondos europeos *Next Generation EU*, e o 21 de novembro volveu a reunirse cos socios do dito comité (Abanca, Reganosa e Sogama) para analizar a situación de iniciativas punteiras como os proxectos que xiran en torno á recuperación de fibras textís, os avances tecnolóxicos ao servizo da comunidade ou a posta en marcha de alternativas que permitan á sociedade galega e ao seu tecido empresarial competir no ámbito das enerxías.

O 16 de maio, a páxina web da dita sociedade achega información sobre cinco proxectos, os mesmos que hai case un ano sobre:

**1. Xestión sostible dos bosques galegos:** proxecto tractor baseado na transformación da madeira en fibra téxtil baixo principios de sustentabilidade e circularidade, co que se pretende pechar, por vez primeira, o círculo vital da madeira en Galicia e prevé fabricar na nosa comunidade unhas 200.000 toneladas anuais de fibra téxtil sostible, utilizando como materia prima principal a madeira certificada procedente dos nosos bosques, así como residuo téxtil.

Líderes: A papeleira portuguesa Altri é o líder industrial escollido que costeará o deseño e desenvolvemento da iniciativa ata levala ao momento do investimento. Conforme vaia avanzando o proxecto, explorará alianzas con toda a cadea de valor do sector forestal galego.



Investimento: 800 millóns de euros. Investimento: 800 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e 10.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo). Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e 10.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

**2. Economía circular:** proxecto tractor en virtude do que se levantará un complexo pioneiro que tratará ao ano máis de 7 millóns de toneladas de residuos infrautilizados para a súa valorización e reutilización.

O centro focalizará a súa actividade na xestión duns 6 millóns de toneladas de excedente de zurro para a produción de biogás, bioetanol e fertilizantes orgánicos. 2. Economía circular: proxecto tractor en virtude do que se levantará un complexo pioneiro que tratará ao ano máis de 7 millóns de toneladas de residuos infrautilizados para a súa valorización e reutilización. O centro focalizará a súa actividade na xestión duns 6 millóns de toneladas de excedente de zurro para a produción de biogás, bioetanol e fertilizantes orgánicos.

Líderes: Repsol, Naturgy e Reganosa.

Investimento: aproximado de 600 millóns de euros.

Emprego estimado: 2.500 empregos directos e indirectos (equivalentes a tempo completo) e uns 1.000 empregos durante a construción (equivalentes a tempo completo).

**3. Xeración de hidróxeno verde:** proxecto tractor que prevé o investimento en 100 MW de electrolizadores para a xeración de hidróxeno verde a partir de enerxía renovable co obxectivo de descarbonizar non só a industria que necesite hidróxeno como materia prima, senón introduciilo para descarbonizar usos enerxéticos para a mobilidade e para a súa inxección na rede de gasodutos para o seu uso como vector de almacenamento da electricidade renovable.





Líderes: Reganosa e EDP.

Investimento: 130 millóns de euros.

Emprego estimado: 250 directos e 150 indirectos.

**4. Recuperación integral e sostible do rural galego:** proxecto tractor mediante o que buscamos a revitalización demográfica e económica das áreas rurais de Galicia a través do impulso da actividade económica ligada ao sector primario e á bioeconomía, utilizando novos modelos de negocio adaptados á economía verde e á transición ecolóxica. 4. Recuperación integral e sostible do rural galego: proxecto tractor mediante o que buscamos a revitalización demográfica e económica das áreas rurais de Galicia a través do impulso da actividade económica ligada ao sector primario e á bioeconomía, utilizando novos modelos de negocio adaptados á economía verde e á transición ecolóxica.

Estanse creando aldeas modelo; algunhas delas funcionarán como instrumento de recuperación da terra agraria para poñer en produción, de xeito sostible, as terras abandonadas de alta capacidade produtiva que rodean os núcleos de poboación, contribuíndo así á creación de actividade agrogandeira e á redución do risco de incendios. Xeraranse produtos agrarios de elevado valor engadido, máxima calidade e producidos con criterios de sustentabilidade e circularidade, que serán comercializados mediante unha marca de garantía común.

Investimento: 601,5 millóns de euros. Investimento: 601,5 millóns de euros.

5. Outros proxectos que se están a desenvolver: 5. Outros proxectos que se están a desenvolver:

- Nova potencia renovable
- Cadeas loxísticas sostibles
- Centros de investigación e innovación
- Laboratorio dixital
- Dixitalización





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/04/2024 11:28:12  
**Nº Rexistro: 1319**  
Data envío: 09/04/2024 11:28:12.185

– Xestión ambiental

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o traballo desenvolvido por esta sociedade dende o seu nacemento?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2024 11:24:59**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2024 11:25:08**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3578

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A través de novas nos medios de comunicación, coñecemos a noticia da creación da sociedade público - privada de Recursos de Galicia“ (RDG)” que nace *“baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia”* con 15 millóns de euros de capital inicial e coa finalidade de acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas. Segundo palabras do presidente da Xunta de Galicia, a sociedade RDG *“É garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”*.

Segundo as novas, a empresa constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera o Goberno galego que cunha participación do 30 % da Xunta de Galicia na dita sociedade se garante o control público da xestión da riqueza natural da nosa comunidade?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 09/04/2024 11:29:05  
**Nº Rexistro: 1322**  
Data envío: 09/04/2024 11:29:05.808

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 09/04/2024 11:26:23**

**Elena Espinosa Mangana na data 09/04/2024 11:26:32**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3580

@PSdeG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a as medidas que a Xunta está a desenvolver para dar cumprimento ao Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, a respecto da obriga de apertura ao público.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 17 de novembro de 2020 o Parlamento galego acordaba por unanimidade, a instancias dunha proposición non de lei defendida polo grupo parlamentario do BNG, instar a Xunta de Galiza a axilizar o expediente para incoar o expediente BIC para a Casa Cornide da Coruña.

Este acordo chega ao punto e final coa publicación no DOG do Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, como conxunto histórico de “valor cultural sobranceiro”.

O réxime de protección regulado no devandito decreto establece, entre outras obrigas, o dereito de acceso público a este ben, en consonancia co que xa fora recollido na Resolución do 14 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural a Casa Cornide na Coruña:

“Visita pública: as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre o ben permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

definidos previamente. O deber de permitir o acceso non se estenderá aos espazos que constitúan domicilio particular ou en que poida resultar afectado o dereito á intimidade persoal e familiar. En todo caso, a consellería competente en materia de patrimonio cultural poderá establecer, despois de lles dar audiencia ás persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais afectados, un espazo mínimo susceptible de visita pública”.

A conclusión que podemos tirar é que a familia Franco, propietaria da Casa Cornide, leva case tres anos incumprindo o mandato da Administración, regulado a través do DOG, de abrir ao público un mínimo de catro días ao mes, durante polo menos catro horas ao día, e vulnerando consecuentemente os dereitos da cidadanía de acceder a un ben de interese cultural, de alto valor patrimonial e histórico.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai esixirle a Xunta á familia Franco o cumprimento do Decreto 42/2023, de 27 de abril, polo que se declara Ben de Interese Cultural a Casa Cornide, para garantir a inmediata apertura ao público da Casa Cornide?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 12:19:38**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2024 12:19:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de o goberno se comprometer co impulso da cultura galega co obxectivo de reverter as eivas da política cultural recollidas no Barómetro da Cultura Galega 2024.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público o Barómetro da Cultura Galega 2024, o documento que mide o estado e a evolución da actividade cultural do último ano no noso país, elaborado polo Observatorio da Cultura Galega.

Este informe dá continuidade aos sucesivos barómetros publicados desde o inicio da pandemia co obxectivo de analizar a evolución do sistema cultural galego. Máis de 1.000 entidades públicas, empresas e profesionais do sector cultural participaron da elaboración deste barómetro, constituíndo un instrumento fundamental para a toma de decisións estratéxicas e a definición de políticas culturais.

Para alén do detalle dos datos que ofrece este barómetro, cómpre sinalar unha conclusión xenérica: “as persoas enquisadas perciben unha evolución algo menos favorable en 2023 en comparación con 2022. Así mesmo, as expectativas que tiñan hai un ano non se cumpriron, xa que pensaban que 2023 sería un ano mellor do que realmente foi (...) Isto permite afirmar que a cultura está sufrindo unha minoración na súa velocidade de crecemento”.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A percepción de desaceleración no sector cultural confírmase por parte das entidades participantes no barómetro cun descenso xeneralizado nas expectativas para 2024 respecto das que tiñan hai un ano, tanto no sector cultural en xeral, como nas súas propias entidades e sectores específicos de actividade. O sector cultural olla ao ano 2024 con menores expectativas na creación de emprego, na produción de bens e servizos, na súa demanda e nos seus prezos.

Pola contra, o barómetro recolle a expectativa clara do sector cultural dun aumento na evolución dos prezos dos seus subministrados e materias primas. A inflación e a suba de prezos continuada tamén está a afectar á cultura galega: por unha banda, os prezos das materias primas e subministracións necesarias para a actividade que desenvolven as entidades subiron para case nove de cada dez e, pola outra, a carestía da vida dificulta ter dispoñibilidade económica para acceder á cultura para unha boa parte da poboación galega.

Malia a confianza e valoración positiva nas fortalezas do sector cultural de cara ao 2024, cómpre reseñar que as previsións dos profesionais consultados son moi moderadas, sendo os menos optimistas os profesionais autónomos, un dato ben importante dada a súa relevancia no sistema cultural galego.

O sector cultural galego afronta diversos desafíos herdados dos últimos anos aos que agora se engade a atracción e retención de talento, cunha lixeira tendencia a considerar cada vez máis difícil atopar o persoal adecuado. Asemade, crece a preocupación sobre se a oferta formativa é suficientemente extensa e apta para satisfacer as demandas, nomeadamente as referidas a artes gráficas e música. E cabe destacar que os esforzos en materia de formación do persoal en transformación dixital sigan a ser relativamente baixos, o que o Barómetro destaca xunto ao descenso no esforzo dedicado á produción, venda e distribución de contidos dixitais.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A presenza internacional da cultura galega segue en retroceso. A media da actividade do sector dirixida a clientes ou usuarios estranxeiros descendeu outros 3 puntos no 2023, situándose por baixo do 9%, unha eiva que desde o BNG temos denunciado en innúmeras ocasións ao non exercer o goberno da Xunta o impulso dun proxecto de internacionalización.

Finalmente, os xestores culturais confirman as dificultades que teñen as entidades pequenas para acceder ás axudas públicas, un apoio que de novo volve cualificarse por debaixo do aprobado en todas as administracións públicas, destacando un incremento significativo na valoración da Administración do Estado e un novo descenso, aínda que leve, da puntuación da Xunta de Galicia. Son as pequenas empresas e os profesionais autónomos os máis críticos coa Administración, da que demandan un incremento nas axudas públicas e no gasto público en produtos e servizos culturais. En consonancia con estas demandas cómpre lembrar a reclamación realizada nos últimos meses por profesionais do sector cultural para o cumprimento dos prazos de pago por parte das administracións, unha situación que afoga especialmente ás organizacións e profesionais con niveis máis baixos de facturación

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai o goberno corrixir en 2024 a baixada na valoración do seu apoio á cultura galega recollido no Barómetro da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 09/04/2024 12:21:05**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2024 12:21:08**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 12:21:16**



## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, para a posta en valor da ermida de Santa Margarida no Concello de Narón.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A capela de Santa Margarida, situada na parroquia do Val, no Concello de Narón, forma parte dunha rede de capelas co selo da Orde de San Xoán, idéntica á primitiva igrexa de Santo André de Teixido, e xunto cos demais elementos patrimoniais que a rodean, fonte e cruceiro, é unha das xoias do patrimonio histórico do Concello de Narón e da comarca de Ferrol.

Data do primeiro terzo do século XVI, puido ser construída por Fernando de Andrade e a súa esposa Inés de Castro e Lanzós, e foi no seu día hospedaxe e hospital para peregrinos, así como lugar onde se celebraba unha das principais feiras da comarca até mediado o século XX, dedicada aos produtos de madeira.

Como a tantas outras fontes do noso país a esta, situada ao pé da ermida, tamén se lle atribúen poderes “milagreiros”. Conta con dous canos con forma de peitos, un baixo a advocación de Santa de Lucía, ao que se lle atribúe o poder de curar males relacionados coa vista, e outro baixo a advocación de Santa Margarida, ao que lle atribúen poderes relacionados coa fertilidade.

Trátase dun conxunto patrimonial histórico, artístico, e inmaterial da máxima relevancia, do que a ermida é o seu elemento máis importante e que hoxe en día está







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

absolutamente degradada, até o punto de non poder celebrarse ningún acto litúrxico no seu interior, como viña sendo habitual polo menos nas festas patronais que se celebran sempre a primeira fin de semana de xullo de cada ano.

A restauración da capela ademais de ser unha urxencia para veciños e veciñas, que recolleron máis de 700 sinaturas solicitando a intervención, sería a ocasión para retirar elementos alleos como un cadro eléctrico ou a uralita do tellado, e combinada coa posta en valor de todo o conxunto sería unha gran oportunidade para recuperar as tradicións, a feira, e dar a coñecer tanto á poboación da comarca como ás persoas que nos visitan, dun xeito moi directo e moi gráfico, como se produce unha evolución cultural a través das súas diferentes manifestacións, pagáns e cristiáns, mais en todo caso sempre populares e integradas no día a día.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten algún plan a Xunta de Galiza para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado pola ermida de Santa de Margarida no Val (Concello de Narón) o seu cruceiro e a súa fonte?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 09/04/2024 12:33:26**

**José Mauel Golpe Acuña na data 09/04/2024 12:33:31**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 12:34:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O DOG do 2 de xaneiro de 2012 publicou o anuncio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza polo que se acorda someter a información pública a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 Galicia. Este documento di literalmente o seguinte:

*A rede Natura 2000 en Galicia atópase actualmente composta por 16 zonas de especial protección para as aves (ZEPA) que representan unha superficie de máis de 101.000 ha (medios mariños e terrestres) e 59 lugares de importancia comunitaria (LIC) que abranguen unha superficie de máis de 374.500 ha (medios mariños e terrestres). De acordo coa clasificación en ecorrexións da Comisión Europea, 55 LIC adscribíense á rexión bioxeográfica atlántica e 10 á mediterránea, e seis destes espazos superfícies posúen en ambas as rexións. No seu conxunto, a rede Natura 2000 ocupa unha superficie de 389.737 ha (medios mariños e terrestres).*

*A actual lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) en Galicia foi considerada como insuficiente por parte da Comisión Europea, polo que é preciso completar a aplicación en Galicia da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coa aprobación dunha nova proposta de LIC. Así, a Comisión Europea, nas súas decisións polas que se aproban as primeiras listas de lugares de importancia comunitaria (rexión*





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*bioxeográfica atlántica, Decisión 2004/813/CEE, Diario Oficial de la Unión Europea, 29.12.2004, e rexión bioxeográfica mediterránea, Decisión 2006/613/CE, Diario Oficial de la Unión Europea, 21.9.2006), estableceu para cada unha das rexións bioxeográficas e para cada estado membro as necesidades de mellora na contribución á rede Natura 2000 que se debían considerar nas futuras ampliacións, corrixindo as insuficiencias detectadas ou mellorando a información.*

*Transcorrido un amplo período desde a publicación pola Comisión das dúas decisións, é urxente iniciar os trámites para completar a rede Natura 2000 galega, e dar así cumprimento ao mandado da Comisión.*

Un mes máis tarde publicouse un novo anuncio no DOG, ampliando o prazo de información pública:

*“Desde a data da publicación do anuncio no DOG recibíronse un importante número de consultas de particulares, concellos e interesados diversos xunto coa solicitude de ampliación do prazo establecido para a participación por consideralo insuficiente para valorar adecuadamente a proposta. Conforme o establecido no artigo 16.1.a) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente,*

*ACORDO: Ampliar o período de participación do público á proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia que se abriu mediante o Anuncio do 2 de xaneiro. O dito período de participación amplíase nun prazo dun mes, contado desde a publicación desta resolución, coa finalidade de que todos aqueles interesados que se consideren directamente afectados, poidan remitir observacións e opinións mediante escrito, dirixido á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ao enderezo de correo electrónico*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

[ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es](mailto:ampliacionnatura2000.cmr.santiago@xunta.es). Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2012.

Malia a urxencia da que se fala neste trámite de información pública da proposta de ampliación, pasaron máis de sete anos e a Xunta de Galiza aínda non deu cumprimento ao mandato da Comisión Europea.

2. No ano 2014, a Xunta de Galicia aprobou o Plan Director da Rede Natura 2000. Este Plan foi obxecto en 2015 dun informe moi crítico por parte da Comisión Europea, tanto no referente a ZEC da rexión biogeográfica Atlántica como da Mediterránea. O informe sinala, entre outras deficiencias, as seguintes:

*“As medidas de conservación recollidas no Plan son demasiado vagas e indeterminadas e non ofrecen polo tanto suficiente claridade para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan Director da rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os 55 LIC atlánticos da rede situados na rexión”.*

3. No mes de xullo de 2017, a daquela conselleira de Medio Ambiente anunciou que a Xunta de Galicia estudiaba ampliar a Rede Natura 2000 por considerar que supón unha oportunidade de desenvolvemento sostíbel para os concellos. Anteriormente, no mes de xuño, aprobouse na Comisión 2ª unha proposición non de lei do PP na que se instaba ao goberno galego a “iniciar os traballos de estudo e documentación para ampliar a Rede Natura 2000”.

Semella unha burla que a Xunta fale en 2017 de ampliar a Rede Natura cando este trámite xa foi iniciado e sometido ao trámite de información pública no ano 2012. A realidade é que pasaron máis de 12 anos desde a tramitación desta ampliación urxida pola CE (e máis de 15 anos desde a proposta de 2008, máis ambiciosa) e Galiza está á cola do Estado en superficie de territorio protexido por Rede Natura.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

4. Nos últimos anos a Xunta anunciou en diversas ocasión a ampliación da Rede Natura 2000 e no MAP da Rede Natura asumiu o compromiso de levar a cabo esta protección para determinados espazos e hábitats prioritarios. Mesmo contratou diversos estudos a respecto destes hábitats, cuxo resultado nunca se fixo público. É o caso do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia”, ou do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”.

5. Nos últimos tempos, a crise ambiental e o cambio climático puxeron de relevo a importancia de preservar a biodiversidade e de conservar o protexer os espazos naturais, polo que se fai máis necesario e urxente reactivar a ampliación da Rede Natura e a elaboración e aprobación dos plans de xestión específicos para cada un destes espazos, tal como reclamou a UE.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego revisar o Plan Director da Rede Natura e aprobar Plans de xestión específicos para cada un dos lugares, tal como reclamou a Comisión Europea?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Alexandra Fernández Gómez**

**Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2024 13:32:06**

**Alexandra Fernández Gómez na data 09/04/2024 13:32:10**

**Luis Bará Torres na data 09/04/2024 13:32:17**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ariadna Fernández González, Olalla Rodil Fernández e Iago Suárez Fernández**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o autismo en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O trastorno do espectro do autismo (TEA), é unha condición de orixe neurobiolóxico, que afecta á configuración do sistema nervioso e ao funcionamento cerebral, acompañando á persoa que o sofre durante toda a súa vida. Afecta, fundamentalmente, a dúas áreas do funcionamento persoal, unha delas relativa á comunicación e interacción social e outra relativa á flexibilidade do comportamento e do pensamento.

Aínda que non se descubriu aínda que o xen está directamente relacionado con dito trastorno, o que si coñecemos é que se trata dunha condición xenética, sendo o TEA, resultado de múltiples mutacións xenéticas en interacción co ambiente. Só se manifesta a través das competencias cognitivas e do comportamento sen teren, as persoas afectadas, signos físicos diferenciadores sendo importante incidir no feito de que non hai dúas persoas afectadas iguais.

Un dos factores máis importantes no caso deste trastorno é a premura do seu diagnóstico e a posterior derivación dos afectados/as aos servizos especializados en todas as etapas da vida,. Para a súa detección céntrase a ollada nas áreas do funcionamento persoal afectadas nomeadas anteriormente, existindo unha serie de características que poden ser indicativas do trastorno, coma por exemplo: dificultades







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para entender ou expresarse e para interpretar de xeito correcto a linguaxe non verbal, problemas para adaptar os comportamentos aos distintos contextos, dificultade para comprender regras sociais “non escritas”, emocións, comportamentos, motivacións, dificultade para cambiar rutinas ou entornos, necesidade de apoio en situacións novidasas, patróns de comportamento ríxidos e repetitivos, procura de estimulación mediante a actividade física, intolerancia á luz ou os sons fortes, etc.

Ditas características son útiles para ser conscientes, como sociedade, da afectación e impacto que supón o trastorno do espectro do autismo na vida diaria das persoas que o padecen, ao igual que das familias que as arrodean e arroupan. O diagnóstico dun neno/a con TEA afecta a todos os membros da familia de diferentes maneiras, sendo os pais e cuidadores os que deben enfocarse dende ese momento en axudar ao seu fillo/a, feito que pode exercer unha elevada presión sobre eles, mermando a súa capacidade para facerlle fronte a responsabilidades persoais con outros membros da propia familia. Trátase dun esforzo enorme que abarca o foco de atención e de enerxías, sendo todo un desafío onde o esgotamento, incerteza e dificultades de comunicación e interacción crean, en moitos, casos conflitos emocionais que afectan de xeito significativo á unión familiar, causando un estrés relevante en todos os seus membros.

En Galiza hai aproximadamente 27000 persoas afectadas, con estudos recentes que revelan que 1 de cada 36 nenos/as de oito anos poderían padecer este trastorno, aínda que os datos oficiais falan dun individuo con TEA diagnosticado de cada 100. No caso do estado español hai máis de 450000 casos, nacemento anualmente 4500 nenos e nenas afectados, cada cal cos seus intereses, capacidades e necesidades propias.

No noso territorio hai mais de 15 entidades sociais que representan a familias e persoas con TEA, conformando a plataforma e amparo para a defensa dos seus dereitos e necesidades, de xeito que podemos facernos cargo da importancia que ten a cohesión





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

do colectivo na comunidade. O benestar de dito colectivo debe ser unha prioridade para a Xunta de Galicia, sendo na actualidade insuficientes ou inexistentes as medidas tomadas no relativo á elaboración de políticas sociais que poñan o foco nas persoas con TEA e a súa importancia.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza aumentar o presuposto destinado á implantación de sistemas de cribado para diagnóstico precoz de TEA, que permitan que a detección e derivación dos casos sexa coa maior premura posible cara os servizos especiais en todas as etapas da vida?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

**Iago Suárez Fernández**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ariadna Fernández González na data 09/04/2024 13:48:48**

**Iago Suárez Fernández na data 09/04/2024 13:50:34**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 09/04/2024 13:51:15**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López, Xosé Manuel Golpe Acuña e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a restauración e posta en valor do Mosteiro de Sta. María de Monfero.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de Sta. María de Monfero é un dos monumentos máis impresionantes de Galiza, pola súas dimensións, pola fermosura do lugar no que se atopa, no corazón das Fragas do Eume, así como pola historia que o atravesa, que dun xeito ou doutro foi deixando a súa pegada no propio mosteiro.

Nacido como tantos grandes monumentos eclesiásticos a partir de outros menores, moi anteriores no tempo, o mosteiro de Monfero conta a través da súa arquitectura, e dos fitos da súa fundación, construción, ampliación, abandono, reformas, e ruína, a historia da Galiza.

Unha historia que inclúe nos últimos 100 anos unha primeira declaración como Monumento histórico-artístico polo goberno republicano, un posterior intento fracasado, durante os anos 50 do século XX, de trasladar a fachada da igrexa a San Pedro de Mezonzo na Coruña, e no ano 2003 unha cesión de usos á Xunta de Galiza por un período de 50 anos por parte do seu actual titular o Arcebispado de Santiago de Compostela.

Forma parte, polo tanto, do catálogo de Bens de interese cultural da Galiza, o que se contradí co seu penoso estado actual, de abandono total, do que apenas se salva a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

igreja (excluída da cesión), que mantén un certo grao de conservación suficiente para realizar o culto.

A Xunta da Galiza non só non dedicou desde o ano 2003 ningún esforzo á rehabilitación e posta en valor do conxunto patrimonial, senón que abandonou igualmente calquera obriga de divulgación e restauración da súa historia e mesmo da súa existencia, até o punto de causar estupor a todas as persoas que chegan a coñecelo.

A potencialidade turística dun semellante monumento resulta máis que evidente, así como o feito de constituír xunto co Parque das Fragas do Eume, un conxunto da primeira orde mundial, que ben explotado podería financiar o seu mantemento e conservación así como servir de fonte de riqueza para toda a comarca do Eume.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para rehabilitar e poñer en valor o Mosteiro de Sta. María de Monfero?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Daniel Pérez López**

**Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 09/04/2024 14:08:49**

**Daniel Pérez López na data 09/04/2024 14:09:09**

**José Mauel Golpe Acuña na data 09/04/2024 14:10:45**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 14:10:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a aprobación da Estratexia galega da infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto do ano 2022 a Xunta someteu a procedemento de información pública o proxecto de orde pola que se aproba a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica. Durante o prazo para remitir suxestións, que rematou o 24 de outubro de 2022, recibíronse 9 achegas.

Desde o mes de outubro de 2022 non hai constancia de avances na tramitación e aprobación deste instrumento de protección ambiental, necesario para corrixir e complementar a escasa protección que ten o noso territorio en materia de espazos naturais e biodiversidade.

Cómpre ter en conta que desde o ano 2017 a Xunta vén anunciando a elaboración e aprobación da Estratexia, e que en 2018 iniciáronse os traballos para a elaboración da Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña.

Transcorridos máis de 6 anos desde o primeiro anuncio e un ano e medio desde o remate do procedemento de información, consideramos que é urxente aprobar este instrumento de xestión das infraestruturas verdes, de conectividade e de restauración ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando prevé a Xunta aprobar a Estratexia de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxica?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Alexandra Fernández Gómez**  
**Montserrat Valcárcel Armesto**  
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Bará Torres na data 09/04/2024 17:47:14**

**Alexandra Fernández Gómez na data 09/04/2024 17:48:14**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 09/04/2024 17:48:51**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta se comprometer co avance do uso do galego no tecido socioeconómico.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou o 4 de agosto de 2016 o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico 2016-2020, un documento que recolle as medidas e accións encamiñadas á implantación e consolidación do uso do idioma galego no sector económico a partir das directrices establecidas no sector 4 do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galiza no ano 2004.

Este Plan presentábase como un conxunto de medidas dirixidas a varias áreas económicas, focadas ao redor de tres obxectivos estratéxicos principais: crear consciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o uso da lingua galega no ámbito económico, nas relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta coma na demanda de produtos e servizos; utilizar o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galiza e os seus produtos vinculada á calidade e á innovación e que lles transmita confianza ás persoas consumidoras e ao empresariado.

Rematado o período de aplicación daquel plan, en setembro de 2021, o grupo parlamentario do BNG formuloulle na Comisión 4ª unha pregunta ao goberno





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

requiríndolle unha avaliación do desenvolvemento dese Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, 2016-2020, ao non ter publicado ningún resultado da súa implementación.

Nin foi publicada a avaliación dese plan nin o Secretario xeral de política lingüística foi quen de presentala na súa intervención, polo que confirmamos que foi unha esperanza convertida en fume.

Non é difícil contrastar na realidade que a presenza do galego no tecido socioeconómico non avanza; é máis, mesmo se pode comprobar que onde se vulneran os dereitos lingüísticos de forma notoria é no ámbito socioeconómico.

Mirar cara outro lado desde o goberno da Xunta significa obviar o valor económico do galego e desaproveitar un espazo fundamental para os avances en normalización lingüística.

A lingua galega é motor de emprego e de desenvolvemento económico, tamén desde o seu valor como marca identitaria; é por iso que, desde o BNG, entendemos que estes criterios necesariamente deben acompañar unha política lingüística centrada na restitución da igualdade para o galego nun espazo comunicativo de alto valor socializador e de prestixio como é o económico.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estratexia de política lingüística está a desenvolver o goberno da Xunta para impulsar e ensanchar o valor económico da lingua galega en cumprimento dos diferentes mandatos normativos e legais?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 18:06:42**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2024 18:07:33**

**Daniel Castro García na data 09/04/2024 18:08:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta se comprometer cun futuro vivo e en igualdade para a lingua galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1983 aprobábase por unanimidade a Lei de normalización lingüística e canda ela recoñecía-se que todas as persoas galegas teñen o dereito de usar o galego e que os poderes públicos de Galiza garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma, e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón de lingua.

Regulábase, hai xa 40 anos, que o galego é a lingua propia de Galiza e que a cidadanía ten dereito a usar o galego, oralmente e por escrito. Ao longo de 25 artigos agrupados en 5 Títulos, a norma regula os dereitos lingüísticos das falantes, o uso oficial do galego, o uso do galego no ensino, o uso do galego nos medios de comunicación, o galego do exterior e a función normalizadora da Administración Autonómica.

Malia ser esta unha norma que nunca chegou a estar superada pola falta de desenvolvemento e cumprimento, foi preciso avanzar en novas propostas e marcos regulamentarios que impulsasen o coñecemento e uso do galego adaptado á evolución da realidade sociolingüística, como marco vivo e en evolución constante que é.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Así, en 2004 produciuse un novo acordo unánime no Parlamento galego en forma de Plan xeral de normalización da lingua galega. Un novo marco que contou coa participación de máis dun cento de profesionais representativos de todos os ámbitos da sociedade galega, e no que se recollen máis de catrocentas medidas concretas, elaboradas a partir da realidade lingüística de Galizaa, para favorecer o uso do idioma nos distintos ámbitos da sociedade e garantir que calquera cidadán poida vivir plenamente en galego, incorporando novos espazos de comunicación como as novas tecnoloxías.

Transcorridos 40 e 20 anos respectivamente da aprobación da Lei de normalización lingüística e mais do Plan xeral de normalización da lingua galega, os datos e estudos oficiais confirman que o galego non ten avanzado todo o necesario no camiño da normalización lingüística. Moi preocupante é que o galego continúe a perder falantes e que as xeracións máis mozas declaren que teñen severas dificultades para o empregaren por falta de coñecemento.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 foi definido polo PP desde o goberno da Xunta como a folla de ruta do futuro para Galiza.

O presente da lingua galega fai parte dunha das áreas analizadas neste plan estratéxico, nomeadamente o que di respecto do seu coñecemento e uso, partindo dos datos da Enquisa estrutural a fogares do IGE do ano 2018.

Entre os datos máis relevantes de cara a garantir unha boa saúde da lingua galega no presente e e no futuro inmediato destaca o feito de que *entre a poboación menor de 15 anos, a porcentaxe dos que sabe falar pouco ou nada o galego increméntase ata o 23,9%%, mentres que entre a poboación de 65 ou máis anos non chega ao 9%.*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A falta de competencia nunha lingua é un impedimento para poder exercer o seu dereito de uso. Velaquí o éxito do chamado Decreto do plurilingüismo, imposto de forma unilateral polo PP en 2010 e vixente até a actualidade, desatendendo todas as reclamacións da sociedade e das institucións como o Consello de Europa, a RAG ou o CCG.

O Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 recolle o compromiso de *Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía*, ao tempo que reconece como debilidade, a respecto da lingua galega, *o estancamento no uso habitual do galego que presenta significativas diferenzas xeográficas e por grupos de idade*.

No entanto, malia a evidencia dos datos negativos, a política lingüística do PP permanece inmóbil e allea á realidade sociolingüística que confirma a desigualdade para o uso do galego e a vulneración dos dereitos lingüísticos dos falantes.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Está o goberno da Xunta a deseñar un plan específico para superar as debilidades recollidas no Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030 a respecto das dificultades para o coñecemento do galego e o estancamento no seu uso habitual, nomeadamente por parte das xeracións máis mozas?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**  
**Iria Taibo Corsanego**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2024 18:25:37**

**Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2024 18:27:03**

**Daniel Castro García na data 09/04/2024 18:27:33**





## A Mesa do Parlamento

**José Manuel Balseiro Orol, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Marta Mariño Regueiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

As rías, como outros sistemas acuáticos, están sometidas a numerosas presións, emisarios submarinos, ríos, efluentes, vertidos accidentais, etc., que poden provocar a contaminación das nosas rías por axentes químicos e ser un perigo para os consumidores dos nosos produtos acuícolas ademais de deteriorar e prexudicar a calidade da auga costeira.

Por este motivo é moi importante o control dos niveis das dioxinas, furanos e PCBs similares ás dioxinas en moluscos bivalvos procedentes das rías galegas, xa que estes son uns dos contaminantes persistentes máis perigosos para o medio ambiente e a saúde humana.

Estes compostos teñen unha orixe antropoxénica, e xéranse de forma non intencionada nos procesos de incineración. Principalmente son subprodutos non desexados de numerosos procesos de fabricación, tal como a fundición, branqueamento da pasta de papel, ou a produción de algúns pesticidas.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) é o instrumento oficial da nosa comunidade para o control da calidade do medio mariño, contribuíndo á súa protección e mellora, e a aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar.

O Intecmar realiza o control dos compostos organoclorados, PCBs e pesticidas, desde o ano 1994, e das dioxinas e furanos e PCBs similares ás dioxinas desde o ano 2000.







Fai esta tarefa en mostras procedentes de varias zonas, principalmente daquelas sometidas a grandes presións humanas, tal como os principais centros urbanos e industriais.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Estase a producir un incremento das concentracións de dioxinas e furanos, así como dos PCBs non similares ás dioxinas nos moluscos da costa de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**José Manuel Balseiro Orol na data 09/04/2024 09:41:59**

**María Deza Martínez na data 09/04/2024 09:42:19**

**Patricia García González na data 09/04/2024 09:42:27**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 09/04/2024 09:42:38**

**Marta Mariño Regueiro na data 09/04/2024 09:42:48**

**María Martínez Allegre na data 09/04/2024 09:42:58**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 09/04/2024 09:43:10**

**Raúl Santamaría González na data 09/04/2024 09:43:30**

**Gonzalo Trenor López na data 09/04/2024 09:43:42**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Oscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás modificacións orzamentarias que debe impulsar o goberno galego para cumprir as súas promesas coa cidade de Ourense e a súa área metropolitana.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai décadas a Xunta de Galiza mantén incumprimentos constantes coa cidade de Ourense que constitúen, así mesmo, incumprimentos coa súa área metropolitana e, en xeral, coas demais comarcas ourensás, tendo en conta o papel central e dinamizador que ten a capital polo seu volume de poboación e pola centralidade de moitos servizos que nela se atopan.

Así as cousas, nos últimos orzamentos aprobados polo goberno galego non se incluían partidas e compromisos tan necesarios como a xestión pública do futuro CAPD, o acceso ao CHUO pola N-525, o impulso do transporte metropolitano ou centros de saúde tan demandados coma o do Vinteún e de Mariñamansa.

Cómpre recordar que en outubro de 2022 o entón xa Presidente da Xunta, Alfonso Rueda e o alcalde da cidade de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, mantiveron un encontro na sede da Xunta na cidade. Na información pública de dito encontro





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

transcederon unha serie de compromisos dos que os máis importantes levaban tempo en axenda e continúa incumpridos.

Hoxe Ourense non avanzou nas grandes infraestruturas, ten o termalismo bloqueado, segue sen ecobarrio da Ponte, non ten un só centro de saúde novo nos últimos anos malia as promesas respecto do Vinteún ou Mariñamansa, non ten máis prazas públicas directas para a atención residencial de maiores na cidade nin ten unha nova escola infantil desde hai máis de 14 anos. Outros aspectos nos que o abandono da Xunta a Ourense é máis evidente é o referido ao transporte público por estrada e ao chamado transporte metropolitano, que segue sen existir mentres Ourense ten que conformarse cunha chapuza “intermodal”, remendos varios e remodelacións con moitas carencias como a da Avenida Otero Pedrayo ou a de Marcelo Macías.

Á vista está que a presunta “discriminación positiva” do goberno galego cara Ourense que promete recorrentemente en cada exercicio orzamentario só obedece a unha trampa estatística, unha ilusión pola cal o investimento “per cápita” é maior simplemente porque hai menos “cápitas” por mor da crise demográfica, económica e social que vive con maior intensidade esa parte do territorio.

Recentemente, días antes da celebración dos comicios do 18 de febreiro, o candidato do Partido Popular asinaba un escrito de doce compromisos entre os que se atopaban algunhas destas cuestións.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que modificacións orzamentarias impulsou ou vai impulsar no inmediato para cumprir as promesas coa cidade de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Oscar Insua Lema**

**Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2024 10:20:43**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/04/2024 10:20:49**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 10/04/2024 10:21:43**

**Óscar Insua Lema na data 10/04/2024 10:22:06**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/04/2024 10:22:53**

**Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2024 10:23:09**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás baixas pensións ourensás e á necesidade de impulsar medidas que garantan a dignidade e o poder adquisitivo das e dos xubilados das comarcas de Ourense.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente coñecemos datos respecto da evolución das pensións en Galiza e no Estado que seguen a ser preocupantes. Se as comarcas de Ourense sofren historicamente pensións situadas entre as máis baixas do Estado, cando non as máis baixas e sempre as máis baixas de todo Galiza, podemos observar tamén como as subas homoxéneas aplicadas acorde co incremento dos prezos non poñen solución a este problema histórico. Máis ao contrario, amosan máis ás claras o progresivo empeoramento do empobrecemento das e dos pensionistas desta parte do país e cada vez están máis lonxe dunha converxencia coa media do Estado.

Atendendo aos datos de avance da Seguridade Social do pasado mes de marzo de 2024, Ourense é a provincia coa pensión media máis baixa, con 926,90 euros e tamén coa pensión media de xubilación máis baixa, nos 1.027,72€, ambos os dous datos por baixo do salario medio interprofesional. Porén, a media en Galiza é de 1.071,27 e 1.225,29 respectivamente e a do Estado de e 1.251,53 e 1.438,20 respectivamente.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A insuficiente revalorización das pensións por parte do goberno central vese agravada pola falta de medidas do goberno galego, que non incrementou adecuadamente as pensións non contributivas nin toma medidas complementarias para abordar o empobrecemento das e dos pensionistas galegos e, singularmente, daqueles e daquelas que sofren de maneira máis intensa a perda de poder adquisitivo. Esta situación provoca unha forte fenda territorial e social que debe ser atendida polo goberno galego.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer o goberno galego ante a constante perda de poder adquisitivo das e dos pensionistas de Ourense?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Sonia Vidal Lamas**

**Secundino Fernández Fernández**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2024 11:29:25**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/04/2024 11:29:30**

**Sonia Vidal Lamas na data 10/04/2024 11:30:21**

**Secundino Fernández Fernández na data 10/04/2024 11:30:24**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) incorporou, por primeira vez, referencias explícitas á Educación para o Desenvolvemento Sostible e a Educación para a Cidadanía Mundial, reflectidas na Axenda 2030 e atende tanto ao cumprimento do Plan de Acción de Educación Ambiental para a Sostibilidade e a meta 4.7 dos Obxectivos de desenvolvemento sostible e da Axenda 2030 como á consecución dos obxectivos marcados pola Unión Europea.

O Goberno de España conforme a isto elaborou o Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS) 2021-2025, para definir as liñas estratéxicas da Educación Ambiental para a Sostibilidade (EAS) en España para os próximos 5 anos e ofrece un marco de traballo participado a partir do cal reforzar, desde as ferramentas de influencia social e cultural – comunicación, educación e formación, capacitación e participación– aquelas políticas que deben facer fronte aos desafíos climáticos e ambientais.

O Observatorio da Xuventude da Fundación SM presentou o pasado mes de xaneiro o seu último informe “Xoves e Medioambiente” unha investigación exhaustiva que analiza os diversos posicionamentos da xuventude española fronte á cuestión medioambiental e conclúe que entre a poboación moza existe unha preocupación xeral pola crise medioambiental e o 82 % demanda máis educación sobre temas medioambientais nos centros educativos.







En Galicia ao fronte da tarefa da educación ambiental atópanse o Observatorio Galego de Educación Ambiental e o CEIDA, ambos organismos pertencentes á Xunta cuxa labor neste eido é moi deficitaria podendo definila incluso como testemuñal.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que a educación é clave para crear nas nosas sociedades futuras unha conciencia medioambiental e por iso, reclamamos a este goberno que, a través do Observatorio Galego de Educación Ambiental e o CEIDA, implante de xeito decidido e con carácter transversal un programa de educación ambiental nos distintos centros educativos de Galicia, incluíndo experiencias de contacto directo e mellora sistemática de ecosistemas (como ríos, bosques, etc) próximos aos centros, que conteña obxectivos concretos nun período de tempo, así como campañas de sensibilización e información dirixidas á xente nova.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que ten previsto facer o Goberno da Xunta de Galicia para implantar de xeito decidido e con carácter transversal un programa de educación ambiental nos distintos centros educativos de Galicia?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 10/04/2024 12:27:22**





Grupo  
Parlamentario  
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 10/04/2024 12:32:21  
Nº Rexistro: 1396  
Data envío: 10/04/2024 12:32:21.777

Carlos López Font na data 10/04/2024 12:27:43

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

[gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) / 981.55.15.30

3622

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de pediatría nos Concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Sergas deixou sen pediatra os concellos de Guitiriz, Begonte e Rábade ao non cubrir a baixa da persoa titular do servizo.

Segundo trasladaron as familias afectadas ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polo menos esta situación está a acontecer desde novembro de 2023 o que obriga as nenas e nenos destes municipios do rural de Lugo a desprazarse até o concello de Vilalba ou até a cidade para poder recibir atención pediátrica.

Cómpre lembrar que o servizo de pediatría nestes tres concellos é compartido prestando consulta tres días á semana en Guitiriz e o resto en días alternos entre Begonte e Rábade o que xa evidencia a precariedade da atención e a sobrecarga do servizo, atendido por unha única persoa.

De acordo cos últimos datos publicados polo IGE, no Concello de Guitiriz hai 471 menores entre 0 e 14 anos; en Rábade 172 e en Begonte 201, de maneira que falamos dunha poboación afectada pola falta de atención pediátrica de 844 crianzas, que non é pouco.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Como parche, o SERGAS está a enviar un día á semana polas tardes desde Lugo un facultativo –sen especialidade en pediatría-- para pasar consulta.

A perda deste servizo supón un novo recorte nas prestacións sanitarias destes municipios, nomeadamente en Guitiriz onde a falta de reposición de médicos supuxo a perda de dúas persoas facultativas e o recorte de máis da metade do servizo sanitario prestado até antes da pandemia da Covid-19 no consultorio de Parga.

Non é este un caso illado, cómpre lembrar que o 60% dos concellos galegos, nomeadamente do rural, non contan con este servizo sendo a provincia de Lugo, xunto con Ourense, das máis afectadas.

Así, por exemplo, en Lugo só contamos con Pediatría 14 concellos, un máis que en 2022, véndose obrigada a desprazarse para recibir atención pediátrica a veciñanza de 53 municipios. Unha situación que vulnera os dereitos das crianzas e tamén das súas familias.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai restituír a Xunta de Galiza a atención pediátrica nos concellos de Guitiriz, Rábade e Begonte?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**  
**Montserrat Valcárcel Armesto**  
**Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2024 13:07:44**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/04/2024 13:07:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 10/04/2024 13:08:46**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En xuño de 2023 o presidente da Xunta de Galicia acompañado polo conselleiro do Medio Rural participaba na presentación dos primeiros resultados do Inventario Forestal de Galicia.

Para o seu desenvolvemento, sinalaba o presidente, a Xunta de Galicia investiu 3 millos de euros, e parte deste financiamento se corresponde cun convenio coas universidades de Vigo e Santiago asinado no ano 2020.

Os datos que fixeron públicos do Inventario forestal son os seguintes :

Clases arboradas	Forestal arborado	Forestal non arborado	No Forestal arborado	En Rexeneración	Talas 2022	Incendios 2022	Áreas queimadas	Total
FRONDOSAS	593.011	49	14.905	3.796	2.154	4.263	1383	<b>619.561</b>
CONÍFERAS	363.963	26	4.571	28.362	13.657	9.167	2.597	<b>422.344</b>
EUCALIPTO	367.472	13	5.710	21.259	12.953	1.133	486	<b>409.026</b>
OTRAS	-	-	-	6.401	-	-	-	<b>6.401</b>
Total	1.324.446	88	25.186	59.817	28.765	14.564	4.465	<b>1.457.331</b>

Tendo en conta o sinalado, comprobamos que se presenta unha táboa resume de 9 columnas e 6 filas, resultando, por tanto, que cada celda costou aos galegos 55.000 euros.





Indo aos datos:

- En relación cos datos de frondosas que segundo a referida táboa presentada ocupan 619.561 temos que salientar os datos do IFN 4 do ano 2009, en Galicia había 489.197.
- En relación cos datos de coníferas sinalaba a Fundación Arume que no ano 2009 había en Galicia 547.509 hectáreas polo que a superficie baixou en 13 anos un total de 125.165.
- En relación cos datos de eucalipto hoxe, segundo o inventario, hai concretamente 409.026 hectáreas. Ante esta situación este grupo parlamentario non pode entender que si os datos que recolle o IFN 4 eran de 386.835 hectáreas, como, sen planta nos viveiros, nos últimos anos se incrementa a superficie de eucalipto en Galicia.

Ademais, para poder consultar os datos desagregados na páxina *web* na que deberían aparecer co fin de realizar comprobacións, a día de hoxe non aparece nada publicado. Por iso, este grupo parlamentario considera que o Goberno galego debe dar conta pormenorizada do Inventario Forestal presentado polo Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Cal é, a criterio do Goberno galego, a causa do incremento de 130.344 hectáreas de frondosas en trece anos?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 13:14:33  
**Nº Rexistro: 1406**  
Data envío: 10/04/2024 13:14:33.970

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2024 13:06:28**

**Lara Méndez López na data 10/04/2024 13:06:40**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3628

@PSdeG







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

En Ourense o modernismo arquitectónico está representado fundamentalmente pola figura de Daniel Vázquez Gulías (1869 – 1973), natural de Beariz e un dos principais contribuíntes á transformación da cidade, con creacións inspiradas nas súas viaxes por medio mundo –estudou en Madrid, e durante a súa formación profesional percorreu Europa (París, Praga, Roma, Budapest, Viena, Bruxelas ou Londres), estivo en Asia (China e Vietnam), nos EEUU e en Cuba–, e fusionadas con elementos vencellados a Galicia, o que lle deu aos seus proxectos un estilo ecléctico e persoal. A Gulías debémoslle algunhas das obras civís máis singulares e representativas da nosa cidade, como son algúns dos edificios máis prominentes da avenida de Pontevedra, entre os que se inclúen a actual sede de ABanca, o antigo Hotel Barcelona, o edificio no que se sitúa a farmacia Román ou o edificio de Almacéns Alfredo Romero.

Outras obras del son o desaparecido Hotel Roma ou o edificio do Goberno Militar onde se sitúa o actual Bazar Ourense, entre outras moitas edificacións.

Non obstante, da monumental herdanza de Gulías na cidade de Ourense, a única edificación que é completamente de estilo modernista, tanto no exterior como nos interiores, é a Casa Taboada, construída en 1918 por encargo de Alejandro Anta Novoa. Localizada no número 109 da rúa Progreso, durante máis de 30 anos albergou a famosa botica Taboada Allú, á que lle debe o seu nome.





Este edificio de extraordinaria beleza, considerado un monumento arquitectónico, representa o legado material, arquitectónico e urbano da historia de Ourense. Non é só un exemplar de modernismo puro na cidade, senón que ademais é un edificio senlleiro na propia obra de Gulías, no que destacan as súas carpinterías curvadas, ferro forxado nos balcóns e detalles ornamentais do *art nouveau*. Neste sentido, a arquitecta municipal Elvira Carregado, admiradora e estudosa da extraordinaria obra de Gulías, chegou a dicir acerca de Casa Taboada, con gran acerto: “O modelo é de concepción case gaudiniana, cunha estrutura ondulante que golpea a visión e case a mente, como unha ensoñación”. O paralelismo coa obra de Antonio Gaudí tamén aparece reflectido no libro de M<sup>a</sup> Victoria Carballo Calero, La transformación de una ciudad: Orense, 1880-1936, no que afirma que Casa Taboada “achégase a unha concepción gaudiniana”.

Non obstante, o valor de Casa Taboada dentro da corrente do modernismo e do catálogo de Gulías non son os únicos aspectos que fan deste inmovible unha obra única. Tamén se trata da obra máis ameazada, a que corre maior perigo das executadas polo arquitecto de Beariz na cidade das Burgas: un edificio centenario e baleiro, consumido polo desuso e o abandono. Está claro que nos atopamos ante un inmovible icónico, de gran valor patrimonial –está catalogado e conta coa protección da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia 5/2016 do 4 de maio– que debe ser protexido e posto en valor dende as institucións públicas, detendo o seu alarmante deterioro e fomentando a súa perdurabilidade.

É necesario recuperar Casa Taboada, sacala do abandono e darlle un uso cultural para achegala á sociedade.

Neste sentido, xa en setembro do ano 2018 o Grupo Municipal de Ourense en Común levou unha moción ao pleno do Concello de Ourense para pedir a inscrición do edificio no rexistro de bens de interese cultural de Galicia, unha iniciativa que foi aprobada por unanimidade cunha emenda de adición do





Partido Popular na que se solicitaba iniciar os trámites necesarios para adquirir ou expropiar o inmovible. Porén, catro anos e medio despois, atopámonos cun acordo plenario que segue sen cumprirse e cun edificio cuxo avanzado deterioro empeora a pasos axigantados.

A propia asociación Centro Cultural Daniel Vázquez Gulías instou ao Concello, nun escrito remitido e asinado por Lucila Vázquez-Gulías o pasado 30 de abril de 2021, a iniciar os trámites oportunos para a execución urxente do contido da moción co fin de salvagardar e protexer o inmovible.

É dicir, estamos a falar dunha cuestión crucial que require atención e acción inmediatas.

O Goberno municipal nas Xuntas de Área de Urbanismo a preguntas do Grupo Municipal Socialista respondeu que a declaración permanece paralizada por parte do executivo autonómico, algo que ao alcalde parece non importarlle o máis mínimo.

Consideramos, en definitiva, que o abandono e deterioro de Casa Taboada supón unha seria ameaza, a curto prazo, para a súa integridade e conservación, e que esta situación require que o Goberno galego actúe coa máxima celeridade para axilizar a súa urxente recuperación e posta en valor como monumento senlleiro da nosa paisaxe arquitectónica e símbolo do legado modernista de Vázquez-Gulías.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Iniciou o Goberno galego os trámites para desbloquear a inscrición do edificio Casa Taboada, en Ourense, no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia?





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 13:29:26  
**Nº Rexistro: 1413**  
Data envío: 10/04/2024 13:29:26.216

Pazo do Parlamento, 9 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2024 13:21:05**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 13:21:18**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 13:21:29**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3632

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza de medidas para previr e intervir ante as agresións sexuais en xeral e en particular no marco do ocio nocturno.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a violencia sexual como: *“todo acto sexual, a tentativa de consumir un acto sexual, os comentarios ou insinuacións sexuais non desexados, ou as accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo.”*

Nos últimos anos, o feminismo impulsou a conceptualización e o recoñecemento da violencia sexual en todas as súas dimensións e as institucións teñen avanzando, con desigual resultado, na aplicación do Convenio de Istambul e no recoñecemento e tratamento da violencia sexual como violencia machista. Neste sentido, foron impulsándose iniciativas conducentes a mellorar a atención a este tipo de violencia. Por exemplo, no ano 2021, despois dun importante esforzo desde numerosos ámbitos, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza aprobaba o Protocolo de actuación sobre delitos sexuais, inicialmente realizado para a súa aplicación no Partido Xudicial de Santiago de Compostela e impulsado pola maxistrada Ana López-Suevos. Cómpre destacar, tamén, o avance, a partir dunha experiencia piloto no Complexo Hospitalario de Ourense, de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

protocolos sanitarios para a atención dos casos de submisión química, que a Xunta foi estendendo progresivamente.

Ao tempo que este tipo de mecanismos reforzan e melloran a atención das vítimas, é necesario seguir poñendo o acento na concienciación, na educación e nunha prevención que non recaia na responsabilización das mulleres nin na limitación da súa liberdade. Máis aínda, nun contexto onde ao tempo que o feminismo e as políticas feministas avanzaron posicións vivimos tamén un avance do machismo e das posicións e organizacións políticas que cuestionan a existencia da violencia machista e vivimos tamén novas dimensións da violencia machista no ámbito dixital a través do fortalecemento da manófera.

Segundos os últimos datos galegos analizados no “Informe sobre as violencias sexuais exercicio 2022” remitido á Cámara galega en xuño de 2023, as conclusións din que no ano 2022 batéronse os máximos históricos en delitos de carácter sexual en todos os períodos analizados. Particularmente, o período xaneiro-setembro do ano 2022, especialmente no período de verán (xuño – setembro), achega a maior cantidade de delitos sexuais, presentando unha marcada estacionalidade. Así mesmo, recóllese como existía unha tendencia á alza que se reverteu o ano da pandemia para volver a presentarse dende o 2021 e seguir no 2022. Á vista dos diferentes datos de avance do Ministerio respecto da criminalidade, á espera de poder avaliar a serie histórica pormenorizadamente, é previsible o mantemento desta alta intensidade.

Así, as agresións sexuais seguen a ser formas de violencia machista que prevalecen na nosa sociedade e que deben ocupar a nosa atención. É preciso recordar, ademais, que os diferentes estudos respecto da violencia sexual recollen a complexidade do seu estudo e as chamadas “cifras negras” que indican que a parte de violencia sexual coñecida sería só a punta do iceberg dunha realidade moito máis extensa.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A lei galega contempla desde a súa orixe a violencia sexual como unha forma de violencia machista, na liña das recomendacións internacionais e de Istambul. Neste sentido, contéplase que, para alén da especificidade da trata, se considera como violencia machista a violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

Porén, a falta de aplicación e desenvolvemento das recomendacións por parte doutras institucións e ámbitos, como vén sendo o da xudicatura e o goberno do Estado, tivo ao longo do tempo dificultades para a aplicación desta consideración. Estas dificultades trouxeron, entre outras, consecuencias negativas como a revitimización ou a falta de coñecemento, tanto por parte das vítimas como dos diferentes ámbitos profesionais aos que corresponde o seu atendimento, de recursos e dereitos a disposición.

Na última década, grazas á mobilización social, impulsáronse diferentes cambios normativos ou procedimentais para a mellora desta situación e a consideración da violencia sexual como violencia machista. Porén, queda aínda moito por avanzar. Así, está a día de hoxe aínda pendente o impulso de centros de atención á violencia sexual no territorio, de forma ampla e sen discriminacións territoriais, e a xeralización do apoio psicolóxico e/ou xurídico, así como a necesidade de avanzar no ámbito da educación afectiva e sexual, especialmente no ámbito do ensino e do lecer.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Cal é a valoración do goberno galego respecto da prevención e atención ás violencias sexuais en Galiza?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 10/04/2024 13:49:11**

**Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2024 13:50:08**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández e Daniel Castro García,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a utilización dos fondos europeos de desenvolvemento rexional (FEDER) de investigación para incrementar a marxinación co Campus de Lugo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) ten como obxectivo contribuír a reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das rexións europeas e mellorar o nivel de vida nas rexións menos favorecidas.



A financiación da investigación na Galiza baséase fundamentalmente nestes fondos, pero as políticas da Xunta de Galicia nos últimos anos inciden en incrementar a diferenza entre a Galiza interior, con Lugo á cabeza, e a Galiza que xira ao redor da AP9, onde se concentra o investimento destes fondos.

Aínda que existen múltiples exemplos, imos visualizar esta idea de marxinación con Lugo coa evolución das partidas de investigación (ver gráficas) para consolidación de grupos de investigación, aberta a todos os grupos dos sete campus galegos, que baixaron nun 40% nos últimos anos en contraste cos fondos para centros singulares de investigación, localizados unicamente en Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, para os que o financiamento se incrementou nun 275%.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
 Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
 15702 Santiago de Compostela  
 Galiza



Nos últimos anos, a Xunta de Galicia está a desenvolver unha clara aposta de apoio a este número reducido de centros singulares das cidades da Coruña, Santiago e Vigo.

A aposta baséase nos fondos FEDER con convocatorias exclusivas para estes centros que impiden que poidan concorrer os grupos de investigación de Lugo.

A aposta estendese a outras convocatorias da Xunta de Galicia, como é a dos contratos predoutorais, onde aos solicitantes vinculados a este tipo de centros de fóra de Lugo se lles outorga 15 puntos adicionais na súa valoración. Isto tradúcese dunha redución do número de contratos predoutorais para Lugo, por exemplo, antes desta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

valoración extra, no ano 2014 asignáronse para o Campus de Lugo cinco contratos predoutorais (dun total de 70), mentres que na última convocatoria só se asignaron dous contratos predoutorais (dun total de 90).

Por todo isto, desde o BNG quixeramos saber o porqué desta distribución de fondos de investigación europeos, que debería contribuír ao equilibrio territorial e están sendo empregados para todo o contrario, polo que formulamos a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Non considera a Xunta de Galiza que esta distribución de fondos de I+D+i está a incrementar a fenda entre a Galiza interior e a das cidades con maior dinamismo económico, xusto de forma contraria á filosofía destes fondos europeos?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

**Olalla Rodil Fernández**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/04/2024 13:54:52**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández na data 10/04/2024 13:54:57**

**Daniel Castro García na data 10/04/2024 13:55:07**



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Rodríguez Dacosta, Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A reforma do estadio do Couto en Ourense pode denominarse como unha reforma *low cost*. Despois de case 10 meses dende que se anunciou o inicio das obras cun investimento de case 2,6 millóns de euros, comprobamos que son moitas as deficiencias que non se solucionaron no estadio. Atrasos e deficiencias que xa advertiamos os socialistas a través das oportunas iniciativas presentadas no Parlamento ao respecto.

Durante o primeiro encontro celebrado o pasado domingo 7 de abril, cabe sinalar que se produciron danos provocados polo propio desenvolvemento do encontro.

Se ben é certo que a remodelación do céspede é correcta estando en perfectas condicións para a práctica do fútbol, os problemas graves chegan nas bancadas e nas obras realizadas no edificio de oficinas e vestiarios. Reformouse esta zona e procedeuse á instalación dunha cuberta plana. A dita cuberta xa xerou problemas durante a obra de reforma, xa que unha vez instalada, houbo que volver actuar, pois filtraba auga ao edificio. Unha cuberta que cobre por completo as oficinas, impedindo a entrada de luz natural, principalmente nas oficinas, o que implica que non se poida optar polo aforro enerxético, ao ter que empregar constantemente luz artificial.

A dita cuberta atópase detrás dunha das porterías do estadio. No primeiro encontro chegaron os primeiros contratemplos. Dous balóns golpearon a cuberta, provocando crocaduras na estrutura. Algo que se debería ter previsto.





Neste edificio cabe destacar que se atopan os vestiarios, que tamén foron renovados, pero non contan con ningunha opción de ventilación, nin ventás, o que provocará problemas de humidade.

En relación ás bancadas do estadio. A grada de fondo segue no mesmo pésimo estado. Non se pintou e tan só se instalaron novos asentos, reformando o muro de acceso, pero deixándoa nas mesmas condicións nas que estaban. Non se procedeu nin a limpeza do propio chan, cheo de musgo e lixo tras anos de abandono. Esta grada nin tan sequera se pintou. A zona da grada que dá acceso ao exterior atópase chea de maleza e precisa con urxencia dunha roza.

No relativo á grada de Tribuna. O valado de seguridade das zonas de acceso ao campo, o da zona que contacta coa grada de fondo, non se substituíu, tan só se lle deu unha man de pintura, a pesar de que se atopa nun estado lamentable por mor do paso dos anos. Un elemento de seguridade chave que cae a anacos. Nesta bancada tampouco se realizou ningunha reforma estrutural. A cuberta da grada é a mesma de hai décadas, no propio teito xa se poden observar fendas considerables.

Na grada de preferencia o valado de seguridade non cumpre as condicións idóneas para o que foi concibido. Non foi substituído e presenta graves deficiencias polo paso dos anos. O dito valado non cumpre coas medidas vixentes en materia de seguridade nos estadios. Esta grada foi recuberta polo exterior co mesmo material que o edificio de oficinas. Nesta bancada só se habilitou unha única barra para dar servizo de bar. Claramente insuficiente para unha bancada que pode dar cabida a 2.000 persoas. Hai cables ao aire libre, co perigo que supón. A saída da bancada é de terra e herba, non se modificou polo que en días de choivas convertese nun auténtico lameiro.





Hai goteiras e filtracións por todas as bancadas por mor da ausencia de obras na estrutura. A megafonía do estadio precisaba tamén dunha renovación que non se deu.

As bancadas do Couto precisan dunha reforma integral para que sexa un estadio acorde ao século XXI. Está moi ben o cambio de céspede, pero no primeiro encontro disputado con 2.500 persoas nas bancadas a imaxe das bancadas foi deplorable.

Vendeuse unha reforma integral que non foi tal e o descontento das afeccionadas e afeccionados foi xeneralizado.

Cabe destacar que despois da obra nin tan sequera se procedeu á limpeza das bancadas, estando os muros, o chan e os asentos cheos de polvo e restos provocados polas obras no campo. O Couto ten a día de hoxe un estadio cun céspede que é un tapete e unhas bancadas dunha calidade moi deficiente.

Por iso, as deputadas que asinan queren coñecer a resposta á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia solucionar as deficiencias xurdidas tras o primeiro partido celebrado no estadio do Couto en Ourense?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/04/2024 16:07:55**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 16:30:00  
**Nº Rexistro: 1427**  
Data envío: 10/04/2024 16:13:12.135

**Patricia Iglesias Rey na data 10/04/2024 16:08:05**

**Paloma Castro Rey na data 10/04/2024 16:09:07**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3644

@PSdeG







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2021 o goberno da Xunta iniciou o expediente do novo viario de acceso á ampliación do Hospital Montecelo, centro hospitalario de referencia na área sanitaria Pontevedra-Salnés.

O obxecto desta execución é unha nova circunvalación que actuará coma unha variante ao tráfico que circula na actualidade pola avenida de Montecelo.

Na elaboración deste viario non se tivo en conta á veciñanza da parroquia de Mourente (Pontevedra) que se ía ver afectada por el, e así o resultado unha vez iniciada a execución da obra é claramente prexudicial.

Por unha banda, elimináronse todos os accesos que tiña a veciñanza ás súas fincas e inmobles polo que quedaron inhabilitadas as ditas entradas.

A pesar de reflectir na resolución pola que se aproba o expediente de información pública, publicada no DOG do 11 de outubro de 2021, que se deseñarán novos camiños de servizo paralelos á estrada, en tramos específicos para dar acceso ás explotacións e aos predios que actualmente contan con eles.

Tampouco estableceron no proxecto como van facer os peches das fincas nin as medidas para a contención das inundacións.





A colocación da instalación eléctrica é mixta nuns lugares subterráneo e noutros exterior o que non se xustifica no proxecto, nin existe informe do impacto medioambiental na flora e na fauna da contorna.

Por outra banda, en relación ao acceso peonil, o novo viario só conta con beirarrúa nun pequeno tramo constituíndo un perigo para a veciñanza que ten que camiñar polo beiravía e para os nenos e nenas que collen o bus escolar nunha parada próxima.

Tendo en conta o relatado desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que reconsiderar moitos aspectos importantes para a seguridade viaria e peonil da veciñanza desta parroquia, e proceder a executar as modificacións pertinentes para garantila.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno galego solucionar os problemas de accesibilidade derivados da execución do novo viario de acceso ao hospital Gran Montecelo que demanda a veciñanza?

Parlamento de Galicia, 10 de abril de 2024





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 17:02:46  
**Nº Rexistro: 1431**  
Data envío: 10/04/2024 17:02:46.474

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 10/04/2024 17:00:46**

**Elena Espinosa Mangana na data 10/04/2024 17:00:54**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 17:01:03**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3647

@PSdeG



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A educación é un dereito básico e tal e como recolle a Constitución “gratuíto” pero en Galicia esta máxima non é unha realidade cando o gasto en libros e material supón un esforzo económico elevadísimo e en moitos casos inasimilable. O artigo 27.4 da Constitución española establece que “O ensino básico é obrigatorio e gratuíto” e a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios, os libros de texto, se teñen pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como O Defensor do Pobo , O Consello Escolar do Estado, ANPA e sindicatos. O presidente do PP, Alberto Núñez Feijóo reclamaba no comezo do actual curso escolar ao Goberno do Estado a ampliación do fondo estatal para a axuda na compra de libros de texto ata os 100 millóns. Un suposto interese polas familias que afrontan un difícil inicio de curso que choca de maneira frontal coas políticas que vén aplicando o PP ao fronte da Xunta de Galicia nestes últimos anos. Cómpre lembrar, que no ano 2009 coa chegada do señor Feijóo á presidencia da Xunta decidiu acabar co sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando tras ser implantado polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño.

Dende aquela e tal e como o Grupo Socialista vén denunciando de xeito incansable, as familias galegas padecen un sistema de axudas parciais aplicado polo PP ineficaz e insuficiente. Nun contexto económico especialmente delicado, o Grupo Socialista insiste na súa demanda de recuperar de inmediato a gratuidade universal dos libros de texto e material. O actual sistema mostrouse claramente insuficiente nos últimos cursos escolares, cando os requisitos esixidos para poder ter dereito á gratuidade de libros de





texto exclúe a numerosas familias cuxas condicións económicas víronse ademais deterioradas pola pandemia mundial do coronavirus Covid19 ou polo incremento de prezos neste curso. Na actualidade o sistema de "Banco de Libros" co modelo de préstamo e reutilización está difundido en case todas as Comunidades Autónomas e son xa moi poucas as que manteñen o modelo de bolsa ou axuda económica para adquisición de libros. Baixo este modelo está a implantarse paulatinamente a gratuidade para as familias, o que segundo distintos estudos supón o aforro de entre 200 e 300 euros por alumno ou alumna. As Comunidades de Andalucía, Comunidade Valenciana, Estremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado establecido por lei, e por tanto converténdoo nun dereito. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto está a implantarse paulatinamente desde o curso 2018-2019 na Ríoxa finalizando no presente curso 2022-2023 conforme ao establecido na Orde EDC/13/2021, do 29 de marzo, pola que se modifica a Orde EDU/39/2018, do 20 de xuño, pola que se regula o programa de gratuidade de libros de texto e as axudas destinadas a financiar a adquisición de libros de texto, nos centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinos de carácter obrigatorio no ámbito territorial da Comunidade Autónoma da Ríoxa, na redacción dada á mesma pola Orde EDC/40/2020, do 15 de xullo. Deste xeito, progresivamente, e dependendo das decisións de cada Comunidade Autónoma, vaise cumprindo o mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino en España.

Na nosa Comunidade Autónoma cabe lembrar que a reivindicación da gratuidade dos libros de texto foi constante por parte do PSdeG-PSOE, e neste contexto, as familias galegas non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso corresponde dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 18:02:22  
**Nº Rexistro: 1440**  
Data envío: 10/04/2024 18:02:22.614

de todo o material curricular didáctico obrigatorio xa sexa impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.

Manter a negativa desde a Xunta é manter un agravio importante das nosas familias respecto ás dunha boa parte do conxunto do Estado e tamén entre diferentes localidades da nosa comunidade en función das decisións e apoios que están a habilitar segundo o seu concello como pode ser o caso do de Vigo.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera xusto para as familias galegas que quedan fóra do sistema de axudas da Xunta de Galicia asumir o gasto de libros de texto e material cando a gratuidade é asumible e existe en moitas comunidades autónomas do conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 17:36:25**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 17:36:36**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3650

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto. Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados”. Son palabras coas que desde as Anpas galegas reivindicamos algo tan básico e xusto como que as nenas e nenos do rural galego poidan gozar os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Esta desigualdade e a falta de oportunidades redunda nun rural que esmorece. Na defensa desta igualdade de oportunidades, desde a Confederación de Anpas se ten asumido un papel activo e construtivo que cristaliza na publicación dun completo estudo que radiografía e recolle as demandas e necesidades para abordar un plan específico para o ensino rural galego.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 18:03:22  
**Nº Rexistro: 1446**  
Data envío: 10/04/2024 18:03:22.268

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Consideran aceptable a ausencia dunha estratexia ou plan específico para paliar as dificultades e desigualdades que denuncian as familias que viven no rural en canto a oportunidades educativas, formativas e laborais?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 18:00:24**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 18:00:34**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3652

@PSdeG







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 18:10:26  
**Nº Rexistro: 1452**  
Data envío: 10/04/2024 18:10:26.707

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

A falla de aposta do goberno conservador de Galicia polos servizos públicos corrobórase tamén no ámbito da universidade pública e refléxase en distintos aspectos do Sistema Universitario Galego (SUG), tanto no eido da docencia como no da investigación. É necesario facer compatible o respecto ao principio da autonomía universitaria das universidades públicas galegas cun compromiso decidido da Xunta de Galicia con financiamento e programas para fortalecer o SUG no século XXI.

As universidades públicas galegas requiren financiamento para facer fronte a retos importantes. En particular, detéctase un avellentamento dos cadros docentes das tres universidades públicas galegas onde a renovación e incorporación de profesorado novo son retos non ben resoltos. Como vén de recoller o informe da Fundación Conocimiento y Desarrollo, o 62,9 % do profesorado do SUG ten máis de 50 anos de idade, o que sitúa a Galicia no segundo posto deste ranking por detrás de Canarias. Neste eido, a media estatal atópase no 51 % polo que hai síntomas que alertan no SUG.

Ante esta situación, cómpre rexuvenecer o cadro de profesorado, e tamén dos e das investigadoras do SUG, como unha vía tamén para incorporar novos coñecementos, técnicas e modelos nos diferentes ámbitos de coñecemento, en definitiva, aproveitar a incorporación de PDI máis novo para favorecer a entrada e conexión con novas ideas, teorías e programas de investigación na fronteira do coñecemento. Cómpre un compromiso financeiro máis amplo coa posibilidade de programas específicos dende a Xunta de Galicia en coordinación e acordo co

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3653

@PSdeG





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 18:10:26  
**Nº Rexistro: 1452**  
Data envío: 10/04/2024 18:10:26.707

SUG para que este poda incorporar máis profesorado novo e rexuvenecer o cadro de persoal especialmente nas áreas e departamentos do SUG onde máis convén.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que avaliación fai o Goberno galego do avellentamento dos cadros docentes das tres universidades galegas?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 18:06:55**

**Silvia Longueira Castro na data 10/04/2024 18:07:06**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3654

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 10/04/2024 18:11:06  
**Nº Rexistro: 1455**  
Data envío: 10/04/2024 18:11:06.440

Por iso, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Mantén o Goberno de Galicia a súa valoración de que a produción marisqueira das rías galegas non diminuíu nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 18:08:16**

**Carlos López Font na data 10/04/2024 18:08:26**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3656

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López, Daniel Castro García e Paulo Ríos Santomé**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ás actuacións do Goberno Galego para paliar as perdas económicas dos traballadores e traballadoras do mar afectadas polas intensas choivas deste outono-inverno e para a recuperación produtiva das rías galegas.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mes de outubro do pasado ano comezaron unha sucesión de temporais e de abundantísimas precipitacións que continuaron durante todo o outono, o inverno e aínda persisten.

O impacto que estas condicións climatolóxicas tivo nos bancos marisqueiros das rías galegas foi brutal e, sumado ao devalo produtivo continuado dende hai máis dunha década, provocou mortalidades masivas de marisco, peches de innumerábeis bancos, fracaso da campaña de nadal -a máis importante do ano para o sector-, inactividade e perda inxente de ingresos a miles de persoas, ertes nunha morea de confrarías e, en definitiva, unha situación extrema que, máis que nunca, precisaba de amparo e cobertura por parte da administración competente e dunha actuación áxil e eficaz.

Pola contra, a Consellaría do Mar, despois de negarse a tomar medidas solicitadas reiteradamente por este Grupo Parlamentar, reaccionou a finais de decembro, cando a desfeita era máis que evidente e as zonas máis afectadas levaban xa case tres meses abandonadas á súa sorte.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

E non foi ata o mes de febreiro, e en plena campaña electoral, cando a Consellaría efectúa un pago de 550 euros a parte dos mariscadores e mariscadoras afectadas. Foi o único e mesquiño apoio que recibiron da Xunta de Galiza dende outubro, e só nalgúns casos, cando a día de hoxe aínda as praias están arrasadas, seguen sen actividade miles de persoas e tamén sen expectativas de retomala a curto prazo para poder comezar a recuperar as rendas do seu traballo.

A estas alturas, o sector xa nada agarda da Consellaría que ten as competencias exclusivas en marisqueo, mais continúan sendo imperiosas as necesidades para que o abandono da actividade non medre aínda máis e, sobre todo, para a recuperación e potenciamento dos bancos marisqueiros.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir unha renda mínima aos traballadores e traballadoras do mar afectadas polas persistentes chuvias dende outubro e evitar a perda de postos de traballo no sector?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Pérez López**

**Daniel Castro García**

**Paulo Ríos Santomé**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2024 19:01:06**

**Daniel Pérez López na data 10/04/2024 19:01:10**

**Daniel Castro García na data 10/04/2024 19:01:22**

**Carmela González Iglesias na data 10/04/2024 19:01:31**

**Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2024 19:01:38**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a aplicación da Lei Valentín Paz-Andrade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, máis coñecida como Lei Valentín Paz-Andrade, establece importantes obxectivos para o futuro do noso idioma. A súa aprobación en 2014 veu seguida de moi escasos avances concretos. O propio texto da norma indica que «O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación co cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custo e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte».

Transcorridos dez anos desde a aprobación da Lei Paz-Andrade, consideramos que é preciso avanzar no seu desenvolvemento, ademais de analizar as accións feitas ao abeiro da norma até agora.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que mecanismos prevé o goberno galego para o desenvolvemento e aplicación da Lei Paz Andrade?







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Luis Bará Torres**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 08:57:29**

**Luis Bará Torres na data 11/04/2024 08:58:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración que o goberno do Partido Popular fai da evolución da política cultural galega nos últimos corenta anos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de publicar un novo informe centrado nesta ocasión na análise da evolución da cultura galega ao longo dos últimos corenta anos.

Do estudo dos diferentes ámbitos que se revisaron neste informe conclúese unha tendencia xeral positiva nos datos dos consumos, hábitos e prácticas culturais nas últimas catro décadas como resultado da suma de múltiples factores que favoreceron a transformación da sociedade galega e a valorización da súa cultura.

Un deses elementos clave no avance en materia cultural foi o proceso de transferencia de competencias da Administración central ás comunidades autónomas iniciado na década de 1980, así como a aprobación de leis fundamentais para a protección e o fomento da cultura e lingua galegas na primeira lexislatura do Parlamento galego.

Con todo, malia a evolución xeral positiva no desenvolvemento da cultura galega, este informe conclúe que o gasto público en cultura non evolucionou do mesmo xeito que outros indicadores, xa que a proporción do gasto en cultura con respecto ao total do gasto público minguou en todas as administracións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A respecto do investimento en materia cultural por parte das administracións públicas, confírmase que a Administración xeral do Estado gastou en cultura en 2020 a metade do investido hai corenta anos, un feito en parte relacionado co propio proceso de descentralización.

O gasto da Xunta de Galiza, que era menor que o doutras comunidades autónomas, pasou do 0,68% en 1985 ao 0,66% en 2020, o que significa que na práctica o Goberno galego gasta en proporción o mesmo en cultura agora que hai 35 anos.

Este dato vén confirmar as reiteradas demandas que o grupo parlamentario do BNG ten solicitado nesta cámara a respecto do insuficiente compromiso do goberno galego coa cultura galega, nomeadamente cos axentes e sectores culturais, que ten impedido, durante catro décadas, avanzar no desenvolvemento dunha política cultural acorde a toda a potencia cultural do noso país e mais ao principio central de a cultura ser un dereito e a columna vertebral para unha sociedade culta, igualitaria e equitativa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego da evolución da política cultural galega nos últimos corenta anos?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2024 09:17:07**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 09:17:56**

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 09:18:16**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego e Luis Bará Torres**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o establecemento dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a pregunta parlamentaria do deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego Xosé Luís Bará Torres do 21-1-2020 sobre o establecemento dunha delegación permanente de Galiza en Lisboa, a Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo indica que

Neste propio documento faise referencia a que na Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) se prevé que “tan pronto como as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, habemos de formularnos a posibilidade de que a Xunta de Galicia proxecte (...) a nosa vocación fraterna en Lisboa, no cultural, no social, no económico e no institucional”. Indícase tamén nesta resposta que “as prioridades orzamentarias para 2021 non permiten facer efectiva esta previsión, aínda que a Xunta de Galicia ten a cooperación con Portugal entre as súas prioridades”.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego iniciar os traballos para establecer unha delegación permanente de Galiza en Lisboa, de acordo cos obxectivos da EGAEX?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Luis Bará Torres**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 10:10:35**

**Luis Bará Torres na data 11/04/2024 10:11:26**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o ensino do portugués en Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos obxectivos da denominada Lei Valentín Paz-Andrade, aprobada hai agora dez anos, é o de introducir a lingua portuguesa no ensino: “É preciso fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa”.

Na última convocatoria de prazas de profesorado non se incluía ningunha nova praza de portugués, inicialmente. Aínda que se corrixiu a convocatoria, foi para incluír só 4 prazas de portugués para Escolas Oficiais de Idiomas, e ningunha para educación secundaria, co que o obxectivo da Lei Paz-Andrade en relación coa “introdución progresiva” do portugués non se está a cumprir.

Tendo en conta a demanda das entidades do sector, o número mínimo de novas prazas de profesorado de portugués en educación secundaria debería estar entre 4 e 10, para compensar as interinidades e xubilacións e para concordar co aumento de alumnado tanto na ESO como no Bacharelato.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

O goberno galego vai aumentar o número de prazas de profesorado de lingua portuguesa en todos os niveis educativos do ensino público, tal e como establece a Lei Paz-Andrade?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**  
**Cristina Fernández Davila**  
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 10:26:49**

**Cristina Fernández Davila na data 11/04/2024 10:27:39**







## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A recente Lei de restauración da natureza da UE, consensuada cos Estados membros, busca rexenerar os ecosistemas degradados dos seus territorios, contribuír a acadar os obxectivos climáticos e de biodiversidade da UE e mellorar a seguridade alimentaria.

Para isto obriga aos Estados membros a restaurar polo menos o 30 % dos *hábitats* previstos na nova lei (desde bosques, humidais ata ríos, lagos e leitos coralinos) para que pasen dun estado deficiente a uno bo en 2030, o 60 % para 2040 e o 90 % para 2050, dando prioridade ata 2030 ás zonas da Rede Natura 2000.

Na actualidade Galicia ten a Rede Natura máis pequena entre as 17 CC.AA, con menos do 12 % da súa superficie protexida sobre o papel fronte ao 20 % da seguinte comunidade, que é o País Vasco, e ao 27 % de media estatal.

Hai que ter en conta tamén que polo que sabemos da proxectada ampliación, aínda de levarse a cabo, estaríamos moi lonxe da media europea e estatal. Seguiríamos á cola das CC.AA, é dicir, non se trata dunha ampliación en modo algún ambiciosa.

A maiores a rede natura galega carece de mecanismos para compensar as restricións de uso da propiedade asociadas ao plan director, ademais de que sería recomendable dinamizar os recursos e o patrimonio natural e ambiental





dos territorios que sexan xa ou sexan declarados no futuro Rede Natura, polo que sería recomendable crear un fondo de compensación a tal efecto. Ese fondo podería nutrirse de recursos europeos, estatais, autonómicos ou incluso, no seu caso, procedentes de empresas que queiran voluntariamente contribuír dentro da súa responsabilidade social corporativa.

En resposta a unha pregunta do eurodeputado do PSdeG Nicolás González Casares do mes de agosto de 2022, a Comisión Europea afirma que “A Comisión considera que o Plan director elaborado por Galicia para a xestión dos espazos Natura 2000 non cumpre os requisitos da Directiva Hábitats con respecto ás sesenta e cinco zonas especiais de conservación de Galicia”.

Isto engádese ao feito de que segundo a organización ecoloxista WWF, Galicia ten o peor plan director entre as comunidades autónomas do Estado.

Faise, por tanto, obxectivamente necesario modificar o Plan director da Rede Natura para melloralo e adaptalo á normativa europea e, en particular, á directiva de hábitats que a Comisión afirma que non cumpre, para así despois poder cumprir esta nova Lei de restauración da natureza da UE, por iso, a deputada e o deputado que asinan queren coñecer a resposta a seguinte pregunta:

Que medidas vai tomar o Goberno da Xunta en relación co espazo protexido por Rede Natura 2000?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Paloma Castro Rey na data 11/04/2024 10:26:46**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 10:33:53  
**Nº Rexistro: 1500**  
Data envío: 11/04/2024 10:33:53.471

**Carlos López Font na data 11/04/2024 10:27:07**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3671

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Óscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, sobre as medidas de reforzo e prolongación de xornada do persoal destinado en unidades xudiciais de Galiza

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo información recollida no xornal “La Voz de Galicia” actualmente o cadro de persoal das diferentes unidades xudiciais de Galiza exige o reforzo adicional de 69 traballadoras e que 96 traballadoras máis teñan recoñecida prolongacións de xornada que permita a realización de horas extraordinarias. Medidas que, segundo se informa, atinxen a 65 órganos xudiciais de Galiza.

Medidas de reforzo previstas para atender circunstancias temporais e de carácter excepcional dirixidas a atender unha situación puntual de extraordinaria carga de traballo ou de demora na tramitación de procedementos que demanden unha actuación inmediata.

O número tanto das medidas adoptadas, como das unidades xudiciais atinxidas así como a existencia de múltiples casos nos que traballadoras por compromiso e responsabilidade están a realizar unha xornada moi superior á que lle corresponde, levan a pensar na existencia de carencias estruturais que provocan unha importante demora na resolución dos procedementos xudiciais e xa que logo condicionan o funcionamento dun servizo público esencial como é a administración de xustiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno Galego que o número de medidas de reforzo persoal necesarias nos órganos xurisdiccionais de Galiza evidencia a existencia de carencias estruturais e non soamente puntuais?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**  
**Óscar Insua Lema**  
Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2024 10:52:07**

**Óscar Insua Lema na data 11/04/2024 10:52:11**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á modificación das convocatorias de axudas da Consellaría de Mar por paralización temporal da actividade.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos catro anos, a campaña de libre marisqueo na ría de Arousa foi de mal a peor. No 2020, os propios mariscadores cualificaron a campaña de desastrosa, que tivo que pechar anticipadamente. No 2021, continuou a sangría de embarcacións e o abandono dos bancos por parte das mesmas. No 2022, malia que a Consellaría do Mar afirmaba a existencia dun “recrutamento récord de berberecho nos Lombos do Ulla”, a escaseza de recurso precipitou de novo o peche dos bancos con moita antelación. E, no 2023, a campaña durou apenas unhas semanas por falta de bivalvo.

Nese ano, a Consellaría do Mar convoca, por medio da Orde do 12 de abril de 2023, axudas “por paralización temporal da actividade marisqueira, ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, O Boído e Cabío)”.

Unhas axudas que os afectados tardaron case seis meses en cobrar dende a súa convocatoria e preto de 9 meses dende que deixaran a actividade por ausencia de capturas e, finalmente, ás que non puideron acceder un número importante de persoas por mor da condición establecida no artigo 4.2 da citada Orde: “Os 120 días mínimos exixidos no punto 1-b deste artigo deberán terse realizado na modalidade de marisqueo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

(Z3) ou libre marisqueo (Z3), durante os anos 2021 e 2022. Os días de actividade extractiva verificaranse mediante as notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados e serán os que consten nos rexistros da Consellaría do Mar".

As persoas excluídas por esta razón, por non poder aportar notas de venda de 120 días, argumentan que a Consellaría está a equiparar os días de actividade pesqueira cos días nos que hai vendas rexistradas, obviándose así, por exemplo, outros traballos que tamén son actividade, como as limpeza, as sementeiras, as vixilancias, as xornadas de renovación de permisos de explotación, xornadas nas que largan os aparellos pero non teñen actividade pesqueira, etc. As distintas interpretacións do artigo 4.2 levaron incluso a recursos por parte de persoas afectadas que, aínda hoxe, non teñen resolución dos mesmos.

Nestes momentos temos constancia de que se están a elaborar as ordes de axuda de 2024 para as persoas mariscadoras a pé e a frote afectadas pola paralización temporal en diferentes bancos marisqueiros intermareais de Galiza. Neses proxectos de orde, volve a recollese a mesma exixencia de 120 días xustificados mediante notas de venda, malia os problemas de interpretación a que deu lugar, á exclusión da concesión das axudas por este motivo a diversos afectados e á non resolución aínda dos recursos e, polo tanto, a que se coñeza cal é a argumentación da Consellería para persistir nesa cláusula.

Na situación que está a vivir o sector dende hai anos, agravada agora polos meses de inactividade en moitos bancos marisqueiros da ría, cómprelle, máis que nunca, a colaboración, a cobertura e a facilitación por parte da Administración e, en ningún caso, trabas ou obstáculos que lle dificulten aínda máis o mantemento dos postos de traballo e duns ingresos dignos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai modificar o Goberno galego as condicións que se establecen nas convocatorias de axudas da Consellaría do Mar por paralización temporal da actividade, para facilitar o seu acceso a un maior número de persoas e contribuír á viabilidade dos sectores afectados?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asdo.: Rosana Pérez Fernández**

**Carmela González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 11/04/2024 11:18:38**

**Carmela González Iglesias na data 11/04/2024 11:18:46**

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 11:19:29**





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

No pasado inicio de curso escolar foron numerosas as incidencias no transporte escolar denunciadas por parte das ANPAS, concellos e comunidades educativas constatadas en escritos informando e trasladando as queixas á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e máis a Educación.

Deficiencias que se repetiron durante o actual curso e que xa se viñan producindo en anos anteriores. Problemáticas como o incumprimento de horarios, autobuses que non chegan nunca ás paradas, emprego de VTC ou taxis en vez dos vehículos obrigados por contrato, autobuses defectuosos, sen cinto ou con menos prazas das contratadas entre outras lamentables situacións.

Arredor destas queixas e denuncias, desde a Consellería de Educación o seu titular ante as preguntas e interpelacións deste Grupo Parlamentario cualificou estes graves incidentes como “puntuais e normais”.

O transporte escolar é de máxima importancia para toda a poboación e o estudantado, sobre todo no ámbito rural debido ás distancias que as familias teñen que percorrer ata o centro escolar máis próximo. Non só resulta moi preocupante que nenos e nenas perdan tempo das súas clases, tamén está a inseguridade constante á que se ven sometidos. O non recoñecemento do problema e a ausencia de medidas específicas que eviten que moitas destas situacións se repitan, as queixas das familias teñen chegado tamén á Valedora do Pobo. Neste sentido, a Valedoría vén de facer públicos varios recordatorios





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 11:22:21  
**Nº Rexistro: 1515**  
Data envío: 11/04/2024 11:22:21.812

de deberes dirixidos á Xunta de Galicia. Exemplifica o desleixo arredor deste necesario servizo e que se preste en condicións dignas as demoras de 11 ou 8 meses no traslado de respostas, e que nalgúns casos chegan cando o curso escolar xa remata.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Tendo en conta os prazos marcados na lei, que explicación ten o Goberno para non dar resposta en tempo ás queixas e reclamacións rexistrados polas deficiencias no transporte escolar?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 11/04/2024 11:05:47**

**Silvia Longueira Castro na data 11/04/2024 11:08:08**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3678

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

As confrarías de pescadores son corporacións de Dereito Público que actúan como órganos de consulta e colaboración coa Administración sobre temas de interese xeral e referentes á actividade extractiva pesqueira e a súa comercialización, especialmente nos sectores artesanal e de baixura.

Estas entidades públicas sen ánimo de lucro levan pedindo, dende que España entrou na UE, que, por parte de Bruxelas, se recoñeza a figura das confrarías de pescadores e poidan optar, por tanto, aos fondos estruturais como o antigo FEMP e o actual FEMPA. Piden basicamente que se equiparen as confrarías de pescadores ás organizacións de produtos pesqueiros.

É preciso un traballo conxunto das administracións de cara a que as institucións comunitarias recoñezan a labor dos pósitos na xestión pesqueira, que logren o pleno recoñecemento dentro da Política Pesqueira Común e poder optar aos fondos estruturais da UE.

En Galicia contamos na actualidade con 63 confrarías de pescadores que ademais da importante labor no eido da xestión pesqueira, da produción e da comercialización levan a cabo un traballo fundamental no eido da responsabilidade social.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 11:55:21  
**Nº Rexistro: 1521**  
Data envío: 11/04/2024 11:55:21.299

Por iso, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Considera a Xunta de Galicia que a UE debe de recoñecer a figura das confrarías de pescadores e poder optar así aos fondos estruturais dela?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 11/04/2024 11:25:52**

**Carlos López Font na data 11/04/2024 11:26:02**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3680

@PSdeG





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Xa no ano 2014 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica comparecía nesta Cámara para dar conta das accións previstas por parte da Consellería en materia de xestión pesqueira. Xa daquela falaba de revisar o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños por tratarse dun Decreto “moi rixido” e que era precisa unha ferramenta máis flexible para acadar maiores niveis de sustentabilidade.

No ano 2016 a por aquela entón conselleira do Mar dicía que actualizaría o Decreto de artes de pesca e marisqueo para adaptalo ás necesidades e realidades da evolución do sector. Continuaba explicando que se faría atendendo ao diálogo co sector coa finalidade de obter o benestar social do sector e, ao mesmo tempo, de manter a explotación sostible dos recursos mariños.

Pois ben, todo isto a día de hoxe, non é un realidade, xa que o Decreto de artes de pesca que está en vigor é o do ano 2011.

É preciso actualizar a normativa marítimo-pesqueiro e tamén é preciso, como reclama o propio sector, adoptar a normativa á realidade. É preciso modificar este Decreto para actualizar a norma e adaptala ás evolucións.





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 11:57:34  
**Nº Rexistro: 1527**  
Data envío: 11/04/2024 11:57:34.388

Por todo o anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

En que fase se atopa a renovación e modificación do obsoleto Decreto polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Abalde Alonso na data 11/04/2024 11:49:58**

**Carlos López Font na data 11/04/2024 11:50:07**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3682

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A facenda pública require de ingresos públicos para facer fronte ás necesidades de gasto dos distintos gobernos e especificamente dos gobernos autonómicos para dar cobertura de calidade á prestación dos servizos públicos á cidadanía galega coma a sanidade, educación, servizos sociais e infraestruturas. Servizos públicos que foron minguados e privatizados durante tódolos anos do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Acertar na política fiscal é fundamental non só para o saneamento das contas públicas, cuxa relevancia ven dada no noso criterio por un fin instrumental, senón para determinar os niveis de investimento público e gasto social así como para o fortalecemento do estado do benestar.

O conxunto das políticas públicas vense afectadas dun xeito ou doutro polas posibilidades de gasto da administración autonómica. Certo é que no Estado das Autonomías a corresponsabilidade fiscal das comunidades foi unha materia pendente na que houbo avances pero na que queda moito máis por facer. Deste xeito a maior parte dos recursos cos que conta o goberno de Galicia proveñen do goberno do Estado, cuxos ingresos veñen determinados á vez polo sistema tributario existente e onde as normas de financiamento autonómico, agora xogan un papel fundamental.

O novo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, sinalou no seu discurso de investidura que nos anos de gobernos da Xunta de Galicia presididos por Núñez Feijóo "o conxunto das familias galegas aforrou en impostos 1200 millóns





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 12:17:36  
**Nº Rexistro: 1530**  
Data envío: 11/04/2024 12:17:36.951

de euros" debido ás rebaixas fiscais promovidas pola Xunta e anunciou continuar coas rebaixas fiscais, como a ampliación da exención do imposto das herdanzas que favorecen a patrimonios de mais de 1.000.000 de euros millón de euros, ou a bonificación do imposto das grandes fortunas, que deben saber as galegas e galegos que favorecen a fortunas superiores a 168.000 euros netos, de aí para arriba.

Á vez os orzamentos da Xunta de Galicia foron incrementando moitas das súas partidas, o cal denota a necesidade de ter ingresos fiscais, e dada a relevancia deste asunto hai que estudar con rigor os efectos de cambios impositivos na economía galega, nos niveis de igualdade existentes e nas implicacións para a facenda.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Quen foi o beneficiado polos cambios no imposto de patrimonio e de bonificacións ás grandes fortunas feitos polo PP durante os anos de goberno autonómico presidido por Núñez Feijoo e agora por Alfonso Rueda?

Santiago de Compostela, 10 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3684

@PSdeG







**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 11/04/2024 12:17:36  
**Nº Rexistro: 1530**  
Data envío: 11/04/2024 12:17:36.951

**Patricia Iglesias Rey na data 11/04/2024 12:16:26**

**Elena Espinosa Mangana na data 11/04/2024 12:16:37**

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3685

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa ao funcionamento do protocolo de agresións sexuais impulsado por parte da Xunta de Galiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As agresións sexuais son unha mostra de violencia machista de plena vixencia na nosa sociedade. Nos últimos anos, grazas ás mobilizacións sociais, foi cobrando protagonismo na axenda pública e política. Neste sentido, é preciso recordar que a lei galega contempla desde a súa orixe a violencia sexual como unha forma de violencia machista, na liña das recomendacións internacionais e de Istambul. Neste sentido, contéplase que, para alén da especificidade da trata, se considera como violencia machista a violencia sexual e abusos sexuais, que inclúen calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, e que abarcan a imposición, mediante a forza ou con intimidación, de relacións sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco coa vítima.

Un dos ámbitos que máis protagonismo ten collido no ámbito público é o do lecer nocturno, a partir do coñecemento de diferentes agresións. Ao fío deste debate público e do aumento da toma de conciencia, en febreiro de 2023 o Parlamento aprobou, de maneira unánime, a iniciativa impulsada polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego co seguinte acordo: “*O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

*1. Abrir un proceso de diálogo con representantes do ocio nocturno, no marco do Observatorio galego da violencia de xénero, para impulsar a elaboración, aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais. O protocolo deberá incluír, entre outras, actuacións en todos os ámbitos (incluídos o sanitario e o policial) así como: formación e información específica dirixida ao persoal dos establecementos.*

*2. Publicar o protocolo e todo o material ligado a el (sinalética, fluxogramas, anexos) a través do portal Web da Xunta de Galiza, para garantir a súa difusión entre os establecementos e calquera persoa que a título individual o queira coñecer.”*

A finais de maio de 2023, preguntada en sede parlamentaria pola evolución deste acordo, a entón conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana, indicaba que se estaba a traballar de maneira avanzada no protocolo, que a comezos de xuño se valoraría o texto final para remitilo ao Observatorio Galego de Violencia de Xénero, convocar ás asociacións de hostalaría e proceder á pertinente difusión. Porén, pasaron os meses sen que se desenvolvese ese traballo e despois a desculpa da Xunta foi que ían incluír no protocolo as agresións lgbtifóbicas.

Finalmente, no mes de xaneiro de 2024 a Xunta de Galiza fixo público dito protocolo e, segundo se informou publicamente, as persoas que adherisen terían a posibilidade dun curso de dez horas de duración distribuídas en catro semanas. Ao remate da formación, e superada a avaliación, o persoal dos espazos de lecer nocturno recibiría un diploma acreditativo da formación recibida. Porén, non se aclara no protocolo nin na información pública se esta formación é preceptiva nin outras cuestións.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración dos primeiros meses de funcionamento do Protocolo galego contra as violencias sexuais e LGBTIfóbicas?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Iria Carreira Pazos**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2024 12:25:24**

**Iria Carreira Pazos na data 11/04/2024 12:27:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2024 12:29:08**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á falta de cobertura da atención pediátrica no Carballiño e A Ponte e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego para garantir os dereitos sanitarios da poboación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da sanidade é, segundo datos demoscópicos recentes, unha das principais preocupacións das galegas e dos galegos. Hoxe en día, a atención primaria en xeral e pediátrica en particular están a vivir un momento preocupante en Galiza como consecuencia da falta de planificación e de investimento económico por parte do goberno galego nos últimos lustros.

Galiza ten hoxe problemas de falta de cobertura de persoal nos seus centros de Atención Primaria, singulamente no que atinxe á pediatría, como consecuencia da súa política laboral, organizativa e sanitaria. Hai que recordar que Galiza é a penúltima do estado en investimento en Atención Primaria, só por detrás de Madrid, o 11.8% fronte á unha media do 14.2%. Así mesmo, é das últimas en gasto por habitante, sexta pola cola; das últimas en gasto en persoal sanitario, cuarta pola cola e en porcentaxe de orzamento sanitario respecto ao PIB, sétima pola cola. Así mesmo, o recorte entre 2009 e 2024 en atención primaria é de -2.193.390.705.

Lonxe de corrixir esta situación, os orzamentos da Xunta para 2024 en materia de sanidade non contemplaron medidas para o cambio de rumbo precisos para reverter





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

as consecuencias dos anos de goberno do PP no que aceleraron o desmantelamento e a privatización do sistema público.

Unha das poboacións que vén sufrindo esta situación é a do Carballiño, que acumula problemas de cobertura da pediatria ademais de continuar necesitando o reforzo de xinecoloxía ou das matronas. Así as cousas, ata setembro de 2023 estaban a contar con dúas prazas de pediatria que, ante unha xubilación e outras circunstancias, se viu reducida primeiro a unha e despois a cero.

Desde hai meses a poboación do Carballiño protestou para que se corrixisse este agravio e falta de planificación e garantir a cobertura para máis de 2.000 nenos e nenas de toda a bisbarra, xa que o servizo non atendía unicamente nenos e nenas do Carballiño que, con todo, é a segunda vila máis poboada da zona de Ourense despois da cidade.

Para máis inri, a “solución” do goberno galego foi unha tardía oferta de praza de difícil cobertura para compartir co centro de saúde da Ponte. Isto non foi máis que unha manobra de dilación do problema e unha irresponsabilidade xa que, dunha parte, buscábase substituír unha praza enteira por media e pola outra, xa se prevía que o centro da Ponte precisaría reforzar esta área, que estaba cuberta ata final de ano por catro especialistas e que agora se atopa tamén reducida.

É evidente que a falta de cobertura da segunda gran poboación de Ourense non pode solventarse precarizando máis a atención do barrio máis poboado da cidade e que o goberno debe arbitrar medidas para garantir a atención pediátrica nestas dúas localizacións ademais de comprometer a mellora da atención primaria en xeral da bisbarra do Carballiño.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para garantir a cobertura íntegra e inmediata das dúas prazas de pediatría do Centro de Saúde do Carballiño?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2024 12:48:00**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2024 12:48:07**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2024 12:49:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Mercedes Queixas Zas**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da lingua galega na administración de xustiza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Pasaron máis de 40 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que o marco legal vixente no estado español, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística, é discriminatorio para o galego.

Malia a existencia dun marco legal dunha teórica oficialidade que non se traduce ao plano material, é posíbel establecer plans e medidas que permitan avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización do uso do galego, mais os seus resultados







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

foron cativos e os incumprimentos notorios. A realidade é que a maior parte das medidas contempladas neste Plan non se cumpriron.

Entre outros aspectos que se deben ter en conta, cabe sinalar as dificultades para o uso da lingua galega os propios programas de xestión interna do sistema xurídico, que impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a cabo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

En concreto, o programa Minerva-NOX, utilizado nos xulgados galegos por maxistrados e maxistradas e funcionariado, non permite o uso do galego. Dese xeito, quen queira utilizalo deberá redactar as súas resolucións nun programa de procesamento de texto e pegalas no programa, dificultando e multiplicando o traballo nun ámbito moi sobrecargado, mentres que para outro tipo de documentos de uso constante e máis frecuente (diligencias de ordenación, actas, decretos, etc.), este traballo é practicamente imposible na práctica. De feito, a versión actual do programa retrocede a respecto da anterior en canto a facilidades para o uso do galego. O programa Minerva-NOX é propiedade do Ministerio de Xustiza, mais a Xunta de Galiza ten cedidos os dereitos de propiedade intelectual, polo que na actualidade sería posible que o goberno galego fixese modificacións.

A Carta Europea de Linguas Rexionais e Minorizadas, tratado internacional ratificado polo Reino de España en 2001, cuxo artigo 9, dedicado á Xustiza, establece que os estados membros se comprometen a garantir o dereito de opción lingüística na tramitación do procedemento xudicial en todas as ordes xurisdicionais (civil, penal, administrativo, social, etc), dereito que actualmente o propio programa Minerva-NOX está imposibilitando.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo o goberno para incrementar o uso do galego como lingua oficial na administración da xustiza?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

**Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 12:53:05**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2024 12:53:08**

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 12:53:16**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2024 12:53:55**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á saturación do centro de saúde da Ponte, na cidade de Ourense e á falta de cobertura da atención pediátrica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio da Ponte é o máis poboado da cidade de Ourense e conta cun só centro de saúde que atende todo o distrito, cunha importante zona rural. Desde hai décadas estaba previsto a construción dun novo centro de saúde na zona do Vinteún, proxecto que foi aparcado polo goberno do Partido Popular. Así, se a atención primaria sofre unha crise xeral por mor das decisións políticas impulsadas pola dereita nos últimos lustros, este barrio sofre as carencias de infraestruturas e o abandono en materia de reforzo de persoal.

Hai que recordar que Galiza é a penúltima do estado en investimento en Atención Primaria, só por detrás de Madrid, o 11.8% fronte á unha media do 14.2%. Así mesmo, é das últimas en gasto por habitante, sexta pola cola; das últimas en gasto en persoal sanitario, cuarta pola cola e en porcentaxe de orzamento sanitario respecto ao PIB, sétima pola cola. Así mesmo, o recorte entre 2009 e 2024 en atención primaria é de -2.193.390.705.

Lonxe de corrixir esta situación, os orzamentos da Xunta para 2024 en materia de sanidade non contemplaron medidas para o cambio de rumbo precisos para reverter as consecuencias dos anos de goberno do PP no que aceleraron o desmantelamento e a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

privatización do sistema público. E tampouco incorporaron o tan prometido centro de saúde do Vinteún.

Esta situación deriva en que a día de hoxe é frecuente neste centro de saúde alta demora para poder realizar unha analítica. Nos últimos meses foi medrando a preocupación dos pais e nais ante diferentes problemas de cobertura das catro prazas teóricas de pediatra que ten o centro, sumado á alarma provocada pola Xunta ao ofertar unha praza compartida co Carballiño para recortar a atención nesta vila e na Ponte pasando de cubrir prazas enteiras con medias prazas.

No mes de marzo, ante a falta de cobertura dunha praza, as nais e pais foron informados de que non se cubriría e comezaron a recoller sinaturas. É evidente que a falta de cobertura do barrio máis poboado da cidade non pode consentirse e que o goberno debe arbitrar medidas para garantir a atención pediátrica que se estaba a fornecer, con catro profesionais a xornada completa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para garantir a cobertura íntegra e inmediata das prazas de pediatría do Centro de Saúde da Ponte?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

**Montserrat Prado Cores**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/04/2024 13:01:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2024 13:01:27**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2024 13:02:20**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o establecemento do sistema de gardas de 24 horas nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 24 de outubro de 2023 o Consello Xeral do Poder Xudicial reitera comunicación participando o seu parecer sobre a comenencia da aplicación nos xulgados de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña dun sistema de gardas de 24 horas con rotación diaria. O establecemento deste sistema de garda permanente nos xulgados de Vigo e A Coruña contara co informe favorable do CXPX se ben o propio órgano de goberno do Poder Xudicial facía constar que *“a implantación non podería levarse a efecto ate contar coa autorización económica da Xunta de Galiza e do Ministerio do Interior, en canto administracións prestacionais que asumirán o custe económico ...”*

A preguntas da representación do BNG no Congreso, o Ministerio de Justicia do Goberno do Estado , recoñecendo que a modificación do sistema suporía unha mellora no funcionamento da prestación do servizo de garda que redundaría en conseguir un servizo público máis eficaz e eficiente, considerable viable a medida proposta pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza; participaba que contaba con asignación orzamentaria, tanto nos presupostos de 2021 como nos de 2022. Reiterando a necesidade de contar con idéntico compromiso por parte da Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tanto no ano 2022 como no 2023 as xuntas sectoriais de xuíces e xuízas de instrución dos partidos xudiciais de Vigo e A Coruña reiteraron a comenencia de modificar o sistema de gardas. Igualmente, o Fiscal Superior de Galiza o día 18 de outubro de 2023, do mesmo xeito que fixera en xuño de 2019, informa do seu parecer sobre a comenencia e necesidade de evolucionar do actual sistema de gardas semanais a outro de 24 horas nos termos xudiciais de Vigo e A Coruña, considerando asumible e beneficioso para as Fiscalías, para a cidadanía e para a mellor prestación do servizo da administración de xustiza.

A Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza manifestou reiteradamente (11 de febreiro e 16 xuño de 2022, 24/6/2019, 16/4 e 17/9 de 2021...) a súa opinión favorable ao establecemento do sistema de gardas de 24 con rotación diaria.

Asemade os Plenos dos Concellos de Vigo e A Coruña, os colexios profesionais da Avogacía e Procuradoría de Vigo e A Coruña, organizacións sindicais e funcionarias da administración de xustiza dos partidos xudiciais atinxidos expresaron reiteradamente a súa opinión favorable á necesaria modificación do sistema de gardas pasando da rotación semanal e o tempo parcial a un sistema permanente e de rotación diaria.

Xa que logo dada a regulación vixente (art.59 do Regulamento 1/2005 de aspectos accesorios das actuacións xudiciais) é a conformidade do Consello Xeral do Poder Xudicial, Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Xuntas Sectoriais de Xuíces/Xuízas de Instrución, Fiscalía Superior de Galiza, colexios profesionais e organizacións sindicais e mesmo dado o compromiso orzamentario do Goberno do Estado; é a Xunta de Galiza quen esta a impedir a mellora do servizo de garda nos Xulgados de Instrución de Vigo e A Coruña, que sen dúbida implicará tanto unha importante melloría para o funcionamento da administración de xustiza como para atención á cidadanía que reside ou se relaciona coas localidades destes partidos xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza, a diferenza do Consello Xeral do Poder Xudicial, Sala de Goberno do TSX, Fiscalía Superior de Galiza, Xuntas sectoriais xuíces e xuízas de Vigo e A Coruña, sindicatos e organizacións profesionais; que o establecemento dun sistema de gardas de 24 horas, de rotación diaria, non contribuiría a unha mellora substancial no funcionamento da administración de xustiza en Vigo e A Coruña?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Oscar Insua Lema**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/04/2024 13:14:27**

**Óscar Insua Lema na data 11/04/2024 13:15:21**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iago Suárez Fernández e Daniel Castro García**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o calendario competitivo da Selección Galega.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foi en maio de 2016, hai oito anos, cando a Selección Galega Absoluta de fútbol disputou o seu último encontro amigable. Foi contra Venezuela no estadio coruñés de Riazor onde até 18.000 persoas se congregaron para animar o combinado nacional galego. A grande afluencia de persoas ao partido demostraba naquela altura a demanda da poboación galega de ver a súa selección xogar.

O anuncio dos últimos días sobre a volta da ‘Irmandiña’ aos terreos de xogo volveu crear unha grande ilusión e a anticipación para o partido do 31 de maio fronte a Panamá xa se pode ver sobre todo nas redes sociais.

Ante a evidente ilusión que a volta da nosa selección nacional crea, consideramos necesario que a ‘Irmandiña’ teña un calendario estable de competicións e que non sexa necesario esperar 8 anos para poder volver o noso combinado nacional. Ademais debería ser prioridade da Real Federación Galega de Fútbol (RFGF) crear á maior celeridade posible a Selección Galega Absoluta Feminina para que as nosas futbolistas poidan defender as cores de Galiza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Apoia a Xunta de Galiza a establecemento dun calendario estable de competicións para a selección galega da de fútbol?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

**Daniel Castro García**

Deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Iago Suárez Fernández na data 11/04/2024 13:25:54**

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 13:27:28**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas, Iago Suárez Fernández e Iria Taibo Corsanego**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de avaliación do Plan de Dinamización da Lingua galega na Mocidade 2019-2022.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

“A xente nova constitúe un grupo fundamental para o futuro do galego, polo que resulta crucial desenvolver actuacións a prol do seu coñecemento, valoración e uso en todos os ámbitos por parte da mocidade”.

Así comezaba a presentación do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022 co que o goberno pretendía incrementar a presenza e o uso do galego nos espazos de maior interese ou máis atractivos para mozas e mozos cunha idade comprendida entre os 14 e os 30 anos.

Inserido no marco do Plan xeral de normalización da lingua galega, definíase como un proxecto unitario da Xunta de Galiza no que todo o goberno galego estaría involucrado, ao tempo que buscaba a participación activa e o compromiso de todas as administracións, entidades públicas e organizacións sociais que interveñen no ámbito da mocidade, para crear unha dinámica de actuación encamiñada a aumentar o uso do galego entre mozas e mozos.

Diferentes áreas e medidas de actuación dicían articular neste plan a necesidade de crear espazos de uso para que a mocidade poida iniciarse como galegofalantes, así como para que aquela que xa o é manteña a súa lingua habitual e vexa reforzada as súas





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

prácticas lingüísticas en diferentes contextos. Así mesmo, o presente plan dedicaría unha parte importante dos seus esforzos a atender o fenómeno social do neofalantismo.

Rematado xa o prazo de desenvolvemento deste Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022, entendemos que é preciso coñecer o informe e os seus resultados que, con periodicidade anual ten que levar a cabo o goberno galego mediante a creación dunha comisión, tal e como se recolle no devandito plan.

Contrariamente a todo o dito, en pleno 2024 seguimos sen saber nada das accións realizadas neste plan e sobre todo, continuamos sen dispoñer da avaliación do mesmo, dos éxitos acadados ou das eivas que presentou, e todo isto a pesar de estar obrigados e obrigadas a facelo.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales son as valoracións da Xunta de Galiza a respecto do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2019-2022?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Daniel Castro García**

**Mercedes Queixas Zas**

**Iago Suárez Fernández**

**Iria Taibo Corsanego**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 16:08:18**

**Iago Suárez Fernández na data 11/04/2024 16:09:41**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2024 16:09:43**

**Iria Taibo Corsanego na data 11/04/2024 16:11:03**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de promover dende a Xunta de Galiza a implantación de fábricas de compoñentes para a automoción na área de Vigo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción é un sector estratéxico para Galiza, e nomeadamente para a área de Vigo. Nos últimos anos levamos vendo como este sector atravesa dificultades de abastecemento de compoñentes, en gran medida debido á enorme dependencia das empresas do sector, aínda que cada vez menor, da empresa matriz que é factoría viguesa de STELLANTIS e dos seus ritmos de traballo.

As paradas “técnicas” de STELLANTIS repercuten nos ritmos de traballo e na produtividade do conxunto de empresas que forman este entorno económico que é a automoción, formada na súa maior parte por pequenas e medianas empresas.

As últimas paradas deste mes de abril de 2024 poñen de manifesto a necesidade de tomar acción sobre unha situación que xa é insostíbel dende a chamada crise dos chips dos últimos anos. Esta débese en grande medida ás tensións nas cadeas de subministro e á alta dependencia de mercados externos e das súas rutas loxísticas. Cómpre lembrar que a maior parte da produción mundial de semicondutores sitúase en mercados como a China e que a propia UE ten unha dependencia dos mesmos de arredor do 70%.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A escaseza de chips e semicondutores afecta a un cada vez máis amplo número de industrias, derivado da dixitalización continuada dos procesos, da implantación cada vez maior da denominada Industria 4.0 e, agora aínda máis, da transformación que está a vivir a mobilidade cara un futuro de emisións 0.

A automoción é especialmente sensible a esta escaseza, xa que un coche pode levar máis de 1400 compoñentes de semicondutores (chips). A isto súmase a importancia de semicondutores e compoñentes para o deseño e fabricación da maquinaria precisa na automatización de procesos, o que lastra a outras empresas cuxa actividade principal é fornecer de tecnoloxía á industria, nomeadamente á da automoción.

Certo é que a propia Unión Europea desenvolveu un Plan co obxectivo de acadar unha cota do mercado mundial do 20% da fabricación de semicondutores dentro da propia UE, a través da Lei de Chips. Coa entrada en vigor desta, en setembro do pasado ano 2023, comprometeu a mobilización de máis de 43000 millóns de euros de ámbito público e privado, e nesta liña o goberno do estado anunciaba, a través do PERTE de microelectrónica e semicondutores (PERTE Chip) a mobilización de fondos públicos para reforzar as capacidades de deseño e fabricación de semicondutores na industria.

Estamos ante unha oportunidade que non se pode deixar pasar, unha oportunidade para apuntalar un sector estratéxico para Vigo e para o conxunto do país nun momento no que a automoción galega está a sufrir unha deslocalización de plantas e de produción cara, por exemplo, Portugal, mentres a Xunta de Galiza tense demostrado incapaz de desprezar ningún tipo de medida que blinde o futuro produtivo da automoción no noso país.

Que non se tomen medidas de inmediato que faciliten a implantación de fábricas de compoñentes para o coche eléctrico agravaría esta fuga de empresas e sería excluír a





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

automoción galega da fabricación do coche do futuro e suporía un grave atranco á necesaria diversificación do sector.

Por iso é preciso que se despreguen medidas activas que axuden a garantir a implantación de fábricas de compoñentes para que sexan pilar fundamental que garanta o futuro do sector da automoción na Comarca de Vigo e, por extensión, do conxunto da Galiza.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego, no exercicio das súas competencias, promover a instalación de fábricas de semicondutores e compoñentes na área de Vigo que evite as interrupcións no seu subministro e blinde a continuidade da actividade produtiva dun sector estratéxico como a automoción?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Brais Ruanova Vilas-Boas**

**Carmela González Iglesias**

**Alexandra Fernández Gómez**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/04/2024 16:30:05**

**Carmela González Iglesias na data 11/04/2024 16:33:42**

**Alexandra Fernández Gómez na data 11/04/2024 16:34:01**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López, Roberto Rodríguez Martínez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

Pese ás promesas do Goberno central de aplicar novas bonificacións para as peaxes da AP-9 e o establecemento de descontos na AP-53, os galegos seguimos sufrindo o incremento das tarifas destas dúas autoestradas estatais, que o pasado 1 de xaneiro volveron experimentar unha nova suba.

Así, desde o inicio deste ano, a AP-9 e AP-53 volven liderar o incremento tarifario de todo o Estado, xa que a suba na Autoestrada do Atlántico foi do 6,55% e do 5,07% na Autoestrada central de Galicia, no traxecto que comunica Santiago con Lalín.

Galicia deste xeito segue sendo obxecto de agravio por parte do Executivo central, posto que ambas as infraestruturas viarias mantéñense entre as máis caras do Estado e de Europa. Ademais, pola súa situación estratéxica, seguirán a ser un lastre para as familias e para a competitividade das nosas empresas.

A isto hai que engadirlle a constatación de que a empresa concesionaria volverá rexistrar este ano un récord de beneficios.

Recentemente coñecemos tamén que o Tribunal Supremo desestimou o recurso de casación interposto polo Ministerio de Transportes polo que quería cobrarlle á Xunta as facturas pola subvención da peaxe da AP-9 de Rande e A Barcala, a peaxe dunha autoestrada estatal.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Cal é a valoración do Goberno galego sobre as peaxes que se están a aplicar na AP-9 e na AP-53?



Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 16:54:18**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 16:54:47**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 16:54:56**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 16:55:09**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 16:55:19**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 16:55:34**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 16:55:42**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 16:55:56**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 16:56:06**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Olalla Rodil Fernández e Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a grave situación de inseguridade no CRAPD I de Vigo pola acollida de usuarios con perfil dual no CRAPD I.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano pasado no CRAPD II de Vigo sucedéronse unha serie de feitos de extrema gravidade como consecuencia da convivencia, nese mesmo centro, de persoas con diferentes perfís. Logo dese suceso a Xunta de Galiza optou por cambiar á persoa implicada neste conflito, sen cuestionar a súa política de mestura de persoas con situacións de dependencia moi distinta. Algúns deles tan dispares como xuntar a persoas maiores, con maior ou menor grao de dependencia, xunto con persoas menores de 65 que chegan a través de emerxencia social ou de psiquiatría, que en moitos casos adoecen de patoloxías graves ou de drogo-dependencia, que derivan en problemas de agresividade.

Dada a falla de revisión destes protocolos, agora mesmo o problema volve a repetirse no CRAPD I de Vigo. Na actualidade neste centro conviven máis de 35 persoas que proceden de perfís totalmente distintos aos das persoas maiores, cos que comparten espazos comúns e incluso habitacións. De forma que na actualidade neste centro hai persoas maiores cun perfil máis débil e vulnerable que comparten espazo con persoas menores de 65 con problemas de agresividade explosiva e de drogo-dependencia. Tamén con pacientes psiquiátricos- que non reciben neste centro un





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

seguimento axeitado- ou con persoas procedentes de contornas penais, sen que teñan recibido un apoio de reinserción adecuado.

Neste centro son cada vez máis habituais e constantes os roubos e situacións de perigosidade, tanto para os usuarios como para o persoal traballador. Tanto é así que os episodios violentos son cada vez máis habituais. Ante esta situación a Xunta de Galiza debe tomar cartas no asunto de forma inmediata para acabar cunha situación que violenta a diario a usuarios e persoal e para evitar un suceso de maior gravidade que podería darse en calquera momento.

Cabe destacar que a pretensión deste grupo non é a de cargar a responsabilidade sobre as persoas que son derivadas a estes centros inadecuadamente, nin tampouco contribuír á súa estigmatización. Senón a de sinalar as eivas evidentes que presentan este centros para tratar adecuadamente as súas necesidades, así como os graves problemas que se xeran para o seu correcto funcionamento. Estas persoas que son derivadas a centros de maiores requiren dun tratamento sociosanitario específico, onde se lles poida atender con recursos suficientes, con persoal de apoio multidisciplinar, especializado e formado para tal fin.

Mentres a Xunta manteña esta política, estas persoas non reciben o apoio necesario e as persoas maiores e o persoal viven con medo. Persoas con menos de 65 con patoloxías graves e comportamentos complexos deberían contar e estar en centros sociosanitarios perfectamente preparados para atendelos adecuadamente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza ante os problemas que está xerando a acollida de usuarios con perfil dual no CRAPD I?





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**  
**Brais Ruanova Vilas-Boas**  
**Carmela González Iglesias**  
**Olalla Rodil Fernández**  
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 11/04/2024 17:01:24**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 11/04/2024 17:02:31**

**Carmela González Iglesias na data 11/04/2024 17:03:17**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2024 17:03:36**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

En novembro de 2022 a Xunta poñía en servizo o primeiro treito do desdoblamento da vía de altas prestacións Lugo-Monforte: un total de 11 quilómetros de autovía libres de peaxe entre A Pobra de San Xiao e o enlace de Sarria centro que supuxeron un investimento autonómico de 25 millóns de euros.

A posta en marcha deste treito de autovía, ademais de favorecer as conexións coa cidade de Lugo, beneficia especialmente aos veciños de Sarria, de Láncara e do Páramo, que ven acurtados os tempos de viaxe e desfrutan dunha conducción máis cómoda e segura.

A Xunta tamén traballa xa para completar o desdoblamento dos 16 quilómetros que restan entre A Pobra de San Xiao e Nadela, avanzando no seu obxectivo estratéxico de continuar co desenvolvemento de vías de altas prestacións libres de peaxe que melloren as comunicacións e a seguridade viaria e contribúan á vertebración e competitividade do territorio.

Precisamente o presidente da Xunta situou como un dos compromisos para os 100 primeiros días de Goberno novos avances na autovía Lugo-Monforte.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

En que situación se atopan os trámites para completar o desdoblamento do treito entre A Pobra de San Xiao e Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:16:15**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:16:39**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:16:51**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:17:03**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:17:29**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:17:40**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:17:53**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:18:23**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:18:43**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Manuel Golpe Acuña, Ramón Fernández Alfonso e Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a ampliación da declaración do BIC nas instalacións da Central Térmica de Endesa nas Pontes.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As recomendacións da Carta de Nizhny-Tagil sobre o Patrimonio Industrial (TICCIH 2003) establecen que as comunidades industriais que se vexan ameazadas por rápidos cambios estruturais deben ser apoiadas polas autoridades gobernamentais, para o que se deben elaborar procedementos de resposta rápida ao peche de sitios industriais importantes para previr a destrución ou o traslado dos elementos significativos; segundo a mesma, non deben escatimarse esforzos á hora de asegurar a consulta e a participación das comunidades locais na protección e a conservación do seu patrimonio industrial, que depende da preservación da integridade funcional, polo que as intervencións nun sitio industrial deben estar enfocadas a manter dita condición tanto como sexa posíbel, xa que o valor e a autenticidade dun sitio industrial poden verse enormemente reducidos ao extraérense a maquinaria/compoñentes ou ao destruírense os elementos secundarios que forman parte do conxunto dun sitio.

O peche da Central Térmica de carbón de Enel-Endesa en As Pontes foi solicitado en decembro de 2019, pasando logo polo proceso de impacto ambiental, primeiro nun intento errado por parte da propietaria de facer uso do procedemento simplificado, o mesmo que o resto de centrais en peche do Estado, que foi desestimado polo MITECO na súa Resolución de abril de 2021 obrigando ao sometemento dun





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

procedemento ordinario, a única central de todo o Estado, o que evidencia a súa singularidade, que rematou coa publicación da Declaración de Impacto Ambiental do seu desmantelamento en marzo de 2022.

Durante a tramitación ambiental foron varios os informes contrarios ao desmantelamento total e completo das instalacións, como o caso dunha das alegacións presentadas polo Concello das Pontes na que demandaba a conservación da infraestrutura do parque de carbóns. Tamén unha asociación de arqueoloxía industrial do ámbito estatal, en febreiro 2021, dende a base de que os diferentes elementos deben ter unha vinculación directa co proceso produtivo global (entrada de materias primas, proceso de xeración de enerxía eléctrica, e saída de produtos elaborados), unha singularidade, estética, facilidade de conservación, potencial para novos usos, interese social e cultural, e tamén testemuño tecnolóxico e do traballo, facía a proposta de conservación dalgúns dos elementos máis significativos deste ben patrimonial como o parque de carbóns (que podería usarse como chan industrial en actividades tales como viveiro de empresas, actividades industriais relacionadas con biomasa, diferentes propostas da Administración Local/Autónomica, actividades que requiran un gran espazo diáfano, como feiras, etc), unha torre de refrixeración (como espazo cultural, espazo expositivo de artes plástica: pintura, escultura, son, ...), a cheminea (como icona do patrimonio da Central, ascensor con vista panorámica, estación ambiental), a nave de turbinas (para un futuro centro de referencia e xestión deste patrimonio industrial, onde se recollería, entre outras cousas, computadores, pantallas pupitres e outros elementos da sala actual de control, antigos paneis de control do seu inicio nos anos 70, de existir, elementos de pequenas dimensións de características singulares e significativas no proceso produtivo da Central ao longo da súa historia, documentación e arquivo do proxecto orixinal en papel, posíbeis equipos informáticos utilizados durante o período de actividade -1972/2022-, pequenos elementos de interese como sensores, paneis de mando e control, testemuños orais dos traballadores, fotografías, etc), e unha parte da subestación de transformación de 400 kV (1 posición das 4 existentes, 1 transformador





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

de potencia, e un tramo de liña de alta tensión con polo menos 2 torres). A proposta de conservación parcial foi apoiada e complementada para profundar no seu significativo valor cultural industrial por parte dalgunha entidade local de referencia no ámbito dos estudos históricos e sociais.

A Xunta de Galiza, a traveso da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, subliñou en todo o procedemento ambiental, simplificado e ordinario, de xeito reiterado, que, segundo os criterios e definicións sinalados na Lei do Patrimonio Cultural de Galiza e no Plan Estatal de Patrimonio Industrial, parte das estruturas do conxunto fabril, poderían posuír as calidades e os valores propios do patrimonio industrial, polo que sería preciso un estudo concluínte en canto á caracterización do valor cultural dos inmobles (polo menos a cheminea e o conxunto que esta forma coas torres de refrixeración), a xustificación da súa eventual consideración como bens integrantes do patrimonio cultural de Galiza, e, de ser o caso, a protección e as medidas correctoras para a súa salvagarda; ao non realizar Endesa a análise/estudo demandado, o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural foi desfavorábel acerca da demolición da cheminea, cuestión que non tivo consideración algunha por parte do MITECO co argumento de que na data da resolución non constaba que se tivera iniciado ningunha tramitación respecto diso.

Na mesma liña que os pronunciamentos de conservación anteriores, mais nun senso máis amplo aínda ao enunciar a necesidade de conservar unha central térmica íntegra como testemuño do significado e da cultura do traballo como exemplo do ciclo completo da produción de enerxía a partir do carbón, tense pronunciado o Ministerio de Cultura -non consultado no proceso ambiental- a traveso do Grupo de Traballo da Comisión de Seguimento do Plan Estatal de Patrimonio Industrial do Instituto do Patrimonio Cultural de España, nun informe específico sobre do valor cultural das centrais térmicas en proceso de desmantelamento, en outubro 2022, que, logo de cualificar dito proceso como de “destrución masiva destas instalacións sen ter en conta





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

posíbeis vías de conservación que garantan a transmisión dos valores patrimoniais ás xeracións futuras, tal e como se establece na lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español”, facía propostas de conservación, administrativas e técnicas, como definir unhas pautas de recompilación e xestión da documentación das centrais, pór en coñecemento das administracións locais e dos propietarios as posíbeis vías de xestión e financiamento para a conservación dos elementos patrimoniais, e incluír nos plans de desmantelamento, nos concursos de transición xusta e nos proxectos Futur-e a vertente cultural/patrimonial de forma explícita para a posta en valor do patrimonio cultural como un importante activo á hora de fomentar a actividade económica e a empregabilidade da zona, e mitigar o impacto social e emocional.

Na actualidade, cunha autorización do MITECO para o peche da Central publicada en agosto de 2023, cunha fase de pre-desmantelamento iniciada e case que rematada, modificada en xaneiro de 2024 a Autorización Ambiental Integrada para establecer as condicionantes ambientais durante o seu desmantelamento, sen convenio de transición xusta, cunha paralización unilateral do Futur-e por parte de Endesa, con proxectos que, no mellor dos casos, non iniciarán a súa actividade no curto prazo, coa expectativa dun solo industrial nos terreos da Central para non antes do 2032 e sen que exista neste momento proxecto algún que os pretenda ocupar, coa previsión das convocatorias dos fondos da Transición Xusta até o 2027 e os PERTE até o 2026, e con todos os indicadores socioeconómicos en caída libre, a Xunta de Galiza ten incoado un procedemento para a declaración de Ben de Interese Cultural a cheminea da Central, que deberá rematar antes do 23 de xuño vindeiro, que obriga a Endesa como propietaria á súa conservación, mantemento e custodia debida e a evitar a súa perda, destrución ou deterioración, coa aplicación inmediata, aínda que provisional, do réxime de protección previsto no artigo 17.4 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galiza, cun contorno de protección configurado por unha área que circunscribe a cheminea a unha distancia de 45 metros do perímetro da súa base, fóra do cal considera compatíbeis o desenvolvemento doutras actividades industriais ou a súa integración en espazos libres





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

ou destinados a dotacións ou actividades públicas, sendo posíbel autorizar as restantes actuacións do desmantelamento.

Ademais, algunha entidade de referencia no ámbito da cultura galega, e á vista do xa comentado con anterioridade, estima que se debera ampliar os elementos a conservar, xa que segundo a Lei 5/2016 e coas recomendacións e cartas europeas, é mellor non desvincular todo o proceso industrial no que se integra, representar todos os valores, para que o proxecto que, xunto cos elementos da central térmica, se decidan patrimonializar, ben sexa na súa totalidade ou nalgunhas partes, sexa quen de evidenciar e comunicar a paisaxe industrial das Pontes, das instalacións mineiras e industriais e da maquinaria que se conserve, dos conxuntos urbanos e dos espazos naturais vinculados e utilizados pola Central e os seus traballadores, atendendo ás dimensións territorial, industrial, da enxeñería e arquitectura, material e inmaterial, tamén dende a mirada sociolóxica e antropolóxica en relación coa memoria do traballo, as relacións e os conflitos laborais en todo o proceso industrial a paisaxe industrial, a central térmica como patrimonio industrial e tamén como fito construtivo, o papel que xogou na industrialización do País nun pasado recente e no proceso de transformación da produción de enerxía en Galiza, xunto á súa relación coa sociedade contemporánea galega. E todo elo nun entorno, local ou veciño, no que as distintas tecnoloxías de xeración eléctrica e o seu desenvolvemento no tempo teñen a súa pegada e presenza.

As instalacións da Central das Pontes e o seu entorno son unha oportunidade para representar, analizar, evidenciar, socializar e facer rendíbel o papel que este tipo de patrimonio xogou no desenvolvemento industrial de Galiza e a necesidade da súa transformación cara a xeración de enerxías verdes, como entende a sociedade contemporánea actual este patrimonio e que relación de identidade mantén con el, a caracterización das paisaxes industriais, e a necesaria posta en valor destes patrimonios industriais. Débese, logo, considerar razoábel unha patrimonialización selectiva das Pontes como testemuño galego máis senlleiro dunha tecnoloxía enerxética altamente





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

explotadora do territorio e altamente contaminante, correspondente a un pasado recente, e facelo de xeito divulgativo e educativo, ademais de cultural e turístico, se cabe, mostrando a evolución da civilización industrial galega, no que é obrigada a implicación, cando menos, da propietaria Endesa e das distintas administracións públicas como parte integrante do órgano xestor, e o deseño e desenvolvemento dun plan de usos, xestión e conservación.

Galiza, como xa existe na maioría dos países, ten dereito a un Museo da Electricidade, e o lugar idóneo é As Pontes, non só polas instalacións da Central Térmica, senón tamén pola existencia doutras instalacións de xeración eléctrica que conforman un conxunto único.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza ampliar a declaración de Ben de Interese Cultural da cheminea da Central termoeléctrica das Pontes para que contemple tamén a inclusión do parque de carbóns, unha caldeira, a sala de turbinas, dúas torres de refrixeración próximas entre elas, e a sala de control, para integrar o Museo Galego da Electricidade?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**

**Ramón Fernández Alfonso**

**Mercedes Queixas Zas**

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**José Mael Golpe Acuña na data 11/04/2024 17:21:36**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 11/04/2024 17:24:25**

**Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2024 17:25:15**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

A finais de febreiro a Xunta poñía en servizo un novo treito da autovía Tui-A Guarda, neste caso, a conexión coa A-55 e co polígono de Areas, logo dun investimento autonómico de 26 millóns de euros.

É esta unha actuación moi demandada pola veciñanza e polo empresariado da zona, que vai permitir desprazamentos máis rápidos e seguros e contribuír á dinamización e competitividade do polígono de Areas, que conta cunha importante actividade industrial e económica.

O Goberno galego avanzaba así un novo paso no seu obxectivo estratéxico de continuar co desenvolvemento de vías de altas prestacións libres de peaxe que melloren as comunicacións e a seguridade viaria, tamén no Baixo Miño.

Precisamente o presidente da Xunta situou como un dos compromiso para os 100 primeiros días de Goberno novos avances no deseño dos treitos pendentes da autovía Tui-A Guarda, que xa se están materializando e que permitirán completar a autovía ata enlazar co treito xa en servizo, entre Goián e A Guarda.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Que avances e tramitacións está a realizar o Goberno galego para activar os treitos pendentes da autovía do Baixo Miño, Tui-A Guarda?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024







**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:25:17**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:25:33**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:25:44**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:26:04**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:26:30**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:26:37**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:26:45**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:27:10**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:27:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

A posta en marcha e o desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia supuxo un antes e un despois na prestación deste servizo e constitúe para o Goberno galego unha liña de actuación estratéxica, cuxa relevancia se pon de manifesto nos máis de 100 M€ de orzamento que consigna cada ano ao seu mantemento.

Tras a implantación e consolidación dunha medida pioneira e de gran calado social como é a tarxeta Xente Nova, que permite viaxar gratis nos autobuses da Xunta aos menores de 21 anos, o pasado 1 de xaneiro entrou en vigor una nova medida que outorga o mesmo trato aos maiores de 65 anos.

Razóns coma estas, así como o volume de recursos públicos que dedica ao seu financiamento, converteron a Galicia nun referente na España das autonomías en materia de transporte público.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Que balance fai o Goberno galego da implantación da gratuidade do transporte público autonómico para os maiores de 65 anos?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:32:59**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:33:21**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:33:40**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:33:57**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:34:22**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:34:30**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:34:39**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:34:50**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:35:03**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez,** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno.**

O presente mes de abril será determinante para o futuro desenvolvemento do Corredor Atlántico ferroviario, e máis concretamente no que ao noroeste peninsular se refire, posto que o Parlamento Europeo aprobará o novo regulamento da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T) que, entre outras cousas, fixará a planificación dos investimentos comunitarios previstos.

Pese a isto, o Goberno central, manifestando unha vez máis o seu desinterese por unha infraestrutura que é vital para o futuro de Galicia, non defendeu en Europa como prioritaria a conexión Vigo-Porto en alta velocidade e tampouco a inclusión nesta rede das liñas A Coruña-Ferrol e A Coruña-Lugo-Monforte de Lemos. De non rectificar, a decisión do Goberno de España suporá un grave prexuízo para os galegos.

Un desinterese por parte do Goberno de España que se fai patente tamén no feito de que desde 2019 esteamos agardando pola presentación do Plan Director do Corredor Atlántico.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Dispón o Goberno galego dalgunha previsión sobre cando ten pensado presentar o Goberno de España o Plan Director do Corredor Atlántico?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024.



**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:40:01**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:40:12**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:40:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:40:38**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:40:46**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:40:52**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:41:04**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:41:16**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:41:30**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López, Gonzalo Trenor López e Roberto Rodríguez Martínez** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

A futura estación intermodal da Coruña, no seu conxunto, será resultado da cooperación entre Xunta, ADIF e Concello, que mobilizarán un investimento global de 120 M€, dos que preto de 21 M€ son achegados pola Administración autonómica.

O Goberno galego estase a encargar da construción da nova estación de autobuses da intermodal da Coruña e executa, ademais, o aparcadoiro e os elementos comúns da estación do tren, que lle corresponde remodelar o Goberno central, a través de ADIF. O Concello da Coruña, pola súa parte, executará e financiará os accesos ás avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril.

A comezos do pasado mes de febreiro, o Consello da Xunta deulle o seu visto e prace á aprobación do proxecto básico modificado da terminal de autobuses da intermodal, que afecta tamén aos seus accesos, para poder incrementar nun 40% a capacidade do aparcadoiro ata superar as 550 prazas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Pleno:

En que estado se atopan as obras da estación intermodal da Coruña que lle corresponde executar ao Goberno galego?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024





**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:46:19**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:46:39**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:46:48**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:46:56**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:47:07**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:47:16**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:47:26**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:47:37**

**Gonzalo Trenor López na data 11/04/2024 17:47:47**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:48:22**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

Fomentar unha mobilidade máis verde é un dos obxectivos que se fixou o Goberno galego e que propiciou o desenvolvemento nos últimos anos dunha rede de itinerarios peonís e ciclista nas estradas de competencia autonómica de máis de 300 quilómetros de extensión a través do Plan de sendas de Galicia.

Nos últimos anos desenvolvéronse actuacións nas distintas comarcas para protexer os usuarios máis vulnerables das estradas, así como para contribuír á loita contra o cambio climático, itinerarios aos que se suman agora as sendas nos ámbitos das grandes cidades, ao abeiro do programa europeo dos Fondos Next Generation.

A Xunta está a impulsar estes grandes eixes de mobilidade sostible e segura nas contornas de cidades como Santiago de Compostela, Ourense ou Pontevedra, reservando este ano para este fin un orzamento de 15 M€.

A principios deste mes de abril iniciáronse as obras da senda entre O Milladoiro, en Ames, e a estación intermodal de Santiago de Compostela, que forma parte dun itinerario que de case 13 quilómetros que conectará O Milladoiro, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, a intermodal e o complexo administrativo de San Caetano, estando tamén en execución as obras no treito entre a estación intermodal e San Caetano.

Tamén se están desenvolvendo os traballos para conformar unha senda urbana de máis de 4 quilómetros na cidade de Ourense que comunicará os principais equipamentos, facilitando un percorrido sostible desde a estación intermodal ata Expourense; ao igual que se impulsa a transformación da antiga estrada entre Pontevedra e Marín, a PO-546 nunha gran senda peonil e ciclista.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:







En que estado se atopan as obras dos eixos de mobilidade sostible que se están a desenvolver nas cidades de Ourense, Santiago e Pontevedra?

Santiago de Compostela, a 11 de abril 2024.

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 18:02:24**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 18:02:44**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 18:03:07**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 18:03:30**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 18:03:42**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 18:03:53**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 18:04:03**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 18:04:16**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 18:04:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López e Roberto Rodríguez Martínez** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O Goberno central incumpriu sistematicamente todas as datas comprometidas para a entrada en funcionamento dos trens Avril, que permitirán que a alta velocidade ferroviaria chegue, ademais de a Ourense, a outras cidades galegas como, polo momento, Santiago, Vigo, Pontevedra e A Coruña.

A última data incumprida foi a de que empezarían a prestar servizos comerciais a finais do pasado mes de marzo. A día de hoxe, cando menos oficialmente, non hai nova data para que eses trens de rodadura desprazable poidan operar en Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en pleno:

Que valoración fai o Goberno galego do novo incumprimento por parte do Goberno central sobre a data de entrada en funcionamento dos trens Avril en Galicia e de que información dispón a este respecto neste momento?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024

## Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 18:09:57**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 18:10:16**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 18:10:27**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 18:10:41**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 18:11:03**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 18:11:16**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 18:11:23**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 18:11:34**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 18:11:57**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Daniel Castro García e Iago Suárez Fernández,** deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno,** sobre os contratos posdoutorais da Xunta para 2024.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de febreiro deste ano a Xunta de Galiza publicou no DOG a convocatoria de contratos posdoutorais con mudanzas a respecto das anteriores.

En primeiro lugar amplía a duración do contrato a 6 anos, como resultado das mudanzas introducidas na lexislación estatal, e suprimindo as dúas modalidades en que a Xunta viña dividindo anteriormente a convocatoria (A e B).

Porén, entre os cambios incorporados polo Goberno galego atópanse outros que foron criticados polo persoal investigador, organizado arredor de Investigal, ao considerar que son prexudiciais para a carreira investigadora, entre eles:

a) As bases exclúen da estabilización a persoas que conseguisen un contrato noutra convocatoria estatal ou que asinasen un contrato con algún centro de investigación estranxeiro o que impide o retorno de persoal investigador e deixando fóra perfís competitivos.

b) Na convocatoria correspondente á Secretaría Xeral de Universidades outórganse 25 puntos para aquelas propostas que se insiran en áreas que cada universidade considere como de particular interese. Para o persoal investigador, tendo





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

en conta que o proxecto investigador aspira a un máximo de 30 puntos, esta distribución supón unha distorsión dos contratos ao primar temáticas.

Desde o G.P. do Bloque Nacionalista Galego somos moi críticas coas convocatorias en materia de I+D do Goberno galego toda vez que non trazan unha carreira investigadora completa en todas as súas etapas e que, de facto, Galiza non conta cun programa de retención, captación e retorno de talento á altura das súas necesidades.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para trazar unha carreira investigadora completa en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Daniel Castro García**

**Iago Suárez Fernández**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2024 18:14:23**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Daniel Castro García na data 11/04/2024 18:15:05**

**Iago Suárez Fernández na data 11/04/2024 18:16:20**



## Á Mesa do Parlamento

**Carmen María Pomar Tojo, María Martínez Allegue, Javier Arias Fouz, José Manuel Balseiro Orol, José Silvestre Balseiros Guinarte, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Victoria Núñez López, Raúl Santamaría González e Roberto Rodríguez Martínez** deputada e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en pleno**.

O Plan de Saneamento Local da Ría de Arousa elaborado pola Xunta puxo de manifesto un funcionamento deficiente da rede de saneamento do concello de Vilagarcía pola entrada á rede de auga de mar e pola achega de pluviais. Constatou, ademais, un exceso de sólidos na rede que producen obstrucións e que os colectores teñen unha capacidade hidráulica insuficiente.

Como consecuencia destas deficiencias, prodúcese verteduras ao medio e inundacións de augas residuais en distintos puntos da rede.

Para resolver estes problemas, e en apoio ao Concello nas súas competencias municipais de saneamento e depuración, a Xunta está a executar obras de mellora na rede de saneamento por importe de máis de 10 M€, que tamén financia integramente.

Ademais, está a impulsar outra importante actuación para a mellora da depuradora á que destinará un investimento de 23 M€.

Co propósito de coñecer polo miúdo os detalles das obras que se van a acometer nesta ría os deputados e deputadas asinantes formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta en pleno:

En que estado se atopan as obras que está a executar o Goberno galego en Vilagarcía de Arousa para mellorar o sistema de saneamento municipal?

Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2024



**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Pomar Tojo na data 11/04/2024 17:55:47**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 17:55:59**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 17:56:07**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/04/2024 17:56:21**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 11/04/2024 17:56:31**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:56:38**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:56:47**

**Raúl Santamaría González na data 11/04/2024 17:57:02**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:57:16**

**Roberto Rodríguez Martínez na data 11/04/2024 17:57:32**





## Á Mesa do Parlamento

**Rubén Lorenzo Gómez, Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a folia de ruta deseñada para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao na universidade pública galega.

Galicia sitúase hoxe como unhas das comunidades autónomas coa universidade máis accesible de España. Todo iso grazas ás achegas do Goberno galego e o esforzo conxunto que hai detrás da configuración e financiamento do noso Sistema Público Universitario.

De feito, Galicia foi pioneira na conxelación dos prezos da universidade, hai xa máis dunha década, o que supón apostar por un modelo que se traduce nun aforro de entre 16 e 20 millóns de euros anuais para as familias galegas.

Para seguir avanzando nesta dirección, e facer o ensino superior 100% gratuíto para todo o alumnado que aprrobe curso por ano, unha das medidas avanzadas no programa electoral do PPdeG foi a implantación das matrículas universitarias gratuítas.

A gratuidade da primeira matrícula que calquera alumno de grao, en calquera curso que formalice nas institucións académicas públicas galegas, é unha medida que, prevese poida beneficiar a uns 50.000 alumnos universitarios e sería novidosa en toda España.

Esta iniciativa, do Executivo que preside Alfonso Rueda, redunda no compromiso do Goberno galego por un ensino accesible que reconece o esforzo, a preparación e a excelencia do alumnado galego.





Os galegos avalaron coa súa confianza un goberno que crea novas oportunidades para a xente nova, para que poidan chegar onde desexen sexa cal sexa a súa orixe e sen condicionamentos económicos. Así, cando esta medida se concrete, o sistema educativo público en Galicia sería gratuíto desde a primeira etapa de infantil aos estudos superiores.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao na universidade pública galega?

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 10/04/2024 10:23:16**

**Gabriel Alén Castro na data 10/04/2024 10:23:34**

**Javier Arias Fouz na data 10/04/2024 10:23:48**

**María Sol Díaz Mouteira na data 10/04/2024 10:24:06**

**Patricia García González na data 10/04/2024 10:24:21**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 10/04/2024 10:24:31**

**María Martínez Allegue na data 10/04/2024 10:24:39**

**Raúl Santamaría González na data 10/04/2024 10:24:51**

**Borja Vereza Fraiz na data 10/04/2024 10:25:00**



## Á Mesa do Parlamento

**Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereza Fraiz,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno**

### Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer os pasos a seguir en relación coa candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial coa vista posta no 2026.*

A 94ª sesión do Consello do Patrimonio Histórico Español, que tivo lugar na cidade da Palma, acordou -por unanimidade- que a candidatura *Paisaxe da auga: Ribeira Sacra* sexa a proposta conxunta de España para a súa presentación ante a Unesco e optar así a ser recoñecida como Patrimonio Mundial.

Este órgano consultivo estatal, formado polo Goberno de España e as comunidades autónomas, valorou moi positivamente a proposta promovida pola Xunta de Galicia á que se referiu como “un exemplo de resistencia e calidade que serve de inspiración para todo o Estado”

Esta decisión ademais dun grande orgullo para Galicia supón un antes e despois para este extraordinario territorio do interior de Galicia que abarca unha grande extensión situada ao sur da provincia de Lugo e ao norte de Ourense, que abarca 22 municipios e 16.000 hectáreas.

En Galicia nunca deixamos de crer nas posibilidades da Ribeira Sacra para inscribirse na Lista de Patrimonio Mundial e, sen lugar a dúbidas, a confirmación da candidatura é unha moi boa noticia para todos, porque supón poñer en valor e protexer este territorio, que hoxe é un espazo máis vivo, máis coidado e máis recoñecido e como tal constitúe un gran reto de país.



Cómpre facer un recoñecemento expreso ao traballo do equipo técnico redactor da candidatura e á implicación moi forte por parte de poboación local, técnicos, axentes, concellos, deputacións e entidades que se sumaron a este proxecto, apoios que foron básicos para a candidatura promovida pola Xunta de Galicia acadase este primeiro obxectivo.

Agora a candidatura seguirá completándose de cara a súa avaliación pola Unesco e coa vista posta no 2026.

É polo que, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- Cales son os seguintes pasos que se van a dar por parte da Xunta de Galicia en relación coa candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 11/04/2024 16:37:55**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 16:38:27**

**Gabriel Alén Castro na data 11/04/2024 16:39:31**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 16:39:55**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/04/2024 16:40:22**

**Patricia García González na data 11/04/2024 16:40:39**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2024 16:41:04**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 16:41:16**

**Raúl Santamaría González na data 11/04/2024 16:41:30**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2024 16:48:17  
Nº Rexistro: 1581  
Data envío: 11/04/2024 16:48:17.559

Borja Verea Fraiz na data 11/04/2024 16:41:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Cristina Sanz Arias, Victoria Núñez López, Gabriel Alén Castro, Martina Aneiros Barros, Enrique Barreiro Sánchez, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez e José Manuel Mato Díaz**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente** para a súa resposta oral en **Pleno**

### Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer as novidades en relación co proxectos da biofábrica de fibras téxtiles que a multinacional Altri proxecta en Palas de Rei e que está declarada como proxecto industrial estratéxico para Galicia*

Nas últimas semanas, determinadas forzas políticas están a realizar afirmacións non contrastadas en torno ao proxecto de Altri en Palas de Rei que non fan máis que xerar alarma entre a poboación e poñer en risco proxectos industriais e enerxéticos transformadores que contribúen a xerar emprego e riqueza na nosa comunidade e, polo tanto, a mellorar a vida das galegas e dos galegos.

Unha postura que difire coa adoptada hai anos cando, por unanimidade, no Pleno do Parlamento galego se solicitaba a posta en marcha deste proxecto estratéxico en Galicia e diferentes responsables políticos, como por exemplo os entón alcaldes de Ribadeo, Oourol ou Viveiro, reclamaban a instalación do proxecto no seu territorio.

Un proxecto industrial que en decembro de 2022 foi declarado como estratéxico polo Consello da Xunta, xa que superaba o investimento mínimo de 20 millóns de euros e a creación mínima de 100 postos de traballo. E, ademais, cumpría co requisito de que as iniciativas deben complementar cadeas de valor, pertencer a sectores estratéxicos ou estar aliñados cos obxectivos da Unión Europea ou integrarse no financiamento dos Next Generation.

No marco destes fondos, todos os grupos parlamentarios tamén solicitamos ao Goberno central celeridade na xestión e ademais para o financiamento dos proxectos industriais transformadores pendentes de desenvolvemento na nosa Comunidade, así como o avance na transferencia e na capacidade de xestión directa dos fondos asignados a Galicia. E dous de nós solicitamos expresamente ao Goberno de España que cumprise co seu compromiso de garantir o financiamento necesario para a implantación da fábrica da multinacional lusa Altri, no Concello de Palas de Rei, a través dos fondos Next Generation.



A máis afondamento, no último período ordinario da XI Lexislatura, o Goberno galego contestou no Parlamento de Galicia dúas preguntas orais sobre a situación na que se atopaba o proxecto de Altri que, na actualidade, e despois de recibir a documentación necesaria, a Administración autonómica vén de expor a información pública a solicitude de autorización ambiental integrada, o estudo de impacto ambiental e a declaración de utilidade pública.

Polo tanto, este proxecto industrial, como outros moitos, está sometido a unha tramitación ambiental absolutamente garantista por parte de Administración autonómica e non se entende ese xiro de 180 grados dalgunhas formacións políticas sen esperar os correspondentes informes técnicos do persoal experto na materia.

Galicia debe darlle a benvida a todo investimento que cree emprego e riqueza sempre e cando respecte a nosa contorna e cumpra escrupulosamente coa lexislación vixente. O Partido Popular, en consecuencia, estará vixiante de que se leve a cabo esa convivencia entre desenvolvemento industrial e conservación do medio ambiente.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta en Pleno:

- Que novidades pode achegar o Goberno galego ao respecto deste proxecto?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Cristina Sanz Arias na data 11/04/2024 17:44:38**

**Victoria Núñez López na data 11/04/2024 17:45:02**

**Gabriel Alén Castro na data 11/04/2024 17:45:30**

**Martina Aneiros Barros na data 11/04/2024 17:45:33**

**Enrique Barreiro Sánchez na data 11/04/2024 17:46:18**

**María Deza Martínez na data 11/04/2024 17:46:23**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2024 17:46:45**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO  
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 11/04/2024 17:52:06  
Nº Rexistro: 1611  
Data envío: 11/04/2024 17:52:06.744

Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 17:46:50

José Mato Díaz na data 11/04/2024 17:47:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





## Á Mesa do Parlamento

**Rubén Lorenzo Gómez, Gabriel Alén Castro, Javier Arias Fouz, Marisol Díaz Mouteira, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Raúl Santamaría González e Borja Vereá Fraiz, deputadas e deputados Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.****

### Xustificación da urxencia

*A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer a folia de ruta deseñada para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao na universidade pública galega*

Galicia sitúase hoxe como unhas das comunidades autónomas coa universidade máis accesible de España. Todo iso grazas ás achegas do Goberno galego e o esforzo conxunto que hai detrás da configuración e financiamento do noso Sistema Público Universitario.

De feito, Galicia foi pioneira na conxelación dos prezos da universidade, hai xa máis dunha década, o que supón apostar por un modelo que se traduce nun aforro de entre 16 e 20 millóns de euros anuais para as familias galegas.

Para seguir avanzando nesta dirección, e facer o ensino superior 100% gratuíto para todo o alumnado que aprobe curso por ano, unha das medidas avanzadas no programa electoral do PPdeG foi a implantación das matrículas universitarias gratuítas.

A gratuidade da primeira matrícula que calquera alumno de grao, en calquera curso que formalice nas institucións académicas públicas galegas, é unha medida que, prevese poida beneficiar a uns 50.000 alumnos universitarios e sería novidosa en toda España.





Esta iniciativa, do Executivo que preside Alfonso Rueda, redonda no compromiso do Goberno galego por un ensino accesible que reconece o esforzo, a preparación e a excelencia do alumnado galego.

Os galegos avalaron coa súa confianza un goberno que crea novas oportunidades para a xente nova, para que poidan chegar onde desexen sexa cal sexa a súa orixe e sen condicionamentos económicos. Así, cando esta medida se concrete, o sistema educativo público en Galicia sería gratuíto desde a primeira etapa de infantil aos estudos superiores

É polo que, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

1. Cal é o calendario previsto para a implantación da gratuidade das primeiras matrículas de grao na universidade pública galega?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/04/2024 18:14:52**

**Gabriel Alén Castro na data 11/04/2024 18:15:47**

**Javier Arias Fouz na data 11/04/2024 18:16:41**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/04/2024 18:16:59**

**Patricia García González na data 11/04/2024 18:17:44**

**Dolores Hermelo Piñeiro na data 11/04/2024 18:17:58**

**María Martínez Allegue na data 11/04/2024 18:18:07**

**Raúl Santamaría González na data 11/04/2024 18:18:18**

**Borja Vereza Fraiz na data 11/04/2024 18:18:25**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2024 17:08:03  
**Nº Rexistro: 1827**  
Data envío: 15/04/2024 17:08:03.024

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López**, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** urxente en **Pleno**.

## XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o **Goberno galego** dea resposta sobre unha iniciativa empresarial na nosa terra de imperiosa actualidade.

Ten previsto a Xunta de Galicia financiar con fodos propios o proxecto de Altri?

Santiago de Compostela, 15 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Iglesias Rey na data 15/04/2024 17:02:47**

**Lara Méndez López na data 15/04/2024 17:03:00**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3751

@PSdeG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, sobre a necesidade de que a Xunta interveña en defensa da Ría do Burgo (A Coruña) e do sector marisqueiro ante a finalización inminente das obras de dragaxe e rexeneración.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta interveña canto antes en defensa da Ría do Burgo e das mariscadoras e mariscadores ante a finalización inminente das obras de dragaxe e rexeneración.

### Exposición de motivos

As actuacións de dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo finalizarán completamente o vindeiro 26 de abril, momento no que se procederá a sementar o marisco coas catro especies propias deste espazo (berberecho e tres variedades de ameixa).

Con todo, será necesario esperar un período de entre 18 e 24 meses para que se restaure a capacidade produtiva da Ría do Burgo e as persoas traballadoras no marisqueo poidan volver vivir do seu traballo. a actividade marisqueira, agora interrompida polas obras de dragaxe.

Estamos a asistir ao peche dun ciclo de reclamación e defensa social da rexeneración da Ría do Burgo de máis de dúas décadas nunha carreira de fondo que por





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

fin conclúe como un éxito colectivo, social e medioambiental. Mais, custa entender como aínda neste momento voltan amezar novas sombras sobre a Ría do Burgo e mais sobre quen a traballa.

Por unha banda, os mariscadores acaban de presentar un informe onde dan conta de que, vulnerando o Estudo de Impacto Ambiental, as obras de dragaxe eliminaron o 40 % do banco marisqueiro do Carniceiro, un dos máis ricos, o que supón unha grave alteración para o hábitat da ría e para a posterior produción marisqueira, da que procederán a dar conta perante a Unión Europea, entidade emisora dos fondos para adragaxe e rexeneración da Ría do Burgo.

Pola outra, non se están a dar as condicións, por parte do titular da obra, que garantan unha boa semente das catro especies de marisco, o que levou a Xunta a denegar a autorización.

E, finalmente, as administracións non están a dialogar para negociar a continuidade da protección económica das traballadoras e traballadores da Ría do Burgo como medida compensatoria mentres non poidan volver vivir do seu traballo nesta.

Por todo iso, os mariscadores reclaman ao Ministerio e á Xunta entendemento e colaboración para, mediante un novo convenio, manter as compensacións económicas aos mariscadores desde que se realice a semente de bivalvos até que estes alcancen o tamaño comercial regulamentario para poder extraelos e a confraría poida retomar a súa actividade, isto é, entre 18 e 24 meses.

Neste momento, urxe, pois, clarificar a correcta entrega das obras, así como supervisar o completo e adecuado proceso de semente das especies e garantir un novo convenio con compensacións económicas para os mariscadores e mariscadoras da Ría do Burgo mentres non volte ser produtiva.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza co goberno do Estado para impulsar un novo convenio que permita prorrogar as compensacións económicas para o sector marisqueiro da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 15/04/2024 17:19:53**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Rosana Pérez Fernández**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa ás actuacións do Goberno galego para paliar as perdas económicas dos traballadores e traballadoras do mar afectadas polas intensas choivas deste outono-inverno e para a recuperación produtiva das rías galegas.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que a Xunta de Galiza actúe canto antes diante das perdas económicas dos traballadores e traballadoras do mar e da situación das rías afectadas polas choivas deste outono-inverno.

### Exposición de motivos

No mes de outubro do pasado ano comezaron unha sucesión de temporais e de abundantísimas precipitacións que continuaron durante todo o outono, o inverno e aínda persisten.

O impacto que estas condicións climatolóxicas tivo nos bancos marisqueiros das rías galegas foi brutal e, sumado ao devalo produtivo continuado dende hai máis dunha década, provocou mortaldades masivas de marisco, peches de innumerábeis bancos, fracaso da campaña de nadal -a máis importante do ano para o sector-, inactividade e perda inxente de ingresos a miles de persoas, ertes nunha morea de confrarías e, en definitiva, unha situación extrema que, máis que nunca, precisaba de amparo e cobertura por parte da administración competente e dunha actuación áxil e eficaz.

Pola contra, a Consellaría do Mar, despois de negarse a tomar medidas solicitadas reiteradamente por este Grupo Parlamentar, reaccionou a finais de decembro,





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cando a desfeita era máis que evidente e as zonas máis afectadas levaban xa case tres meses abandonadas á súa sorte.

E non foi ata o mes de febreiro, e en plena campaña electoral, cando a Consellaría efectúa un pago de 550 euros a parte dos mariscadores e mariscadoras afectadas. Foi o único e mesquiño apoio que recibiron da Xunta de Galiza dende outubro, e só nalgúns casos, cando a día de hoxe aínda as praias están arrasadas, seguen sen actividade miles de persoas e tamén sen expectativas de retomala a curto prazo para poder comezar a recuperar as rendas do seu traballo.

A estas alturas, o sector xa nada agarda da Consellaría que ten as competencias exclusivas en marisqueo, mais continúan sendo imperiosas as necesidades para que o abandono da actividade non medre aínda máis e, sobre todo, para a recuperación e potenciamento dos bancos marisqueiros.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai levar a cabo o Goberno galego para garantir unha renda mínima aos traballadores e traballadoras do mar afectadas polas persistentes chuvias dende outubro e evitar a perda de postos de traballo no sector?

Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Deputada do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Rosana Pérez Fernández na data 15/04/2024 17:56:30**





**Grupo  
Parlamentario  
Socialista**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 15/04/2024 18:00:12  
**Nº Rexistro: 1838**  
Data envío: 15/04/2024 18:00:12.450

## Á MESA DO PARLAMENTO

**José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.**

Sr. presidente, ten vostede previsto cambiar as liñas estratéxicas en materia económica e industrial de Galicia na presente lexislatura?

Santiago de Compostela, 15 de abril do 2024

**Asinado dixitalmente por:**

**José Ramón Gómez Besteiro na data 15/04/2024 17:59:46**

**Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego**

 [gp-socialista@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.gal) /  981.55.15.30

3758

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo**, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **pregunta** dirixida ao **presidente da Xunta** para a súa **resposta oral en Pleno**.

*Sr. presidente, que medidas vai tomar o seu goberno en aras da rexeneración democrática?*


Santiago de Compostela, 15 de abril de 2024

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**  
Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/04/2024 18:09:14**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-3QHR2XWq-4  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

